

Caldelas líder ourensán en creación de emprego



Páxina 22

A progresiva incorporación de novos pensionistas con cotizacións moderadas fai que Terra de Caldelas sexa unha das catro

comarcas ourensás onde crece máis o poder adquisitivo dos xubilados. Montederramo está entre os sete concellos ourensás máis

xeradores de emprego. Alcaldes e empresarios coñeceron os datos do Observatorio Económico da Deputación.

Área
Metropolitana
de Vigo
encarrilada

Páxina 4

Silvia Jato
pregoeira
da XXXVI Feira
do Viño,
de Amandi

Páxina 9

Eurocidade
Chaves-Verín
entrou no EIXO
ATLÁNTICO
do Noroeste
Peninsular

Páxina 4



Terra de Montaña
Destino Turístico

Montederramo

www.concellodemontederramo.org
T. 988 29 20 00



Opinión

Cadernos da viaxe


Por: Xoán Antón Pérez-Lema L.

Malia a presenza do alcalde coruñés, Xulio Ferreiro, na nosa Galicia non tivo un grande impacto a presentación por parte do antigo ministro de Finanzas grego, Iannis Varoufakis da súa proposición DIEM25 ("Por unha Europa democrática no 2025"). Unha proposta paneuropea, de estricte participación individual e que proclama a necesidade dun proceso constituínte europeo para garantirmos a transparencia e a democracia na Unión, diante da actual deriva oligárquica e errática que ameaza, segundo o grego con "desfacer Europa e levarnos a unha situación semellante á do fascismo dos anos 30."

Falta a verdade quen ve extremismo nunha proposta común europea que bebe de fontes humanistas e democráticas. O propio Varoufakis non é un marxista. É un nekeynesiano de alicerces filosóficos e idelolóxicos semellantes aos dos Nobel de Economía Stiglitz e Krugman, que adhíren esta proposta. En realidade, esta súa chamada a unha acción global europea para salvarmos a idea da Unión e, quizais, a propia existencia da Europa democrática e humanista que coñecemos, debeu ser a chamada dos socialdemócratas e de boa parte dos liberais demócratas polo menos no 2007. Incribel o despiste político no

que seguen instaladas estas dúas familias políticas europeas, pois canda a democracia cristiá do Welfare State que distinguíu o que ben podíamos chamar

A Proposta Europea de Varoufakis



the european way of life.

Mais non só periga o Estado do Benestar na Europa, senón a propia gobernanza democrática. Porque as forzas oligárquicas multinacionais, os axentes da economía financeira, os chamados mercados, aproveitaron moi ben as carencias institucionais da construción europea, cun Parlamento e unha Comisión moi limitados nas súas funcións, unha clara preponderancia do Consello de Ministros, que representa aos Estados e dun Banco Central Europeo que só resposta perante Deus e a Historia. Os mercados gobernan na Europa polo seu déficit democrático. Velaí o acerto de Varoufakis ao definir o eixo do seu discurso. Por unha Europa democrática e transparente.

Velaí a grande novidade de Varoufakis; propór unha axenda europea compatíbel coa axenda de cadansúa nación (no noso caso Galicia) ou territorio e que nos obriga asumir que Europa é unha das nosas identidades e dos nosos referentes. Porque compre pensar e actuar tanto global como localmente.



A viaxe a ningures de Pedro Sánchez

O pacto do PSOE con C's que aprobou este sábado a afiliación socialista, malia a abstención dunha metade da mesma, constitúe máis un sinal ca un camiño de goberno, xa que está condenado á derrota parlamentaria. A investidura de Pedro Sánchez non será posíbel, ao só votar a prol os 131 deputados laranxas, socialistas e os dous canarios de CC e NC. Abrirase, entón, o sábado un período de dous meses para acadar outro candidato, que semella moi difícil de xurdir. Despois, habería eleccións o 26 de xuño.

Máis o pacto é sinal de cousas que están a pasar. Curiosas, cando menos senón moi significativas. O PSOE emenda de totalidade o seu programa electoral socialdemócrata e asume propostas nidiamente de centro-dereita, renunciando a medidas (revisión das contrarreformas local, laboral, educativa e de seguranza cidadá do PP) que son de amplo consenso nos ámbitos políticos progresistas de todo o Estado. Deste xeito, reconece nidiamente que son os das portas xiratorias, os Felipes, Guerras e Rubalcabas, as persoas que mandan no partido.

Seica o PSOE renuncia definitivamente á socialdemocracia.

Para máis, o PSOE ratifica de vez a súa inanidade fronte ao problema da plurinacionalidade de España e lle merca a C's a súa visión centralista, como sempre tendeu mercárllela ao PP. O PSOE amosou non ter alternativa ao xacobinismo paifoco do PP e de C's. Velaí a participación tan baixa que a consulta socialista obtivo no PSC.

Canto a Pedro Sánchez, é evidente que se reforzou no curto prazo. Mesmo garantiuse ser o candidato nunhas cada vez máis probábeis eleccións no verán. Mais deixar o amplo espazo do centro-esquerda a outros vaille custar, ao mellor de xeito definitivo, o carácter de referente dese espazo político, onde se sitúa a meirande parte da cidadanía, que refuga frontalmente das resultas da lexislatura do PP.

Ese amplo espazo cidadán pedía un Goberno de progreso. E Pedro Sánchez non soubo, non quixo ou non puido dállelo. De aquí a xuño Pedro Sánchez gastará o crédito que gaña estes días e o PSOE ficará máis preto de ser secundario nas preferencias dos sectores sociais progresistas.

O documento do PSOE é "unha chantaxe de última hora para mercar seis votos"

"Gustaríanos que trala proposta do PSOE houberse unha vontade real e non entendemos que veñan a última hora con estas medidas coma unha chantaxe para mercar os nosos votos", Alexandra Fernández, voceira de En Marea.

Un recital de boas intencións e palabras ocas que non amosan un compromiso firme e global cos problemas específicos de Galicia. Así valoran as deputadas e deputados de En Marea o documento de 17 páxinas que esta mañá lles remitiu o PSOE como un "ofrecemento ás forzas progresistas e de esquerdas".

Para En Marea, os sectores estratégicos de Galicia requiren ser tomados en serio, con medidas concretas e mecanismos que garantan que calquera goberno de cambio as porá en marcha, non declaracións de intencións vagas e abstractas, moitas delas incompatibles co acordo económico que acaban de pactar con Ciudadanos. "O documento que recibimos hoxe non nos parece serio porque é cun corta e pega doutros documentos no que se agochan certas cuestións que lle son molestas. Tampouco di nada acerca de propostas de En Marea como a apertura dunha comisión de investigación sobre o accidente do Alvia e as medidas que plantexa sobre Galicia son xeneralidades que non se concretan en

nada", sinalou Alexandra Fernández antes de entrar á Xunta de Portavoces no Congreso dos Deputados. As deputadas e deputados de En Marea celebran que o PSOE manifeste, agora, certa preocupación por temas que levan semanas sobre a mesa e agardan que a vontade de solucionar problemas tan graves coma os que afectan ao cerco, ao naval, ao sector lácteo ou a ENCE vaia máis alá dunha chantaxe de última hora para facerse con seis votos máis. "No caso de ENCE, en vez de anunciar a cancelación da prórroga, fala dunha posible revisión. Temos claro que os seis deputados de En Marea non estamos aquí para que se compren os nosos votos nas rebaixas. Non sabemos en que se concreta economicamente nada do que nos propón e resúltanos incompatible pactar un acordo con Ciudadanos en materia económica mentres se

obvia a reforma fiscal que propoñemos", denunciou a portavoz de En Marea.

"A xente non está para máis teatro. O papel aguanta de todo, a xente non. O PSOE segue tendo que decidir se quere unha gran coalición con Ciudadanos ou se realmente quere unha coalición de cambio. E nós seguiremos mantendo que En Marea segue aberta a negociar atendendo a tres aspectos: os cambios que necesita o conxunto do grupo confederal, coordinados cos compañeiros do grupo confederal, as cuestións concretas para Galicia e con garantía dun goberno plural. E seguimos ofrecéndolle diálogo ao PSOE, pero que sexan serios, que non nos manden propostas mal feitas a última hora para facer chantaxe cos nosos votos e cos electores que votaron esta candidatura", concluiu Alexandra Fernández.



Por: Guillermo Rodríguez

Director



Non habemos Pedro!!

Escribimos para vostedes estas reflexións logo de escoitar o discurso, seica de investidura, do candidato socialista Pedro Sánchez, que finalmente non saíu. Conseguiu 130 votos e precisaba 176. Só tivo unha abstención dos canarios; os grupos restantes (agás Ciudadanos, que asinara un acordo con Pedro Sánchez), votaron todos en contra..

Presentouse no Parlamento cun discurso que el mesmo calificou de indiscutible; que non podía ser rexeitado polas forzas políticas que din estar por un cambio neste país.

De entrada parécenos unha falta de respecto total. Atreverse a condicionar o voto dos demais partidos ao feito, segundo súas palabras, de que o peor que asinara con Ciudadanos era mellor que deixar gobernar ao PP resulta, dende todos os puntos de vista insultante. Algo así como aquel rei francés que dixerá “despois de min o diluvio”.

Debullou polo miúdo toda unha serie de medidas que, insistiu unha e outra vez coma un mantra, podían poñerse en marcha a semana que ven. Maior velocidade imposible. Claro que tamén recoñeceu que os votos socialistas e os de Ciudadáns sós non teñen nada que facer, igual que o PP só tampouco podería facer nada. Como se pode comprobar o voto de cada cidadán ten un valor moi superior ao que habitualmente lle damos. Nestes momentos estase vendo como se os socialistas foran apoiados por un millóns máis de cidadáns do país, seguramente terían unha ducia ou máis de votos no Parlamento. Non foi así; como tampouco foi así para as demais forzas políticas, por iso Pedro Sánchez laíouse unha e outra vez que as matemáticas non lle daban.

Pedro Sánchez quere, pero os votos son os votos e con 90 deputados non pode facer revolución algunha, aínda que,

talo como lle explicou tanto Pablo Iglesias como Garzón, o programa de goberno que presentou nada tiña de revolucionario. Era puro marketing político; apenas modificaba algo insustancial. Cambios ambiguos para que nada cambie.

Os grupos políticos que for-

sinuaron que poderían apoialo pero con outros vimbios que lle faltaban a cesta que Pedro Sánchez levou ao Congreso.

Para os cataláns independentistas e soberanistas obviamente o discurso do candidato non ía con eles. Pedro Sánchez díxolles que el

referendo para poder expresar claramente se queren ou non seguir xunguidos ao resto do Estado.

Mariano Rajoy seguiu co seu discurso da gran coalición, afeando ao candidato socialista que fora ao congreso cun programa de goberno que sabía non ía a ningures. El se-

cos e demais colegas que, como moi ben dixo Garzón, son quen manda na Cámara utilizando a certos deputados coma testaferrós dos seus intereses.

Con este panorama chegouse á votación co resultado coñecido. Todos en contra, unha abstención e os 40 votos de Albert Rivera, asinante do acordo, a favor.

Que vai pasar agora? Ben, poden pasar moitas cousas. Non é probable que o próximo venres, día da segunda votación, cambie nada. Pode que nos dous meses seguintes antes de verse obrigados a que se convoquen novas eleccións, poida obrarse algún tipo de milagre e remate nun goberno; ben a gran coalición de marras (PP-PSOE – C’s), ou ben os socialistas acepten negociar con Podemos, PNV, e os cataláns da ex Convergencia e cheguen a xuntar os 176 votos ou convencer a Ciudadáns que, sen entrar no reparto, se absteña.

De momento seguimos cun Goberno en funcións que, nesa especial situación que debería respectar sin tomar decisión de calado político, ven de ampliar por 40 anos máis a presenza de ENCE na Ría de Pontevedra. Está claro para quen traballa un goberno de dereitas coma o que levamos sufrido estes últimos anos. Para cambiar esa dinámica de goberno os socialistas non poden aliarse cun partido que é unha marca branca do PP.

Claro que a ninguén lle convén unhas novas eleccións que, seguramente, só beneficiarían a Podemos, porque ata agora é o único partido que non cambiou o discurso e que segue dicíndolle a Pedro Sánchez que eles son os chamados a formar goberno. Outra solución nada solución.

Que pasará o venres? Que vai pasar no tempo despois durante os dos meses de prórroga?



man parte de Podemos (os cataláns e os galegos) dixéronlle claramente que o acordo de goberno con Ciudadáns non respostaba ás ne-

non ía facer nada que forzase a Constitución nin que rompera o Estado Español. Isto, claro, a Esquerra Republicana, por exemplo, sóalles alleo

guía a espera que Pedro Sánchez fracasase, como así foi, coa esperanza a de poder retomar algún tipo de acordos, co mozo malabarista catalán



cesidades dos seus respectivos territorios. O vascos do PNV foron os máis contemplativos. Mostráronse dispostos a falar e incluso in-

totalmente. Eles xa están noutro partido e, quizais, se molestarían a falar de algo se ese algo tivera como resultado permitir aos cataláns un

como ungüento de Fierabrás, é rematar nesa gran coalición que están esperando os do IBEX 35, as multinacionais, as empresas enerxéticas, ban-

Galicia

Redacción de VIGO

Por Sabela Rodríguez

Acordo político histórico para poñer en marcha a Área Metropolitana de Vigo



Logo de sete meses de intensos encontros e desencontros, as negociacións e as cesións dos últimos meses entre as partes implicadas deron como resultado a luz verde ao que será o primeiro gran ente supramunicipal que se poña en marcha en Galicia. Comezará con 14 concellos, os que conforman na actualidade a Área, e entre as primeiras decisións está prevista a de dar entrada aos diferentes municipios que o solicitaron, que nestes momentos son oito pero que poderían ser máis.

O acordo político chegou no mes de febreiro de 2016, trala reunión mantida entre os 14 concellos que compoñen a actual Área e o vicepresidente da Xunta, Alfonso

Rueda en Vigo. Tanto Rueda como Abel Caballero, alcalde olívico, aseguraron, ao remate do encontro, que non haberá “marcha atrás”. Foron sete meses de xuntanzas nas que os rexedores e a Xunta de Galicia foron limando as súas asperezas para consensuar un texto no que se recolle como será e como funcionará a Área Metropolitana de Vigo, a primeira de Galicia.

Hai algo máis de tres anos, a Xunta de Galicia aprobou a Lei da Área Metropolitana coa oposición de Vigo, que neste tempo forzou a modificación do texto; o motivo das negociacións posteriores na procura do respaldo de tódalas partes. Negociacións nas que quedou patente a tensión entre con-

cellos e Xunta e entre concellos dun signo político e doutro e que se facía especialmente evidente ao abordar o transporte metropolitano, un escollo que agora queda salvado, de maneira que Vigo se integrará no transporte comarcal primeiro, como condición para que a Xunta tramite despois os cambios consensuados no texto da Lei. Evítanse deste xeito, sorpresas de última hora. Así, o acordo adoptado supón que o concello de Vigo se incorpore ao sistema de transporte metropolitano, que xestiona o goberno autonómico, sen tope de viaxeiros, deixando atrás a súa esixencia de que non achegaría para esta cuestión máis de 260.000 euros.

O transporte urbano e metropolitano

No tocante ao transporte da Área Metropolitana, vai constituírse un comité de coordinación de carácter técnico coa presenza da Xunta, Vigo e o resto de concellos, cada unha das partes co 33% dos votos, e no que as decisións deberán ser referendadas pola xunta de goberno e a asemblea da Área e só pola Xunta cando sexa necesario. Por outro lado, o transporte urbano de Vigo, Vitrasa, quedará fóra do transporte metropolitano, pendente do que decida a Área cando aborde este tema, de maneira que as bonificacións ás que pode optar a cidadanía viguesa quedan limitadas ao empadronamento. Con todo, os autobuses urbanos poderán saír dos límites do Concello cando así o soliciten os rexedores abordando co vigués o custo dese desvío cando chegue o momento.

O primeiro paso para a modificación da Lei está dado pero queda moito por concretar para dar forma definitiva á Área Metropolitana de Vigo na que, polo momento, hai acordo na forma de gobernanza, na que fará falta o 50% dos votos e polo menos catro concellos para tomar decisións, na ampliación aos concellos que o soliciten e na asunción de competencias de forma libre en función dos intereses de cada municipio. Se o proceso se desenvolve sen inci-

dencias é posible que antes do verán a Lei estea aprobada e a Área poida constituírse; momento no que comezarán a negociarse as competencias.

No referente ao financiamento, a proporcionalidade segundo o número de habitantes será a norma que se aplique, polo que Vigo asumirá o 65% do total. 14 concellos conforman a actual Área e, segundo o acordado, aqueles que teñen solicitada a súa entrada, como é o caso de Ponteareas, Vilaboa, Tomiño, Tui, A Guarda, As Neves e Mondariz, poderán facelo en canto estea constituída porque esa será a primeira decisión que aprobe, quedando aberta a posibilidade de novas incorporacións se así o demandan outros municipios.

Na constitución e desenvolvemento da Área Metropolitana de Vigo subxace o obxectivo principal de impulsar o desenvolvemento da comarca incidindo na cohesión do territorio, compartindo custos e esforzos entre os concellos que a conforman para mellorar a prestación de servizos á cidadanía. Logo de anos de debate, de acordos e desacordos, o ente supramunicipal está máis preto de facerse realidade, pendente de que os plenos municipais dos catorce concellos que a constitúen nestes momentos lle dean o visto bo á reforma da Lei actual e que o Consello da Xunta de Galicia respalde o texto consensuado cos rexedores e rexedoras



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Miguel G. Montero

Colaboradores:
GALIZA: Jesús Losada (jlosadadorado@gmail.com) - Rocio Rodríguez (luzro81@hotmail.com) - Montserrat Rodríguez (cursosspanhol.cep@gmail.com) - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - M. Rguez. Alonso - X. Maure - Uxío Breogán - Pérez Lema - X. Glez. Mtnez. - M. Bragado - B. Iglesias (Mero) - L. Mtnez. Risco - Fco. Peña - Nemesio Barxa - Andrea GORO - Anxo Mena - I. Otero Varel - Susi Rodríguez
PORTUGAL: Viale Moutinho - Manso Preto - Isabel Varela - Manuel Gonçalves - João Martinho.
MADRID: -Juan Louzán - BARCELONA : Fdez. Valdeorra - PAIS VASCO. Nicolás Xamargo.
CANARIAS: Fco. Puñal.
NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (KOKI)
Fotografía: Hernández - A. Gutiérrez - M. Preto -Dpto. Propio.
Humor: Tokio, Martirena, Pepe Carreiro, X. Marín, M. Fernández (HERMENAGER)
Depósito legal: VG-138-2015

NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO
XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLAECIA

Redacción de A CORUÑA

O goberno local solicita ao Estado e á Xunta colaboración para reparar os danos do último temporal

O alcalde, Xulio Ferreiro, enviou onte unha carta ao ministro do Interior, o presidente do Goberno autonómico e outras autoridades onde detalla a entidade dos prexuízos aos servizos públicos, que obrigou ao Concello a declarar a emerxencia das obras de reparación

O alcalde Xulio Ferreiro solicitou ao Goberno do Estado e da Xunta de Galicia as medidas e axudas precisas para paliar os efectos dos temporais que, nas primeiras semanas deste mes de febreiro, ocasionaron importantes danos nas infraestruturas da cidade.

A través dunha carta dirixida ao ministro do Interior, o director xeral de Protección Civil, o delegado do Goberno en Galicia, o presidente da Xunta, a conselleira de Infraestruturas e o delegado territorial da Xunta na Coruña, o Goberno local fai notar a necesidade de aprobar, como se fixo en ocasións anteriores, as medidas que se requiran e prover das axudas necesarias. “A magnitude dos feitos e as súas consecuencias esixen, desde o principio constitucional de solidariedade e por aplicación dos de equidade e igualdade de trato en rela-

ción con situación precedentes, a actuación dos poderes públicos e a adopción, para as zonas afectadas, dun conxunto de medidas paliativas e reparadoras concordes coas adoptadas anteriormente en ocasións semellantes, para favorecer o restablecemento dos servizos, a reparación dos danos producidos e a volta á normalidade das zonas sinistradas durante as tormentas”, recolle o documento, ao que se axunta un informe técnico de danos e das súas causas.

Na misiva o alcalde remítese ás declaracións da Presidencia e outros dirixentes da Xunta, nas que se comprometía a creación dunha liña de axudas para persoas e entidades prexudicadas polos sucesivos temporais de choiva e vento, especialmente virulentos na cidade os días 8 e 9 deste mes.



Defensa pretende sacar a poxa os terreos da Maestranza, patrimonio arqueolóxico da cidade

O Goberno local solicitará a Defensa inclúa na información pública sobre as tres parcelas a documentación remitida polo Executivo e o arqueólogo municipal onde se fala do valor patrimonial da zona e da existencia da parte da muralla defensiva da cidade

O concelleiro Xiao Varela, recordou “a obriga e o compromiso do Goberno local no que atinxe ao coidado e respecto do patrimonio arqueolóxico da cidade”. Así o manifestou despois de que o Ministerio de Defensa fixese público no BOE o anuncio de resolución da enaxeración por poxa pública con proposición económica de sete propiedades, entre elas, tres na cidade da Coruña que se corresponden cos tres solares da zona da Maestranza, que eran empregados como aparcadoiro pola veciñanza, e cuxo uso foi privado á cidadanía por decisión do Goberno central.

O edil indica que a información feita pública polo Executivo central non inclúe toda a documentación remitida, de forma oficial, polo Concello á delegación de Defensa en Galicia, en relación á existencia de importantes restos arqueolóxicos vestixios da muralla defensiva da cidade nos solares que pretende sacar a poxa. “Dende o grupo de Goberno sostemos que a información que

ofrece o Ministerio a hipotéticos interesados nestes solares non está completa, polo que lle

solicitaremos de xeito formal que a inclúa nos pregos”, apuntou. “Cremos que esta información é



necesaria para os e as licitadoras poidan valorar debidamente as condicións urbanísticas e de afectación patrimonial dos solares en cuestión”, indica o titular de Rexeneración Urbana. “Faremos todo o posible por garantir o escrupuloso cumprimento da legalidade neste tema, así como a defensa do patrimonio da cidade”, insistiu Varela, que engadiu: “Non podemos deixar que se volvan a repetir situacións como a que ocorreu coa construción do aparcadoiro da Avenida do Metro-sidero hai máis de 15 anos na que unha parte da muralla foi destruída”.

No Informe de Potencialidade Arqueolóxica ao que se fai referencia, o arqueólogo municipal conclúe que a aparición de restos arqueolóxicos relacionados co sistema defensivo da cidade nestas parcelas e, sobre todo, no solar situado na avenida do Metro-sidero, é “practicamente segura”. A aparición, estima o técnico, “motivaría a proposta por parte do Concello da musealización dos restos”, tendo ade-

mais en conta que este espazo é o único no que a excavación arqueolóxica podería facer visibles o tramo norte da muralla da Cidade Vella do século XVIII en extensión”.

Tal e como advirte o Goberno municipal, a omisión do contido deste informe na documentación do expediente de licitación pode levar asociado no futuro consecuencias xurídicas e de responsabilidade patrimonial, derivadas da afectación de bens patrimoniais (as murallas) e da normativa de protección e conservación dos mesmos e a súa eventual repercusión sobre a efectiva materialización do aproveitamento urbanístico das parcelas consecuencias das que, como se advirte neste documento, o Concello non se fai responsable. Outros dirixentes da Xunta, nas que se comprometía a creación dunha liña de axudas para persoas e entidades prexudicadas polos sucesivos temporais de choiva e vento, especialmente virulentos na cidade os días 8 e 9 deste mes.

Galicia

Redacción de A CORUÑA

O Concello solicita á Xunta unha solución habitacional estable para as familias de Novo Mesoiro

Ofrece “todos os recursos municipais posibles co fin de atallar unha problemática que leva anos arrastrándose”

A concelleira Silvia Cameán, e o concelleiro Xiao Varela, mantiveron este mércores unha xuntanza con membros do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), así como co delegado da Xunta na Coruña e representantes veciñais para abordar a problemática habitacional que se produce dende hai anos en Novo Mesoiro.

Analizouse a situación das catro familias con menores a cargo que residen de xeito irregular en vivendas de titularidade autonómica na rúa Ribeira Sacra.

Os representantes do Concello acudiron á reunión cun informe elaborado polos servizos municipais que explica a situación destas familias e que no día de hoxe foi remitido á Xunta, tal e como comprometeu a propia titular de Xustiza Social na última reunión mantida sobre este tema, no mes de xaneiro.

Tanto Cameán como Varela indicaron aos representantes da Xunta a necesidade de que esta administración ofrezca “unha solución habitacional” para as catro familias afectadas por esta problemática. Á vez, os responsables municipais insistiron na von-



tade de colaboración por parte do Executivo local para resolver esta situación. “Dende o Concello poñemos todos os recursos cos que contamos, especialmente aqueles relacionados cos servizos sociais,

á disposición coa fin de solucionar esta problemática”, salientou Cameán. “Seguiremos a traballar tanto coa Administración autonómica como coa veciñanza para arranxar unha situación que se leva anos

arrastrando”, engadiu. “É necesario que todas as medidas que se aborden sexan consensuadas, xa que estamos ante unha situación de carencia e exclusión social similar á das persoas sen fogar” engadiu a Concelleira.

A concelleira de Xustiza Social cualificou á xuntanza de “cordial”. Temos que afondar nesta liña de colaboración xa que o que desexamos é que a normalidade rexa en todos os inmobles”, destacou. “Saímos contentos desta reunión, sobre todo porque vemos que se está a buscar a solución a un tema que levaba moitos anos paralizados e que o actual Goberno local abordou dende a súa chegada a María Pita”, dixo.

Preguntada polos medios, Cameán aclarou que a Xunta, como propietaria das vivendas do IGVS abriu expedientes ás familias na situación de problemática habitacional. “Nos cumprimos coas nosas competencias que é o traballo en canto a acabar coa problemática social deste barrio, algo que se está levando a cabo cunha serie de accións conxuntas co departamento de Rexeneración Urbana”, apuntou.

Foto noticia

Xulio Ferreiro, alcalde, fala cos veciños de Palavea



Sintonía entre goberno e BNG para aprobar os orzamentos



Representantes do Goberno municipal reuníronse co grupo nacionalista e destacan a “boa sintonía” entre as partes e as “posibilidades” de chegar a un acordo

A concelleira de Facenda, Eugenia Vieito, acompañada doutros membros do equipo de goberno local mantivo na mañá deste mércores unha xuntanza cunha representación do grupo municipal do BNG para estudar as propostas concretas e cuantificadas presentadas polos nacionalistas un día antes. Ao remate da reunión, a concelleira cualificou de “cordial e moi produtiva” a cita “co primeiro grupo municipal que nos

presenta unhas achegas sobre as que se pode traballar, xa que veñen cuantificadas”. “Houbo moita sintonía e pola parte do Goberno local estamos dispostos a incluír nos orzamentos a maior parte das súas propostas”, valorou a concelleira. “Cremos que hai posibilidades reais de chegar a un acordo e esperaremos unha resposta nos próximos días do BNG”, engadiu Vieito, que volveu tender a man ao PSOE “para que A Coruña teña os orzamentos polos que votou, que non son os do PP”. “Hai coincidencias co BNG e cremos que tamén co PSOE, polo que desexamos que o grupo municipal socialista nos presente propostas concretas coa intención de alcanzar un acordo en beneficio á cidade”, afirmou.

Redacción de SANTIAGO DE COMPOSTELA

O Concello de Santiago súmase aos actos do 150 aniversario do nacemento de Valle-Inclán

Neste ano 2016 conmemórase o 150 aniversario do nacemento do dramaturgo nacido en Vilanova de Arousa e o goberno municipal compostelán quere formar parte das institucións que organicen os actos de homenaxe

O alcalde de Santiago, Martiño Noriega, vén de manter un encontro con Xaquín del Valle-Inclán Alsina, neto do escritor Ramón María del Valle-Inclán para avanzar na definición das actividades coas que se vai celebrar o 150 aniversario do nacemento do dramaturgo. Segundo anunciou o rexedor, o Concello estuda distintas propostas para conmemorar a data que van dende a edición de publicacións ata a posta en marcha de rutas pola cidade e mesmo actos para reivindicar a figura do dramaturgo que morreu en Compostela o 5 de xaneiro do ano 1936. Na ce-

lebración da efeméride participará xunto ao Concello, a Consellería de Cultura e o Consorcio de Santiago polo que se contemplan accións coordinadas polas tres administracións.

Ramón María del Valle-Inclán naceu en Vilanova de Arousa o 28 de outubro de 1866 e conta cunha Fundación que leva o seu nome para poñer en valor a súa figura e preservar o seu legado que abrangue poesía, dramaturxia e novela e que é considerado un dos autores clave da literatura española do século XX.

Por: Sabela Rodríguez



■ Novoneyra e neto Valle-Inclán.

O gasto medio dos turistas medrou un 7,42% en Santiago no ano 2015

Son os datos que recolle o Estudo de Caracterización da Demanda Turística de Santiago de Compostela que vén de presentarse e que amosa a tendencia á alza do desembolso que os visitantes fan nas súas estadias na capital de Galicia.

O Estudo de Caracterización da Demanda Turística de Santiago de Compostela no ano 2015, realizado por CETUR para Turismo de Santiago, recolle un abano amplo de datos que permiten trazar o perfil das persoas que visitaron a capital galega ao longo do ano pasado.

Un dos principais capítulos do informe permite avaliar a evolución da demanda na cidade a través do gasto diario realizado polos turistas que, segundo contempla, aumentou un 7,42 por cento chegando aos 58,23 euros. Os excursionistas gastaron unha media de 28,69 euros, o que supón un incremento dun 20,92 por cento respecto ao ano anterior e os visitantes desembolsaron 53,45 euros, unha suba dun 122,72 por cento.

A concelleira de turismo compostelá, Marta Lois, quen presentou o Estudo, ofreceu tamén algunhas das estatísticas que manexa Turismo de Santiago,

que atendeu en 2015 un total de 209.666 consultas de turistas; 116.457 corresponderon a persoas de ámbito internacional, 83.675 foron de turistas domésticos e 9.534 de cidadáns de

Compostela. En todo caso, os datos reflicten o aumento da solicitude de información en todas as categorías respecto ao ano 2014.

Por: Sabela Rodríguez



■ Novoneyra e neto Valle-Inclán.

A SANIDADE PÚBLICA EN PERIGO

Calendario de Vacinas Infanto-Xuvenil

Acto informativo

- Xosé Dios Diz.

Portavoz de SOS-Sanidade Pública en Compostela.

- María Áurea Rodríguez.

Pediatra do Hospital do Barbanza.

- Juan Miguel Vázquez Lago.

Técnico de Saúde da Área de Santiago.

16 de marzo, ás 19 h

Centro Sociocultural de Fontiñas

(Rúa Berlin, 13 - Santiago de Compostela)

SOS
sanidade
pública
Compostela

Redacción de SANTIAGO DE COMPOSTELA

Remata o obradoiro de televisión para a formación en valores no IES Milladoiro

Teatro fórum e un taller de xénero son outras das actividades que se desenvolveron no proxecto Escolas sen Racismo con ACPP e Agareso



O obradoiro de televisión para a educación en valores promovido pola ONGD Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP) e a Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (Agareso) rematou no IES Milladoiro (Ames). Esta actividade de educación e comunicación para o desenvolvemento encádrase no movemento europeo Escolas sen Racismo, que engloba a máis de 500 centros educativos, e faise pública na semana en que se con-

memora o Día Mundial da Xustiza Social. .

A derradeira sesión audiovisual desenvolverase consistiu na gravación dunha serie de “ecoconsellos” por parte do alumnado, que decidiu traballar o tema do medio ambiente. Para isto xa realizaron unha enquisa de rúa e unha reportaxe no punto limpo do Concello. Ademais, previamente practicaron gravando unha noticia e unha entrevista sobre a exposición ‘Influir no global desde

o local’, instalada na Casa da Cultura.

Ao longo do obradoiro, que se prolongou durante seis semanas, o alumnado aprendeu sobre os xéneros xornalísticos, o guión ou a montaxe, sempre con exemplos de temática social e solidaria, pero tamén adquiriu pautas respecto da linguaxe inclusiva, o tratamento de colectivos en risco de exclusión ou a análise do discurso mediático.

As rapazas e rapaces interveñen

na toma de decisións en todas as fases, pois trátase de empoderalos para lanzaren as súas propias mensaxes e fomentar así a participación social. Contribúese, deste xeito, a formar unha cidadanía con espírito crítico e construtivo. Os seus avances pódense seguir no blog www.agareso.org/esr.

O centro está a acoller ademais outras actividades do programa Escolas sen Racismo, que conta co apoio da Xunta de Galicia.

Entre elas atópanse a exposición ‘Mira Ti’, coa que se traballa contra os prexuízos e a discriminación, ou o teatrofórum, no que se presenta algún conflito cotiá cuxa solución terá que representar o alumnado, favorecendo así a empatía e autoestima. Este ano introdúcense ademais innovadoras propostas a prol da igualdade, como son os obradoiros de prevención da violencia de xénero ou a iniciativa ‘De profesión cidadáns e cidadáns’



O alcalde analiza co Foro Cívico o estado das infraestruturas pendentes en Compostela

O alcalde, Martiño Noriega, presidiu unha xuntanza no Pazo de Raxoi cos membros do Foro Cívico Empresarial de Santiago, na que tamén participou o concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, Jorge Duarte. A reunión tiña como obxectivo darlle conta á plataforma do estado de tramitación dalgunhas infraestruturas vitais para Compostela.

O Foro Cívico Empresarial é unha plataforma na que están representadas a Universidade, a Cámara de Comercio, Hostalería Compostela, Santiago

Centro, a Asociación de Empresarios do Polígono do Tambre, o Rotary Club, o Club Financieiro, a Real Sociedad Económica de Amigos del País, a Fundación Ruta Xacobe de Mar de Arousa e Ulla, a Asociación de Antigos Alumnos da Universidade, a Asociación de Xornalistas de Santiago, Compostela Solidaria, a Asociación Vicus Francorum, o Colexio Maior A Estila, o Colexio de Avogados, o Colexio de Economistas, o Colexio de Arquitectos, o Colexio de Enxeñeiros Técnicos Industriais, e o Colexio de Procuradores. Entre todos estes colectivos supoñen o 85%



■ Reunión no salón verde de Raxoi.

Silvia Jato pregoará a XXXVI Feira do Viño de Amandi

A lucense Silvia Jato será a pregoeira da XXXVI Feira do Viño de Amandi, sucedendo no posto ao presidente do Atlético de Madrid, Enrique Cerezo. O alcalde, Luís Fernández Guitián, agradece a boa disposición da presentadora de televisión e modelo quen, asegura, quedou namorada da Ribeira Sacra e de Sober na presentación que o Consorcio de Turismo Ribeira Sacra fixo este ano en Fitur, un acto ao que a lucense se sumou. O rexedor considera que unha persoa “tan coñecida e recoñecida” pola súa labor nos medios de comunicación, galegos e nacionais, “colaborará para que a nosa feira siga tendo toda a difusión que merece e os nosos viños sigan facendo as delicias dos padales máis selectos a nivel internacional”. A inauguración oficial da feira, que se celebrará os días 19 e 20 de marzo, correrá a cargo de Adegas Proencia en lembranza a seu fundador, Tomás Arias, falecido o ano pasado.

Cartel da Feira

O traballo gañador do concurso convocado polo Concello de Sober para elaborar o cartel anunciador da XXXVI Feira do Viño de Amandi foi o da monfortina Andrea Rodríguez López coa proposta titulada “Verterse el vino es buen sino”. O xurado estivo formado por Humberto Loureiro, Sol Ocampo e Alejandro Ciurluni. Acordaron por unanimidade que o gañador fora a proposta de Andrea Rodríguez, que xa se fixo co premio o pasado ano, pola súa calidade e por ser o que garda máis relación coa Ribeira Sacra. O xurado acordou tamén conceder un accésit como finalistas aos carteis “FVA”, de Susana Ibáñez Freiría, de Noáin (Navarra); “Patrimonio de Amandi en una botella”, de José Luis Rodríguez Gómez, de Monforte; “Concepto”, de Rubén Lucas García, de Torrealguera (Murcia) e “Da Ribeira”, de Esteban



■ Silvia Jato naceu en Lugo no ano 1971.

Bernárdez Fuentes, de Vigo. O primeiro premio está dotado con 600 euros. Os accésits contarán cun diploma, un estoxo de viño e un lugar destacado na exposición que se faga con todos os traballos. O xurado destacou o nivel dos 30 traballos presentados chegados de toda España. Hai orixinais de A Coruña, Mos (Pontevedra), Medina del Campo (Valladolid), Castropol (Asturias), O Incio (Lugo), Ourense, Talavera de la Reina (Toledo), Allariz, Monforte, A Pobra de Brollón, O Saviñao, Pantón e Sober. O equipo de Goberno fará unha exposición con todos eles que se inaugurará o 19 de marzo, coincidindo coa apertura da XXXVI Feira do viño de Amandi, e permanecerá aberta ata o 20 de abril. Na próxima edición as bases limitarán a dous os anos nos que un participante pode facerse co premio para permitir o acceso a novos creadores.

Mes de Amandi, antesala da XXXVI Feira do Viño de Sober

O Goberno local do Concello de Sober deu a coñecer na contorna dos Muíños do Xabrega o programa de actos que se levarán a cabo na XXXVI Feira do Viño de Amandi, que este ano será os días 19 e 20 de marzo. Tamén se fixo público o cartel que anunciará a feira, obra da monfortina Andrea Rodríguez, así como os actos que formarán parte do denominado Mes do Amandi. Este ano participarán 23 adegas da localidade. O sábado día 19 ás 11,30 as bombas de palenque anunciarán o inicio da XXXVI Feira do Viño de Amandi. Ás 12,00 horas será a apertura oficial a cargo de Adegas Proencia en lembranza a seu fundador, Tomás Arias Vázquez. Este ano a feira está dedicada ao Concello de Parada de Sil. Ás 12:15 horas actuará o grupo de música tradicional do AGADIC. Ás 17,30 horas dará comezo a precatá oficial na sala de catas do Centro Sociocultural de Sober. Media hora máis tarde ofreceráse o espectáculo “Vaia Banda” con Odaiko Percusión e a Banda de Música de Sober. Ás 20,30 horas será a actuación da Charanga Mekanika, ás 23,0 horas actuación de Anxo Lorenzo e ás 00,30 horas de novo actuación da Charanga Mekanika. O domingo día 20 ás 10,30 co disparo de 23 bombas de palenque (unha por cada colleiteiro participante) anunciarase o día grande da festa. Ás 10,45 horas haberá unha actuación da Charanga NBA. Media hora

máis tarde ofrecerá o pasarrúas a Banda de Música de Sober. Ás 11,30 horas comezará a cata oficial na sala de catas do Centro Sociocultural. Á mesma hora celebrárase misa solemne coa bendición dos ramos na Igrexa parroquial de Sober. Ás 12,30 o alcalde, Luís Fernández Guitián, recibirá ás autoridades na Casa do Concello e logo, no mesmo escenario, dará comezo a lectura do pregón a cargo de Silvia Jato. De seguido farase a entrega de premios aos adegueiros. Ás cinco da tarde haberá unha actuación da Charanga NBA e ás 19,30 horas a orquestra Poceiro animará o baile.



■ O alcalde con adegueiros na presentación do cartel da Feira do Viño.

Mes do Amandi

O Concello de Sober programou unha serie de actividades relacionadas co sector vitivinícola que serán a antesala da XXXVI Feira do Viño de Amandi. O primeiro dos actos foi a presentación da feira nos Muíños do Xabrega, do cartel anunciador e do listado de actividades que se levarán a cabo durante este mes. Ao remate do acto houbo unha degustación de viños de Amandi. O mércores día 2 de marzo de 12,00 a 14,30 horas na Escola de Hostalería de Rosende haberá unha xornada de maridaxe

de viño de Amandi con porco celta. Colaboran a Escola de Hostalería da Fundación Belarmino Fernández e ASOPORCEL (Asociación de criadores de gando porcino Celta). O xoves día 3 de marzo ás 17,00 horas o Centro Sociocultural de Sober acollerá un obradoiro de elaboración de cócteles con viño de Amandi a cargo do barista Damián Seijas baixo o nome “Cócteles con viño de Amandi”. Ao remate haberá degustación. O venres día 4 de marzo ás 17:30 horas nas coñecidas “Merendas con contos” da Biblioteca pública municipal desenvolverase a actividade “Con-

tos sobre o viño” a cargo de Lois Pérez. O seguinte venres, o día 11, os nenos e nenas que participan nas “Merendas” visitarán unha adega de Amandi para coñecer o proceso de elaboración do viño. O xoves día 17 de marzo entre as 09:00 horas e as 14:30 horas o Centro Sociocultural de Sober acolle a xornada técnica “Alternativas ao viño tradicional: novos produtos”. Este acto está organizado pola Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (Evega). O venres día 18 de marzo ás 16,00 horas terá lugar a retransmisión do programa “Viaxe con nós” de Radiovoz conducido polo xornalista José Manuel Orriols. O domingo día 20 de marzo a asociación de Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra fará a ruta Doade-Miradoiro Pena do Castelo e posteriormente visitará e xantará na Feira do viño de Amandi. Por último, o luns 21 de marzo ás 18,00 horas no restaurante Merenzao de Cadeiras presentárase o libro “Galicia entre copas” de Mariano Fisac. Do 19 de marzo ao 16 de abril no Centro Sociocultural de Sober estarán expostos os carteis presentados o concurso de carteis da XXXV Feira do Viño de Amandi e os debuxos do concurso de deseño de adhesivo. Ata o de agora o Goberno local ten posto en marcha tres concursos; o de deseño de carteis, o de deseño de barricas e o de debuxo infantil para a elaboración dunha chapa.

Galicia

Redacción de LUGO

Premios da Cata Patrimonio Ribeira Sacra



■ Os adegoiros premiados posando no Centro do Viño.

O Centro do Viño da Ribeira Sacra, ubicado en Monforte, entregou os premios da segunda edición de Cata Patrimonio, creada para apoiar a candidatura da Ribeira Sacra a patrimonio da humanidade. Os galardóns entregounos José Tomé Roca, alcalde de Monforte, representantes da Deputación de Lugo, da Consellería do Medio Rural e do concello de Quiroga, entre outros. O Gran Patrimonio en brancos foi para Regina Viarum Godello 2014 e para Abadía da Cova Albariño 2014. En tintos do ano, para Regina Viarum 2014 e para Don Bernardino 2014. En tin-

tos en barrica, para Regina Viarum Expresión 2011. En Mágnun, para Don Bernardino Barrica 2011. En canto aos premios Patrimonio, en brancos foron para Viña Garoña 2014, Abadía da Cova Godello 2014, Veluveyra 2013 e Sollío 2014. En tintos do ano para Os Cipreses 2014, Alba Ponce 2014, Finca Cuarta 2014, Guímaro 2014 e Moreiras Selección 2014. En tintos en barrica, para Proencia 2009, Regina Viarum Ecolóxico 2012, Don Bernardino Finca Mezquita 2012 e Sombrero Tinto Carballo 2014. En Mágnun, para Regina Viarum 2014 e para Finca Cuarta 2014.


Ramón Villares pregoará a Feira do Viño de Chantada

O historiador Ramón Villares será o pregoeiro da XXXIV edición da Feira do Viño de Chantada que se celebrará do 11 ao 13 de marzo coa participación de 13 adegas da comarca e de municipios limítrofes. O alcalde, Manuel Varela, e o concelleiro de Cultura Manuel Diéguez, presentaron o cartel anunciador: "Axuda a nosa situación xeográfica, o feito de que sexa todos sempre a primeira festa do viño do ano, a promoción que se lle fai...", comentou o alcalde. O concelleiro de Cultura agradeceu a colaboración do escritor Rubén Eyré e do artista Lomarti. Este repite por terceiro ano consecutivo como autor do cartel. É o cuarto que fai xa que logo en 2010 o cartel tamén foi da súa autoría. Na avenida de Monforte quedará instalada a carpa coas casetas das adegas e na rúa Xoán XXIII abrirase a feira das oportunidades do comercio local. Non haberá su-

basta de gando frisón no mercado nin catas comentadas pero si catas populares. A Feira do Viño de Chantada naceu para responder ao espírito de cambio que xurdiu no sector vitivinícola do sur da provincia de Lugo. Inaugurouse o día 12 de marzo de 1983 coa presenza de diversas autoridades. Asistiu o chantadino Carlos Gilberto Otero Díaz, conselleiro de Facenda da Xunta de Galicia. O pregoeiro foi o ilustre catedrático e director do Museo do Pobo Galego Antón Fraguas Fraguas. O número de persoas que se achegaron ate a feira roldou as das dez mil. Despois dos primeiros anos de incerteza sobre o seu futuro, aséntase como unha das feiras máis importantes da provincia, ata que na última metade da década dos noventa, xorde o seu despegue definitivo e convértese na feira do viño máis importante de todo o noroeste peninsular.



■ Alcalde e concelleiro presentaron o cartel e o programa da feira.



Redacción de LUGO

Deputación e Eixo Atlántico farán estudo sobre o servizo de xestión de residuos nos concellos



■ Reunión da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo.

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou o convenio de colaboración coa Asociación do Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular para a posta en marcha dun minucioso estudo sobre o servizo de xestión de residuos urbanos nos concellos da provincia que decidan sumarse a esta iniciativa, que é totalmente gratuito para eles. Este acordo enmárcase na aposta persoal do presidente, Darío Campos Conde, de impulsar medidas coas que contribuír á mellora desta prestación co fin de aforrar custos aos municipios e ofrecer un servizo máis eficiente aos veciños. Con esta colaboración, Deputación e Eixo Atlántico elaborarán a primeira análise sobre o funcionamento desta prestación nas entidades locais lucenses para, posteriormente, ofrecerlles propostas coas que melloralas e reducir os gastos que esta conleva. O voceiro provincial socialista, Álvaro Santos Ramos, explicou que, en primeiro lugar, a Deputación presentarán este proxecto aos concellos para que se adhiran ao mesmo. Farao nunha xornada informativa no Pazo de San Marcos. Ademais, o organismo provincial tamén enviará unha comunicación oficial a todas as entidades locais con información detallada sobre o proxecto.

Indicadores

De seguido, técnicos da área de Medio Ambiente da Deputación e da Axencia de Ecoloxía Urbana do Eixo Atlántico desprazaranse aos municipios para estudar, de xeito individual, unha serie de indicadores deste servizo como, por exemplo, os económicos, organizativos, sociais ou medioambientais. Santos Ramos remarcou que “con esta colaboración, acadaremos

o primeiro estudo sobre a situación real do servizo de xestión de residuos de cada un dos concellos que participen neste proxecto. En base a esta información, e tal e como aposta o presidente, poderemos ofrecer aos municipios propostas coas que mellorar o funcionamento desta prestación e aforrar custos”.

Acordo marco

A Xunta de Goberno aprobou o acordo marco da contratación de emulsión asfáltica para o Parque Móbil, que permitirá á institución luguesa aforrar custos correntes. Este acordo supón a apertura dun proceso de selección de empresas que integrarán unha bolsa de entidades, ás que recorrerá a Deputación para a adxudicación deste material. Cada 6 meses, o organismo provincial contrata 1.600 toneladas de emulsión asfáltica para acondicionar os máis de 4.200 quilómetros de estradas provinciais, así como para arranxar vías municipais; traballo que se leva a cabo dende o Parque Móbil. “Este acordo marco permítenos aforrar cartos porque, por unha banda, fixamos un prezo máximo para esta prestación, e, ademais, establecemos outros criterios de selección para afondar aínda máis neste aforro. Por exemplo, teremos en conta a situación xeográfica da planta de subministro, valorando positivamente a súa proximidade. Hai que ter en conta que a Deputación só contrata a compra do material, pois é o organismo provincial, cos seus medios, o que se despraza a recoller. Deste xeito, reduciremos custos de desprazamento. Ademais, axilizaremos os trámites administrativos da contratación deste servizo”, explicou o voceiro.

Lugo á cabeza de Europa en investigación biomédica e veterinaria

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, e o presidente da Deputación, Darío Campos Conde, participaron na inauguración do Centro de Investigación en Biomedicina e Veterinaria (CEBIOVET), o único centro destas características en España e un dos poucos en todo o continente. Ao acto de inauguración tamén asistiu o director-xerente da Fundación Rof Codina, Luis Felipe de la Cruz Palomino, o reitor da USC, Juan Viaño, e o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo. A rexedora fixo fincapé no valor engadido ao tecido produtivo que crearán estas novas instalacións, posto que a transferencia dos coñecementos científicos e tecnolóxicos xerados no Cebiovvet redundarán na adaptación deste tecido cara novos produtos e servizos, “co que Lugo gañará competitividade e reindustrialización, creará riqueza e emprego e recuperará poboación”, subliñou Méndez. Para a rexedora, o Cebiovvet, “abre novas e grandes oportunidades para o crecemento económico e o desenvolvemento social da cidade ao consolidar a economía do coñecemento e a innovación como motor de Lugo, ademais de complementar e potenciar os grandes recursos que Lugo tiña neste eido, un campus que avanza

a posta en marcha do CEBIOVET cedendo unha parcela de 1.800 m², así como cunha achega de máis de 160.000 euros, que serviron para financiar parte das novas instalacións deste pioneiro centro de investigación.

As novas instalacións

O Cebiovvet, que se ampliou grazas á colaboración entre o Concello de Lugo –que achegou máis de 190.000 euros–, a Deputación –cedendo unha parcela de 1.800m² así como unha achega duns 160.000 euros–, a Xunta de Galicia e a USC, ten unha superficie duns preto de 5.000 metros cadrados. O proxecto, cun orzamento total duns 4,5 millóns de euros e cuxas obras comezaron en setembro de 2014, consistiu na reforma, adecuación e ampliación dos pavillóns existentes de hospitalización e experimentación animal; a construción dun novo pavillón e a conexión dos dous edificios mediante un corredor cuberto, para facilitar o tránsito entre os distintos módulos. Con esta actuación, o centro de experimentación conta cunhas instalacións óptimas e homologadas, permitindo controlar rigorosamente as condicións de mantemento, benestar e coidado dos animais. Méndez,



■ Darío Campos interviú na inauguración do Centro de Investigación en Biomedicina e Veterinaria de Lugo.

cara a especialización en materia de investigación e innovación no ámbito forestal, veterinario e agrogandeiro”. Pola súa banda, o presidente da Deputación, Darío Campos Conde, subliñou que “estas instalacións marcarán un antes e un despois no ámbito universitario e científico da nosa provincia”. Campos Conde recoñeceu “o incesable traballo da comunidade educativa, así como a implicación das administracións públicas, que produciu que a Facultade de Veterinaria se convertese nun referente a nivel nacional e europeo”. Campos Conde lembrou que a Deputación colaborou coa Fundación Rof Codina para

de la Cruz, Viaño, Campos e Núñez Feijóo realizaron un percorrido pola zona de cirurxía, a nave de mascotas e a nave de vacuna destas novas instalacións coas que a partir de hoxe conta Lugo e que se suman ás da Facultade de Veterinaria, que con 32 anos é un referente estatal e europeo, e o Hospital Universitario Rof Codina, polo de referencia en Europa. Previamente, Campos Conde e Méndez López participaron na Reunión do 6º Padroado Extraordinario da Fundación Rof Codina, durante a que se entregaron diplomas a persoeiros destacados durante os 20 anos que leva traballando a Fundación Rof Codina.

Galicia

Redacción de LUGO

Feira Medieval 2016 en Monforte



O casco histórico de Monforte de Lemos vai ser o escenario dunha nova edición da feira medieval, que se vai celebrar os vindeiros 26 e 27 de marzo. O vindeiro 7 de marzo, a páxina web do Concello publicará o listado dos participantes admitidos, así como tamén as ins-

truccións para realizar o pagamento. Un dos aspectos destacados é que se lle dará prioridade ás solicitudes de postos de vendedores que sexan da cidade do Cabe. Por outra parte, poderase optar á participación na feira en tres modalidades diferentes; alimentación, artesanía e comercio.

XI Bienal de Pintura do Eixo Atlántico en Monforte

José Tomé Roca, alcalde de Monforte, e Marina Doutón, concelleira de Cultura, inauguraron a exposición da XI Bienal de Pintura Eixo Atlántico 2015-2016 na Casa da Cultura do poeta Lois Pereiro. A mostra recolle un conxunto de 29 traballos inéditos realizados por creadores galegos e portugueses. Durante o percorrido que fixeron pola sala estiveron acompañados do concelleiro de Servizos e tamén de representantes dos centros educativos. As obras da exposición itinerante da bienal foron seleccionadas entre máis dun cento de traballos admitidos a concurso. "A mostra que inauguramos permite dar a coñecer artistas emerxentes de Galicia

e do Norte de Portugal. Esta iniciativa é un xeito de fomentar a creatividade, o diálogo, e a comunicación entre os artistas dos dous lados da fronteira", apuntou Marina Doutón. A concelleira de Cultura destacou tamén que "a bienal ofrece a oportunidade ós novos artistas de exhibir os seus traballos, de forma itinerante, por toda a Eurorrexión". A bienal, organizada polo Eixo Atlántico en colaboración coa Fundação da Juventude (FJ) de Portugal, é a única exposición itinerante que se realiza entre dous países da Unión Europea. O seu principal obxectivo é favorecer un espazo de promoción e de intercambio de novos creadores e creadoras da Eurorrexión.

Monforte recupera a Rede Galega de Teatros e Auditorios

O Concello de Monforte de Lemos asinou xa o seu convenio de adhesión á Rede Galega de Teatros e Auditorios coa Axencia Galega das Industriais Culturais (AGADIC) para 2016. Desta volta está previsto que haxa representacións tanto na primeira metade deste ano como no segundo semestre; polo que o consistorio monfortino volve recuperar unha variada programación de espectáculos teatrais. "Este cofinanciamento entre o Concello de Monforte e a Xunta serve para valorar a produción escénica galega. Queremos que ó longo de todo o ano os veciños e as veciñas da nosa cidade teñan ocasión de asistir a obras de teatro para adultos, pero tamén quero destacar que reservamos algúns títulos pensados especificamente para o público infantil", apunta o alcalde, José Tomé Roca. O rexedor monfortino fai fincapé en que un dos títulos que compoñen o cartel está inspirado nun poemario de Manuel María: "á hora de elixir as obras quixemos buscar tamén algunha vinculación con Mon-

forte, para facelas máis especiais. É o caso da peza "Os sonhos na gaiola", que se vai representar en maio e que está inspirada nun dos primeiros poemarios de Manuel María, escritor ó que este ano se se vai adicar o Día das Letras Galegas e que tivo unha fonda vinculación coa nosa cidade". Por outra parte, o mandatario local, José Tomé Roca, destaca que a recuperación da Rede Galega de Teatros e Auditorios responde a un dos seus compromisos: "nós xa tiñamos previsto recuperar esta programación teatral despois de que o anterior goberno municipal decidira darse de baixa no segundo semestre de 2015". Polo de agora só se coñece o nome das obras que se van representar durante o primeiro semestre deste ano. Está previsto que durante a primavera o Concello de Monforte faga os trámites para seleccionar os títulos das obras que se van representar na segunda metade de 2016 e a finais de maio será posible coñecer os títulos que chegarán á cidade do Cabe na

segunda metade do ano. Tódalas actuacións serán no Edificio Multiusos. A entrada ós espectáculos custará 5 euros pero as persoas desempregadas, os estudantes e os nenos só pagarán 3 euros.

Programación

A primeira obra representouse o 18 de febreiro. Foi o espectáculo "Presidente" da compañía Teatro Morcego. Á mesma hora pero o 17 de marzo, A Panadería vai poñer en escea "Pan! Pan!". A terceira peza teatral prevista é "C'est la vie", de Matrioshka Teatro. Neste caso, a cita é o xoves 7 de abril ás 20:15 horas. No caso das obras de teatro para nenos e nenas, as tres actuacións comezarán ás 18 horas. A primeira peza pensada para os máis pequenos da casa vaise representar o 13 de marzo. Trátase da obra Galitoo da compañía Güela-Güela. Xa en abril, o día 17, Limiar Teatro porá en escea "Don Quixote", unha comedia gastronómica. E polo de agora, a última obra prevista será os "Sonhos na Gaiola", de Trinke-trinke Teatro o día 8 de maio.

O alcalde consegue apoios para potenciar Monforte como nó ferroviario

aA Asemblea Xeral do Eixo Atlántico, que se celebrou na localidade portuguesa de Santa María da Feira, deulle luz verde ós aspectos centrais que rexerán a acción política do colectivo ó longo deste ano. Un dos puntos que se aprobou por unanimidade foi a proposta realizada polo Concello de Monforte de Lemos para que se manteña vivo o proxecto da rede transeuropea de transporte de mercadorías, unha proposición que tamén contou co apoio do Concello de Lugo. "O noso obxectivo é o de conseguir que a través de Monforte se lle dea un impulso á saída de mercadorías procedentes dos portos galegos", explica o rexedor José Tomé Roca. "En concreto, trátase do ramal que parte de Palencia, discorre por León, Ponferrada, Monforte de Lemos, Ourense e Vigo", engadiu o mandatario local. O texto da moción que se aprobou indica que "se considera de vital importancia para a Eurorrexión a execución por parte do Goberno español da saída ferroviaria sur de Vigo, que permita realizar o traxecto Lisboa-A Coruña sen cambiar de estación, así como a conexión ferroviaria Lugo-Ourense, a liña de

mercadorías Monforte-Palencia e a súa conexión coa liña Aveiro-Salamanca-fronteira francesa da Rede Europea de Transportes". Outro dos aspectos destacados da moción aprobada é que se lle vai reclamar á Xunta de Galicia que leve adiante o impulso do Porto Seco de Monforte como base loxística para a formación dos convois ferroviarios. Durante a Asemblea Xeral do Eixo Atlántico o alcalde, José Tomé Roca, defendeu esta moción que contou co apoio dos representantes das deputacións, dos rexedores e das cámaras municipais portuguesas. Os alcaldes dos 38 municipios e entidades que

compoñen o Eixo Atlántico aprobaron un presuposto de 3 millóns de euros para o exercicio de 2016. Do total da cantidade, un 15% proveñen das cotas que aportan os concellos, mentres que o groso do orzamento xérase con recursos externos. A primeira peza pensada para os máis pequenos da casa vaise representar o 13 de marzo. Trátase da obra Galitoo da compañía Güela-Güela. Xa en abril, o día 17, Limiar Teatro porá en escea "Don Quixote", unha comedia gastronómica. E polo de agora, a última obra prevista será os "Sonhos na Gaiola", de Trinke-trinke Teatro o día 8 de maio.



■ José Tomé, no centro, na reunión en Santa María da Feira (Portugal).

Monforte celebra as xornadas do cocido de Entroido

Monforte de Lemos celebra ata o 13 de marzo as oitavas xornadas do cocido de Entroido baixo o lema “Estase cocendo”. O monfortino Francisco Conde, conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta sinalou que as xornadas son una mostra da “fortaleza culinaria e turística da Ribeira Sacra”. O cocido, segundo o conselleiro, está “chamado a ser unha tradición senlleira desta terra” e que se ten convertido, sinalou, nun “santo e sinal da mellor gastronomía lucense, e nun referente turístico de primeira magnitude, que atrae a visitantes non só galegos, senón doutras rexións”. Ese dobre referente, dixo Conde, ten un denominador común: a calidade dos produtos que marcan as xornadas. Neste senso, apuntou á Ribeira Sacra como “a capital da calidade” froito “dunha forma propia de facer as cosas” ligada aos mellores valores lucenses. Unha permanente busca do mellor da que é boa mostra, dixo Conde, o padriño desta edición, o director de cine monfortino Dani de la Torre, recentemente nominado ao Goya ao mellor director novel por *O desconhecido*. Esa mesma cali-

dade, apuntou, é a que ten feito do cocido da Ribeira Sacra non só unha referencia do Entroido galego, senón “unha parada obrigada na gastronomía de todo o noroeste peninsular, símbolo non só dun sector, o da alimentación, que xoga un importantísimo papel na nosa economía, senón da capacidade doutro sector, o da hostalaría, de aproveitar todas as nosas vantaxes para crear empregos, e atraer riqueza”.

Portugal

A oitava edición das xornadas gastronómicas “Estase Cocendo” comezou o 20 de febreiro coa participación de 70 establecementos da Ribeira Sacra. Ata o próximo 13 de marzo veciños e turistas disfrutarán de tapas e menús de cocido a prezos especiais neses locais. Á oferta súmanse hoteis, pensións e casas de turismo rural que durante o desenvolvemento do programa teñen tarifas máis económicas. O día 5 de marzo estará adicado aos cocidos doutras zonas de España e Portugal baixo o lema Irmandade do Cocido. Durante toda esa xornada nos restaurantes O Convento, Plaza, Manuel Bistró e O Século de Monforte; Chapakuña



3, de Quiroga; e no Durán do Saviñao, serviranse cocidos madrileños, estremeños, asturianos e portugueses.

Volta a España

O conselleiro Francisco Conde resaltou o papel clave da Asociación Provincial de Empresarios da Hostalería e o Turismo de Lugo na

dinamización dunha festa na que participan un centenar de establecementos. O conselleiro resaltou o impacto económico das xornadas, e defendeu o apoio da Xunta para estar “ao lado de Monforte e de toda esta terra cando se trata de crear emprego, atraer riqueza, ou levar o nome desta terra por toda España”.

Neste senso, destacou exemplos como a Volta a España, “que vén a Monforte este ano co apoio da Xunta”, nunha etapa que levará o nome e as paisaxes de Ribeira Sacra aos televisores de todo o país; ou o traballo conxunto para que a Ribeira Sacra sexa patrimonio da Humanidade, “facendo oficial a universalidade desta terra”.

Saneamento independente para o Porto Seco de Monforte

AXunta de Galicia ofreceulle ao Concello de Monforte colaborar técnica e financeiramente na solución que permitirá que as empresas operen no Porto Seco a pesar das deficiencias da rede de saneamento municipal. Así llo trasladou a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Ethel Vázquez, ao alcalde, José Tomé Roca, na xuntanza na que lle presentou o proxecto de saneamento independente que permitirá que as empresas poidan desenvolver a súa actividade na Plataforma Loxística. Na reunión, na que tamén participaron o director do Instituto Galego da Vivenda e Solo, Heriberto García, e a delegada territorial da Xunta en Lugo, Raquel Arias, a conselleira reclamoulle ao Concello que inicie na tramitación para contratar e executar o antes posible as obras para a instalación deste sistema, para o que garantiu a colaboración do Goberno galego. Deste xeito, explicou, será posible que a empresa Abiga desenvolva o proxecto empresarial previsto na plataforma loxística, para o que ten adxudicados 40.000 metros cadrados de solo e que suporía un

investimento de 20 millóns de euros e a xeración de 35 postos de traballo directos e preto de 105 indirectos. En declaracións aos medios, a titular de Infraestruturas destacou que a Xunta quere evitar a perda de oportunidades e por iso, a pesar de que os problemas teñen orixe na rede municipal, o Goberno autonómico traballou na redacción dun proxecto para dotar o Porto Seco dun sistema de saneamento independente, necesario para eludir os problemas que xera a mala situación da rede municipal, que non permite que se conecte a ela o Porto Seco, tal e como estaba previsto.

290.000 euros

Ethel Vázquez remarcou que os problemas actuais para a instalación de empresas non se deben a un problema do Porto Seco, xa que a plataforma loxística conta con todas as infraestruturas necesarias para realizar a conexión á rede xeral de saneamento de Monforte, en cumprimento do establecido no proxecto sectorial e no proxecto de urbanización do mesmo. A titular de Infraestruturas subliñou que o problema está



■ Ethel Vázquez na xuntanza co alcalde de Monforte de Lemos, José Tomé.

na rede de saneamento municipal, que se atopa deteriorada e totalmente saturada e indicou que, a pesar de que esta é unha competencia municipal, a Xunta quere colaborar e por iso redactou o proxecto de saneamento independente, que supón un investimento de preto de 290.000 e ten un prazo de execución de 3

meses, garantindo que se pode desenvolver o proxecto de Abiga. “Puxemos enriba da mesa unha solución eficaz e coordinada coa Confederación Hidrográfica”, dixo a conselleira, quen resaltou a vontade da Xunta de traballar e colaborar en todo o necesario para xerar riqueza e emprego en Monforte. Ethel Vázquez asegurou

que, máis alá dos 20 millóns de euros investidos polo Goberno galego no Porto Seco, a Xunta “fará todo o que está na súa man”, porque ten como principal motivación os máis de 1.600 parados de Monforte, un concello cunha taxa de paro do 20% que, engadiu, “non pode permitirse perder esta oportunidade”.

Guía Gastronómica

Mesón e Museo do Labrego na Merca

■ Restaurante hostel Mesón do Labrego e carnicería Lolo



■ Ramón, Rosa, Lolo e Moncho.

Na Merca (Ourense) está aberto o Mesón do Labrego desde o ano 1966 ofrecendo fundamentalmente cociña caseña. O leitón ao forno é a especialidade pero dispón de todo tipo de carnes, especialmente a cachena, pescados e mariscos. Neste trimestre a lamprea é o prato preferido polas peñas gastronómicas. Na adega, viño de tódalas denominacións

de orixe. No exterior, zona de fumadores, carnicería propia, amplo aparcadoiro e museo etnográfico desde 1968 con cinco mil pezas na actualidade e aberto todos os días, o mesmo co restaurante. Adoitan visitar o mesón viaxeiros de Galicia pero tamén do País Vasco, Cataluña e Madrid e peñas deportivas ourensáns. Ciclistas e moteros xúntanse para xantar no mesón no que tamén se preparan banquetes de vodas e de empresas, así como outras celebracións sociais no amplo comedor climatizado. O Mesón do Labrego tamén é hostel con dez habitacións.



■ Museo etnográfico ao carón do restaurante.



Xunta e Concello de Pantón asinan un convenio de colaboración



■ O alcalde de Pantón no despacho da conselleira de Medio Ambiente, en Santiago.

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio formalizou a entrega ao Concello de Pantón das obras de soterramento das liñas de instalacións eléctrica en Curro, na zona próxima ao mosteiro cisterciense. Así o ratificaron titular deste departamento autonómico, Beatriz Mato, e o alcalde da localidade, José Luis Álvarez Blanco, a través da sinatura dun convenio de colaboración para rematar esta actuación. En concreto, o proxecto desenvolveuse nun tramo da estrada N-120A, nas aforas do núcleo de Ferreira de Pantón. O obxectivo era retirar as liñas áreas existentes, de xeito que quedaran eliminadas completamente, co fin de coidar e poñer en valor a riqueza patri-

monial da que dispón este concello lucense. Para cumprir esta meta, foi preciso realizar canalizacións e arquetas para a instalación eléctrica. O Goberno galego, ademais do financiamento, encargouse tamén da contratación e execución da obra. Agora que os traballos están rematados, son entregados ao concello, que será o encargado de explotar e conservar esta actuación, tal e como estaba recollido no convenio asinado en novembro para o inicio das obras. Esta medida inscríbese nun dos eixos de actuación da Consellería de Medio Ambiente: a realización de accións que melloren os contornos urbanos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

A adega chantadina Vía Romana xa ten o selo de Galicia Calidade

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, destacou que o selo Galicia Calidade apuntalará á adega Vía Romana como referente da empresa familiar galega que ten sido capaz de expandirse e competir nos mercados globais. Conde entregou o certificado de Galicia Calidade, que reconece o seu Mencía, aos responsables da compañía chantadina, caracterizada "por unha forma distinta e galega de facer as cousas", plenamente comprometida coa calidade a través das máis avanzadas técni-

cas de tratamento e elaboración de viños, unidas á gran calidade da materia prima e a exhaustivos controis de calidade. Conde subliñou que Vía Romana é o símbolo do grupo empresarial chantadino Vini Galicia, que tense convertido "nun puntal do noso sector vitivinícola, presente en preto de 30 países desde o mesmo corazón da Ribeira Sacra", configurándose como unha das principais empresas do sector en Galicia sumando viños de Ribeira Sacra, Rías Baixas, Ribeiro e Valdeorras, entre outros, ademais de augardentes e licores, viños es-

pumosos, de cociña, sangría e aceites.

Vini Galicia

"Vini Galicia, a través da adega Vía Romana, segue así o traxecto doutras empresas que están levando ás nosas mellores referencias vinícolas por todo o mundo, baixo o selo Galicia Calidade, contribuíndo así de forma clara a facer Marca Galicia", dixo Conde. Coa vinculación entre Galicia Calidade e Vía Romana, a marca de garantía da un paso máis no recoñecemento do sector vitivinícola galego, que incorpora xa 13 adegas das 5 denominacións de orixe, con Adega Eidos, Adegas Altos de Torona, Adegas Valdés, Vilarvín, Señorío de Rubiós e Adega Paco & Lola, en Rías Baixas; Quinta do Buble e Gargalo, en Monterrei; Adegas Ruchel e A Coroa, en Valdeorras; Adegas Nairoa; en O Ribeiro; e Regina Viarum e agora Vía Romana en Ribeira Sacra. Coa incorporación desta última adega, Galicia Calidade suma xa 55 empresas e máis de 350 produtos certificados. Conde destacou tamén que, no marco da Estratexia Galicia Calidade 2014-2016, a Consellería de Economía, Emprego e Industria chegou a acordos nos últimos meses para estender o selo de garantía a outros sectores da economía galega como o granito, a biomasa e o turismo.



■ O conselleiro entrega a Juan Luís Méndez Rojo o certificado de Galicia Calidade.

Viveiro con vides autóctonas en Sober



■ A conselleira co alcalde de Sober, a delegada da Xunta e o empresario Iván Prado.

A conselleira do Medio Rural, Ángeles Vázquez, visitou ás instalacións da adega A Man de Prado, no concello lugués de Sober. A empresa foi beneficiaria de dúas axudas xestionadas polo Grupo de Desenvolvemento Rural Ribeira Sacra. Por un lado, para a creación da adega e o seu acondi-

cionamento, por máis de 194.000 euros e, por outra banda, para a creación dun viveiro con vides autóctonas para contribuír á recuperación de variedades tradicionais (Brencellao, Merenzao, Caíño, Souson e Garnacha) na Ribeira Sacra, cunha axuda de preto de 45.000 euros.

Galicia

Redacción de OURENSE

A Xunta potenciará o Servizo de Atención no Fogar no municipio de Riós

José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, reuniuse con Francisco Armando Veiga Romero, alcalde de Riós para repasar a situación dos servizos sociais neste municipio ourensán.

Rey Varela celebra rolda de entrevistas con rexedores e rexedoras co obxectivo de poñer en común as liñas estratéxicas que guiarán este ano a actuación do Goberno galego no ámbito da inclusión; da atención aos maiores e ás persoas con dependencia; do apoio á familia, á infancia e á conciliación; e da xuventude. O conselleiro insiste no diálogo cos entes municipais para optimizar os recursos locais e autonómicos de ambas institucións en beneficio dos galegos e galegas. Deste xeito, a Xunta de Galicia e os responsables das entidades locais adquieren o compromiso de acadar unha política social axeitada que se adapte as necesidades de cada

concello. Neste sentido o responsable da carteira autonómica de Política Social e o primeiro edil de Riós contemplaron as posibilidades de cooperación futura en aspectos como a atención á dependencia. Ao respecto, Rey Varela anunciou un incremento de 70 horas no Servizo de Atención no Fogar (SAF), coa finalidade de chegar a un maior número de beneficiarios. O obxectivo da Xunta no conxunto da Comunidade Autónoma é subir ata o 75% a ratio de cobertura do sistema galego de coidados e promoción da autonomía persoal, que actualmente atende a practicamente dous terzos das persoas que teñen recoñecida a dependencia.



■ Rey Varela, recibíu en San Caetano ao alcalde de Riós, Veiga Romero.

Cocineros de curriculum intachable con experiencia en Restaurantes Estrella Michelin

Los mejores platos de la cocina Portuguesa

Conocer y probar los sabores de Portugal, con recetas tradicionales hechas con arte contemporáneo

La cocina moderna mas cautivadora de Portugal

Nueva carta Galaico-Lusa

La novedad del Asador's

Galicia y Portugal... ...vecinos

ASADOR'S JOSE RESTAURANTE

En Riós a 8 min. de Verín

A-52, Salida 143
Riós, Ourense
Tlf: 988 42 52 67
647 93 31 73

Lusitana

Galaica

Carnes exóticas a la brasa:
coco drilo, canguro, avestruz, camello, bisonte, búfalo, cebra, ñu, caballo, potro.
Novedad: culebra pitón, jirafa, tortuga y llama.

podrá saborear lo mejor de la cocina Portuguesa y Gallega

Redacción de OURENSE

Festival Pórtico do Paraíso en Ourense, Esgos e Celanova

O IX Festival Internacional de Música Pórtico do Paraíso se desenvolverá do 4 ao 13 de marzo cun programa "orixinal e ecléctico", en palabras do seu director artístico, Juan Enrique Miguéns. No festival aparecen destacados nomes da escena clásica coma os franceses Les Éléments, a arpa de Manuel Vilas ou o dúo húngaro Katona Twins, alén da conferencia de Cecilia Rodrigo. Porén, a novidade máis importante deste Pórtico do Paraíso é a incursión noutras vilas da provincia: Así, haberá concertos nos mosteiros de San Salvador de Celanova e no de San Pedro de Rocas, en Esgos. "Este festival medra en contidos, espazos e oferta musical consolidándose coma un dos eventos culturais máis atractivos da programación, aberto aos cidadáns e pensado para as persoas", declarou o alcalde de Ourense, Jesús Vázquez, na presentación. O anuncio do festival contou tamén coa participación de Jacobo Sutil, director da Agadac da Xunta de Galicia, e do deputado provincial Manuel Doval. Se o primeiro destacou a "posta en valor do noso patrimonio arquitectónico como valor engadido á música, o segundo apuntou ao deber das administracións para coordinarse e ofrecerlle ao cidadán cultura e educación, que sempre deben estar na primeira liña das prioridades". O Pórtico do Paraíso, que inclúe no programa 7 actuacións de balde e unha de pago (a do quinteto Spanish Brass Luur Metals, o domingo 13 no Teatro Principal), aposta nese sentido por potenciar actividades musicais, divul-

gativas e didácticas. Juan Enrique Miguéns, director artístico do Pórtico do Paraíso, destacou a pluralidade de espazos e a calidade dos intérpretes, comezando polo concerto inaugural: "un repaso da polifonía portuguesa e española desde o Renacemento" a cargo dos franceses Les Éléments. Ademais, advertiu da singularidade do aforo de San Pedro de Rocas, axeitado para un máximo de 40 persoas, e que requirirá inscrición previa no info@porticodoparaiso.com malia que haberá 3 pases en total. Catedral de Ourense, Liceo, Igrexa de Santa María Nai, Museo Arqueolóxico, Liceo, Teatro Principal, Conservatorio e mosteiros de San Pedro de Rocas e San Salvador de Celanova serán pois os espazos desta novena edición do Pórtico, que contará cun orzamento de 63.000 euros, unha partida inferior á de 2015 (de 90.000) pero que se suplirá con "máis calidade e aforo en elementos que non están á vista dos cidadáns", segundo Miguéns. O obxectivo, superar as 3.400 persoas que asistiron o pasado ano ás actividades do Pórtico.

San Pedro de Rocas

Rocas é un antigo mosteiro e igrexa de culto católico xa fóra de uso. É o conxunto monacal de máis antigüidade de Galicia e o único onde se conserva parte da súa estrutura orixinal, unhas covas artificiais escavadas na roca que serviron de capela e cabeceira a unha igrexa medieval. Un exemplo singular de igrexa rupestre escavada baixo o monte Barbeirón. O conxunto monacal



■ O festival presentouse no Concello de Ourense.

está considerada desde o ano 1923 como un Ben de Interese Cultural. Na actualidade, xa pechado ao culto, é un dos principais atractivos turísticos da Ribeira Sacra e as dependencias acolle un museo e un centro de interpretación da vida monástica na Ribeira Sacra. A orixe de San Pedro de Rocas é anterior ao ano 573. Está ligado ao evanxelize-

dor Martín de Braga (Martín de Dumio ou Martín Dumiense) en época sueva. A principios do século VIII é abandonado debido aos ataques que sofre por parte dos musulmáns. Alfonso III de Asturias, o Magno, implanta a regra beneditina e dota, ao entón xa cenobio, de grandes doazóns que os seus sucesores, Alfonso V en 1007, Alfonso VII,

Fernando IV e Enrique III confirman e aumentan. No século XI un incendio destrúe gran parte do mosteiro que é reconstruído con axuda do abade Aloito e a comunidade de Celanova. Desde o ano 1199 o mosteiro de San Pedro de Rocas convértese no priorado máis importante do mosteiro de San Salvador de Celanova,

**Mudanzas
exclusivas para Vd.**

**Elevadores
de muebles
hasta 8 pisos.**

988 224 949 – 609 84 32 03
info@mudanzasjoseluis.es
www.mudanzasjoseluis.es



Coferma
VINOS Y BODEGAS
DE FDEZ & MACÍAS

608 844 882
988 374 865 - 634 243 274
cofermagalicia@gmail.com



Galicia

Redacción de OURENSE

A Eurocidade Chaves-Verín entra no Eixo Atlántico

Agrupación Europea de cooperación territorial (AECT) Eurocidade Chaves-Verín adquiriu a condición de membro do Eixo Atlántico en substitución dos municipios de Chaves e Verín. Esta decisión aprobouse na XXIV Asemblea Xeral do Eixo Atlántico celebrada no Europarque, en Santa María da Feira, Portugal, a mediados de febreiro. O presidente da AECT e presidente da Cámara Municipal de Chaves, Antonio Cabeleira, representou institucionalmente á Eurocidade Chaves-Verín nunha reunión á que asistiron os alcaldes dos 38 municipios e entidades que compoñen o Eixo Atlántico. A inclusión da AECT crese fortalecerá a coordinación na xestión de actividades, proxectos e axudas transfronteirizas que o Eixo pon a disposición

dos municipios anualmente, entre elas a promoción do destino Visita Chaves-Verín na feira Expocidades, a bienal de pintura en Chaves-Verín programada para marzo e abril, os Xogos do Eixo ou as axudas ao plan para a xestión de residuos de Chaves-Verín, traballos levados a cabo pola Axencia de Ecoloxía urbana do Eixo. A AECT conxuntamente co Eixo, presentou recentemente varios proxectos europeos á convocatoria Interreg V España-Portugal, destacando os dirixidos ao desenvolvemento do tecido económico tradicional de Chaves-Verín coa creación dunha plataforma de comercialización de produtos ecolóxicos, así como a definición de mecanismos que aseguren o desenvolvemento turístico da fronteira. A AECT Chaves-Verín reforza a súa posición

como modelo de referencia na cooperación de proximidade da Unión Europea (UE) dentro das redes das que xa forma parte o Eixo Atlántico e a RIET. Está a avanzar na creación da Rede de Eurociudades do Atlántico que agruparía as eurociudades existentes desde Irlanda do Norte ao sur da Península Ibérica. A Asemblea do Eixo valorou a importancia que a comisaria europea de Política Rexional, Corina Creu vén dando ao desenvolvemento da cooperación transfronteiriza de proximidade ao enviar á súa comisionada, Verónica Gaffey, a visitar a Eurocidade Chaves-Verín en novembro, dentro do programa de avaliación da cooperación transfronteiriza en Europa. A prácticamente dous terzos das persoas que teñen recoñecida a dependencia.



■ Antonio Cabeleira, presidente da Cámara Municipal de Chaves.

Os socialistas denuncian a pésima situación da provincia



■ María Quintas, deputada autonómica e secretaria de Organización do PSdeG-PSOE.

A Executiva provincial do PSdeG de Ourense denuncia "a pésima situación socioeconómica da provincia logo de tantos anos de goberno do PP" e lamenta a negativa do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, a tomar medidas en relación co presunto caso de acoso sexual do presidente da Deputación e do PP de Ourense, José Manuel Baltar, imputado polo xulgado. A dirección dos socialistas ourensáns analizou na segunda reunión do ano 2016, a situación política actual en todos os ámbitos do partido, "facendo unha aposta por abrir e facilitar aos militantes e cargos espazos de diálogo, co obxectivo de procurar debate político". "O traballo dos e das socialistas ourensáns e os seus representantes será en positivo co primordial obxectivo de que os homes e mulleres desta provincia que marchan en idade produtiva teñan a oportunidade de quedar, vivir e traballar na provincia de Ourense", sostén a Executiva.

"Os ourensáns e ourensanas xa non se apuntan ao paro, senón que optan pola emigración a outros lugares de España ou ao estranxeiro, temos un saldo demográfico negativo que aboca a esta provincia a unha crise permanente", lamentan. En opinión da dirección provincial dos socialistas de Ourense, "debemos forzar a presión mantida sobre o Partido Popular, redobrando esforzos tanto a nivel comarcal como provincial". A secretaria de Organización e deputada autonómica María Quintas critica o veto do PP de Galicia para que o presidente da Xunta de Galicia dea conta das medidas previstas con José Manuel Baltar. Neste senso, a dirección do PSdeG-PSOE de Ourense aproveitou a reunión para por en valor e felicitar o traballo político feito polo equipo socialista na Deputación "e animalos a proseguir co traballo propositivo e de control que está a desenvolver, evidenciando as eivas na xestión do PP e do seu presidente".

Recital de poesía con Marko Pogačar na fundación Vicente Risco de Allariz

Os veciños de Allariz e dos arredores puideron disfrutar do recital poético ofrecido por Marko Pogacar o pasado mes de febreiro

Marko Pogačar naceu en 1984 na antiga cidade iugoslava de Split, actual Croacia. Licenciouse en

todo o mundo, textos da súa autoría teñen aparecido publicados en máis de trinta linguas.

Literatura Comparada e Historia pola Universidade de Zagreb. Poeta, ensaísta, narrador e crítico literario, é tamén editor da revista literaria Quorum, e do bise-manario Zarez sobre asuntos sociais e culturais. Foi batería dunha banda de post punk, e editor da antoloxía da Nova Lírica Croata publicada en 2014.

Foi galardoado con premios á súa obra poética, narrativa e ensaística. Ten tamén gozado de bolsas e residencias como as de Civitella Ranieri, Passa Porta, Kulturzentrum bei den Minoriten, Milo Dor, Brandenburger Tor, Internationales Haus der Autoren Graz, Literarische Colloquium Berlin, Récollets-Paris e Krokodil Belgrado entre outras e, ademais de participar en festivais e encontros literarios por



Redacción de OURENSE

Ourense terá en 2018 unha estación intermodal para alta velocidade e autobuses

Ourense contará cunha estación intermodal con todos os servizos, cuxa integración (alta velocidade e autobuses) será total e completa, coa mellor dotación de servizos para os viaxeiros a través dun proxecto de reformulación integral dos seu entorno, dos terreos de Adif, que se presentará en próximas datas. E, para elo, as tres administracións implicadas na chegada da alta velocidade a Ourense (o Concello, a Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento) asinarán un convenio para garantir a blindar esta construción, que terá que estar rematada en 2018, data prevista da chegada da alta velocidade a Galicia. Así se puxo de manifesto no encontro de traballo que mantiveron o alcalde de Ourense, Jesús Vázquez, e o concelleiro de Urbanismo, José Cuideiro; a conselleira de Infraestruturas, Ethel Vázquez; e a ministra de Fomento en funcións, Ana Pastor, con técnicos do ministerio, que deron conta do avance dos traballos, baseados na integración real e completa da



■ Jesús Vázquez, alcalde de Ourense, primeiro pola esquerda, na reunión celebrada no Ministerio de Fomento.

estación de autobuses e nos tramos entre Taboadela e Ourense, para os que no mes de abril estarán listos todos os informes requiridos. Os técnicos están traballando para que a intercone-

xión sexa real, completa e integrada: un espazo funcional único para a estación intermodal, "tal e como sempre nos requiriu o alcalde de Ourense e ningún caso serán dous edificios", recalcou a

ministra de Fomento en funcións, Ana Pastor. Pola súa banda, Ethel Vázquez sinalou que foi unha reunión para avanzar na coordinación dos traballos, garantindo que a intermodalidade será real:

o Ministerio de Fomento co ferrocarril e a Xunta de Galicia coas competencias en transporte de viaxeiros por estrada.

Convenio

O alcalde de Ourense, Jesús Vázquez, amosouse esperanzado pola integración da alta velocidade e a coordinación entre as tres administracións implicadas, sobre todo co anuncio dun convenio entre estas para garantir que a estación intermodal, con integración completa, sexa unha realidade. "Este convenio blindará a estación intermodal para acadar o mellor servizo para os ourensáns e os que que nos visiten", recalcou o alcalde. Para a súa sinatura están pendentes varios informes técnicos, tal e como recalcou a ministra en funcións, que confía en que estean listos en poucas semanas. O alcalde tamén se amosou satisfeito no grao de execución dos traballos e nas previsións para os últimos tramos da variante exterior entre Taboadela e Ourense para a chegada da alta velocidade á cidade.

O Salón da Prevención e Seguridade Laboral será en Expourense o 13 e 14 de abril

Previsel, Salón da Prevención e Seguridade Laboral prepara a súa undécima edición que terá lugar en Expourense os días 13 e 14 de abril consolidado xa como unha cita imprescindible para todos os axentes sociais involucrados na prevención. Reuníuse reuníase o comité asesor para apuntar os temas que se abordarán a través do amplo programa de actividades co que sempre conta este salón. Un dos puntos para tratar nesta edición serán as "Novidades na Normativa da Saúde Laboral sobre incapacidades temporais" (baixas laborais) na que participarán representantes da Inspección de Sanidade e do Colexio de Avogados, entre outros. Pola súa banda, o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA), volverá tomar parte activa en Previsel organizando unhas xornadas sobre prevención de riscos laborais para os traballadores dos balnearios. Tamén continuará incidindo na prevención de accidentes no sector primario e dun modo

específico abordará os riscos nos traballos relacionados cos froitos secos e oleoginosos (castaña e aceite, fundamentalmente). Previsel 2016 continuará co seu labor de

sensibilización sobre a prevención aos futuros profesionais do mercado laboral convocando para iso a estudantes de Formación Profesional, sobre todo daqueles ciclos relacionados

coa edificación. Aproveitando a presenza de público novo no salón, impartiranse actividades de sensibilización sobre o comportamento adecuado en situacións de emerxencia. Outra

entidade que terá unha participación activa na próxima edición de Previsel será a Asociación de Técnicos de Emerxencias Sanitarias e Xestores de Emerxencias de Galicia, TES-GALICIA, que convocará no salón para asociados de toda Galicia. Previsel é un salón organizado por Expourense que conta co apoio do IGAPE e a colaboración do ISSGA. O comité está integrado polos principais axentes, públicos e privados, implicados na prevención: administración, patronal, sindicatos, servizos de emerxencia e colexios profesionais. A esta primeira reunión asistiron representantes do ISSGA, da Consellería de Sanidade, da CEO, da Policía Nacional, Protección Civil, Parque de Bombeiros e dos colexios profesionais de Médicos, Avogados, Aparelladores e Enxeñeiros Técnicos Industriais. A composición deste comité deixa patente que a prevención é un tema transversal e que afecta a todos os ámbitos da sociedade.



■ Primeira xuntanza en Expourense do comité asesor de Previsel 2016

Galicia

Redacción de OURENSE

Dez países participaron en Xantar 2016

Expourense celebrou a XVII edición de Xantar, a terceira como cita internacional, que estivo dirixida a estreitar a cooperación transfronteiriza entre Galicia e Portugal e Iberoamericana a través da participación de México



■ Autoridades no restaurante do país invitado: México.

Xantar 2016 contou coa fidelidade dos profesionais do sector e do público xeral tanto de Galicia como de Portugal. A organización estima que o salón acadou as 20.000 visitantes. Unha xornada estivo adicada ó Medio Rural e tamén a recoñecer o papel dos case trinta patrocinadores e colaboradores que fixeron posible esta XVII edición de salón converténdoo nun exemplo de cooperación público-privada. Tamén foi o día adicado aos concellos de Sober, Arnoia e O Barco de Valdeorras e á Federación Galega de Municipios e Provincias, FEGAMP. Entregáronse os premios do IV Concurso Xantar Gourmet- Edición especial Entroido no que se valoraba o emprego de produtos de calidade de Galicia recoñecidos con Denominación de Orixe (D.O.) ou con Indicación Xeográfica Protexida (I.X.P.). O programa de actividades presentou máis de 115 experiencias gastronómicas repartidas por primeira vez en tres aulas gastronómicas, cunha media de dúas experiencias por hora de duración do salón. Foron seguidas por máis de 6.000 participantes, na súa meirande parte profesionais do sector que supoñen

xa un 35% do total de visitas. Este programa incluíu exhibicións de cociña en directo na que participaron recoñecidos chefs de Galicia, Portugal, México e Costa Rica e nas que se puxeron en valor os produtos autóctonos e de calidade. Outra das actividades que espertaron o interese dos profesionais foron as máis de 25 catas comentadas de produtos como viño, licores, conservas, queixos e mel.

México

Esta edición estivo marcada polo protagonismo do Estado de Morelos representando a México como país

convidado. O director de Turismo do Estado, Sergio Perea, recoñeceu emocionado que a súa participación no salón superou as expectativas da delegación morelense, composta por representantes institucionais e por empresarios da hostalería. Asegurou que o éxito de Xantar está na “disciplina, traballo en equipo e corazón” entre a organización e os expositores que lle dan sentido ó salón. O Estado de Morelos participou en varias actividades como a mesa redonda sobre enogastronomía e o acto oficial de inauguración e a través do showcooking de cociña en directo



■ Stand do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra.

e do menú ofrecido no seu restaurante e elaborado polos oito mellores chefs do Estado. Trátase dun menú que convenceu e satisfaceu aos primeiros comensais que tiveron a ocasión de probalo e que destacaron a fusión e a harmonía de

de empresas e pequenos produtores de produtos certificados en calidade e por presentar o menú “Experiencias de Calidade” baseado en produtos con D.O. e I.X.P. Tamén por traer ata Expourense a exposición “Leite 100% Galega” e



■ En Vila de Cruces presentouse a Feira do Viño de Amandi.

sabores e texturas, sorprendentes para os padais españois.

Portugal

Portugal volveu ser protagonista en Xantar coa celebración do día adicado ás cámaras municipais de Viana do Castelo, Esposende e Felgueiras que compartiron protagonismo cos concellos de Mondoñedo e A Veiga e coa Fundación Amigos de Galicia. Entregáronse os Premios Xantar 2016 que serven para celebrar a concesión ó salón da internacionalidade por terceiro ano consecutivo. Os gañadores desta edición foron: Premio ao Mellor Stand Restaurante: INORDE, pola súa recreación dos Entroidos ourensáns e pola cooperación público-privada que supón o menú “kilómetro cero” que presentan en colaboración con Coren, Grupo Cuevas e Viña Costeira. Premio ao Mellor Stand de Alimentación: Consellería de Medio Rural, por facilitar a presenza nesta feira internacional

polos showcookings e actividades que organizaron. Premio á Mellor Acción Promocional en materia de turismo. Nesta categoría foron recoñecidas dúas iniciativas. Por un lado a Deputación provincial de A Coruña, por servir de soporte para que tanto os concellos como as empresas puideran presentar os seus produtos en Xantar. O outro premio recaeu na Cámara Municipal de Montalegre, entidade colaboradora fixa de Expourense, que presenta a súa oferta turística en todos os eventos organizados polo recinto feiral deixando ademais espazo nos seus para promover as feiras ourensás. Tamén foron entregados os premios do VI Concurso de Carteis das Festas Gastronómicas de España e Portugal, cuxo resultado foi. Primeiro premio: Festa do Percebe de Roncudo de Ponteceso. Segundo: Feira do Fumeiro de Felgueiras (Portugal). Terceiro: Festa do Botelo de O Barco de Valdeorras. A animación correu a



SUPLEMENTO

PRIMEIRO ANIVERSARIO

NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO

XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLAECIA



Editorial

Por: Guillermo Rodríguez

Director



0 neno xa ten un ano

No pasado 2014 publicabamos un Especial 30 ano d'A PENEIRA. Aquela foi unha data histórica, como así o recoñecían todos os nosos amigos/as que colaboraron na súa composición. Todos falaban de se trataba dun espazo no que podían expresar as súas opinións sen censura. Esa palabra non existía. Non había nin censura, nin políticas definidas. O termo liberdade de expresión contiña todo o seu valor expresivo; non era unha simple frase feita, era un feito contrastado. Aquela añorada empresa informativa rematou; tivo que rematar.

Esa maneira de informar foi o santo e seña de todos os xornais que tiveron e teñen a honra de dirixir ata agora; e xa van aló uns cantos.

Hoxe permítome presentarlles, prezados lectores, un humilde Suplemento co gallo do 1º aniversario dun novo xornal: NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO. Si, efectivamente. Eu son daqueles que tropezan dúas veces na mesma pedra; aínda que no meu caso non se trate exactamente dun tropezón; máis ben diría que se trata dunha necesidade biolóxica. Hai persoas ás que lles gusta matar as horas libres xogando a partida cos amigos, darse grandes camiñatas ou irse de ferias e coñecer países. Nada que obxectar pola miña parte; non faltaría máis. O que pasa é que a min esas cousas non me satisfacen. Eu mergulleime fai máis de trinta anos nun mundo diferente. Se cadra é un mundo que eu me inventei e que fóra de min non existe; non o sei. Hai quen me pregunta por que non disfruto da miña xubilación sen meterme en líos de editar e dirixir xornais que a ninguén, ou a poucos, interesan. Outros dinme que, xa que estou metido nestas liortas, por que non son máis práctico e trato de quitarlle beneficio. En fin, vese que nesta sociedade que

vivimos a maioría da xente só entende o de "tanto tes, tanto vales"; os valores do espírito, o pretender contribuír con algo a unha sociedade alienada, conformista e dominada por uns poucos que mandan, non ten compradores. O que importa, o interesante, é vivir ben, disfrutar da vida e non preocuparse polo que pasa ao noso arredor. Pero no meu caso é unha teima de profundas convicións democráticas e dun firme convencemento de que teño a obriga de facer algo polo meu País.

Eu dediqueime ao ensino durante preto de 40 anos. En todo ese tempo tiveron como norte e guía pretender que os meus alumnos/as crecieran e se formaran dotándose dun espírito crítico fronte a todo o que os rodeaba. Claro que apenas entendían as razóns das miñas directrices que, por outro lado, non eran máis que ensinalarles a pensar, a discorrer, a dudar do que lle daban cocido sen preguntarse cales eran os ingredientes. Espíritos críticos fronte ao mundo, capaces de analizar e defender o patrimonio cultural, social que nos ofrecen cada día. Alguén dirá "este tipo estivo facendo política na escola". Resposta: efectivamente, estiveron facendo política educativa, estiveron tentando abrírlles as mentes aos meus alumnos/as para que o día de mañá, cando chegaran á maioría de idade, non política senón biolóxica, foran quen de separar o trigo da cizaña; foran quen de analizar sen intermediarios o que esta sociedade lles ofrece. Esa é a POLITICA (con maiúscula) que eu fixen durante os meus anos de ensinante. Estou convencido de que se todos os meus colegas sentiran esta mesma necesidade e facilitaran os seus alumnos ferramentas mentais para

que puideran liberarse do bombardeo informativo ao que se ven sometidos, mellor nos iría a todos.

Nestes momentos convulsos que vivimos a nivel político, social e de valores poderían enfrontarse sós con posibilidades de éxito; non precisarían de muletas, de apoios externos que non sempre lles mostran o camiño axeitado. Os pais e nais dos nosos alumnos/as estarían máis tranquilos sabendo que os seus fillos/as non corrían perigo neste bosque de árbores podridas, en descomposición, nesta sociedade hedonista que non lle ofrece máis que consumismo, libertinaxe, vicio, sexo mal entendido.

Pero, diran vdes., que ten isto que ver coa publicación dun Suplemento Especial para conmemorar o primeiro ano de vida dunha humilde publicación? Pois nada ou todo. Depende a óptica coa que cada quen observa o mundo no que vive. Nada se o que lle preocupa é vivir ben sen importar a quen poida perxudicar, sexa directamente coñecido ou sexa o propio mundo en que vive. Todo se entendemos que somos apenas unha minúscula parte dun todo complexo que se chama sociedade, que será mellor ou peor segundo a nosa contribución honesta, firme e desinteresada ao seu desenvolvemento.

Pero, que pinta un xornal en todo isto? Pois, repito, todo e nada. Todo porque somos aquilo que oímos, escoitamos, lemos e cremos. Da información que procesamos depende o noso comportamento no eido social, moral, político e aínda relixioso. Alguén dixo, "dádeme unha escola e moverei o mundo". Efectivamente; non hai ferramenta de transformación máis poderosa que a escola. Aí nace, crece e se reproduce todo,

para ben ou para mal. Si, é verdade; sabemos que nestes momentos os centros educativos xa non son tan determinantes na conduta dos individuos; sabemos que hoxe a rúa é un elemento formativo ou disolvente das consciencias da adolescencia, dos nosos mozos/as. Sen embargo a formación, a educación que nos centros se deberá ofrecer segue sendo un elemento moi importante na vida dos futuros homes e mulleres que van ter nas súas mans o futuro de todos nós, non só deles mesmos senón tamén de todos os que con eles conformamos unha sociedade que pode ser vivible, que pode ser preciosa ou pode ser insufrible. Tal como están a discorrer as cousas máis ben parece que nos espera un futuro cheo de dificultades, de incertezas, de abusos de todo tipo, de predominio dos poderosos fronte a unha inmensa poboación indefensa, sen ferramentas para defenderse. Pode un xornal dar solución para todos eses problemas? Depende. É non é unha resposta á galega. Depende dos contidos dese xornal; depende do moralidade e honestidade dos que aí escriban, comenten ou critiquen o mundo actual. Un xornal, igual que un libro pode ser todo un mundo; pode darnos satisfaccións, alegrías ou poñernos á defensiva fronte aos perigos que nos atacan. Claro que ten que ser un xornal no que os valores morais, cívicos e solidarios conformen o seu corpus informativo. Non pode ser un xornal que estea ao servizo dos que nestes momentos teñen o mundo nun puño; dos que coartan a liberdade de expresión porque non lles interesa que coñezamos as súas falcatruadas, os seus espolios, os seus roubos de luvas brancas. Un xornal que teña no seu frontispicio, como

lema, como línea de conduta a verdade, toda a verdade e nada máis que a verdade.

É isto posible? Claro que é posible, non o están vendo. O único problema para que isto non sexa posible, normal e que nos entreguemos sen loitar, que sigamos a estela dos que non moven un dedo por ninguén se ese dedo non vai envoltado nun billete de determinado valor monetario. Pero se mantemos a mirada limpa, se nos negamos a aceptar como única solución aos nosos problemas aquilo que nos ofrecen sen esforzo, aquilo que nos dan xa dixerido para que non teñamos problemas dixestivos, entón si que atopamos solucións. Cada un de nós somos o centro do universo; nun só do noso particular universo, senón do universo global, total. O mundo está formado de pequenas partículas asociadas que lle dan vida. Cada unha desas partículas somos cada un de nós. Donde o mundo se chama Celanova, dixo o poeta; onde o mundo se chama ti e máis eu, dicimos nós.

Hoxe traemos ao mundo unha nova criatura. Xa non nos queda moito tempo para amamantala. Ao noso particular reloxo biolóxico vánselle consumindo as pilas. Confiamos en que os que veñen detrás saiban valorar o que retendemos defender; non para que nolo agradezan porque o facemos libremente e con sumo gusto, senón para que se arremanguen, poñan o mono de obra do traballo feito con cariño, fe e ansias de darlle ás futuras xeracións un mundo mellor.

Que vdes. o vexan. Verémonos o próximo ano para apagar dúas novas velas de esperanza e fe no futuro.

Saúda da Presidenta da Deputación de Pontevedra

Síntome moi orgullosa de participar, con estas palabras, neste número que conmemora o primeiro aniversario do xornal Novas do Eixo Atlántico. E fágoos porque os medios de comunicación desenvolvedes un papel fundamental para o bo funcionamento democrático e sodes unha peza imprescindible para facilitar as relacións entre as administracións e a cidadanía.

As cidadás e os cidadáns teñen o dereito a recibir unha información clara e veraz sobre as actividades que realizan as administracións públicas, sobre as decisións que estas toman e que inciden nos intereses públicos. Amais, as administracións temos, por lei, a obriga de ser transparentes e de permitir que a cidadanía interveña e participe activamente na política. Para isto cómpre que todas e todos coñezan con claridade, obxectividade, certeza e veracidade datos da actuación e distribución dos fondos públicos.

As democracias avanzadas deben satisfacer ese dereito á información pública e, neste contexto, os medios de comunicación realizan un labor fundamental. Por todo isto a celebración do primeiro aniversario dunha cabeceira como Novas do Eixo Atlántico é un motivo de ledicia para a cidadanía, para as administracións públicas e para a propia democracia.

Espero que este primeiro aniversario do xornal sexa o comezo dunha longa vida informativa. Sorte!

Carmela Silva Rego
Presidenta da Deputación de Pontevedra



Algo que moitas veces é tan doado convértese en difícil, por mor das circunstancias, e de difícil recuperación. A cordura, o sentido común. Ese que nos obriga tantas veces a reconsiderar, a facer un exame conciliador das nosas cousas e, en consideración, mudar o rumbo para tomar camiño máis certo, máis acorde coa realidade: pisar de novo a terra. Así é, e compre voltar sempre a esa recuperación do “sentido común”. O normal, hai que dicilo, é a pluralidade, a diverxencia, a contradición. Iso non quita que esa diverxencia ou posta en común, traia consigo o diálogo, o razonamento e quizais o acordo. Son así todas as aplicacións do noso programa vital. Cando, por calquera razón, se obvia esta máxima é cando chegamos ao que hoxe nos ocupa. Temos un goberno que abusou do poder, que non conciliou vontades, que non quixo saber nin escoitar, que empregou o rodillo. Así nos foi todo. Unha debacle total, millóns de parados, traballos en precario, e todo canto sabemos de pobreza humana, de marchar da casa, de fames e miserias. O peor non é iso, agora que falamos de cordura. O peor é

que levamos tempo padecendo políticos que están sometidos ao poder financeiro, que non ven ás persoas nin os seus problemas. Resolven todo contablemente. Así levamos moito tempo. Ninguén lembra aquilo da pluralidade e da diverxencia, da posta en común, do acordo. Estamos aínda nos baixos dun franquismo que herda posicionamentos inmorais e inhumanos. Moitos están conformes porque lles pinta ben. Iso tamén é malo, son moitos. Tantos coma votantes destas restricións que aos demais afogan. Non se trata de lateralismos de esquerda ou dereita, non. Trátase de que non machaquen a sociedade na que vivimos, que deixen vivir –e non só a uns poucos. Pero non escoitan, nin queren, nin falan, nin deixan falar. E nesta última aseveración están os medios de comunicación. Todos eles, salvo raras excepcións, son submisos medios de divulgación política. Medios dependentes dalgún tipo de poder que espallan os postulados dos poderes (aqueles que aínda hoxe non foron “xamais” independentes,

Recuperar a cordura.

por moito que cansen en dicírnolo, en repetilo: non hai quen o crea). Son os altosfalantes do seu amo. Son os “loritos” amplificadores do poder. Os que nos meten polos ollos toda a morralla que temos nas pantallas, no papel, nas emisoras. A comunicación tampouco é plural, nin diversificada, nin diversificadora. Aí andamos todos. Les un xornal e desde os manipulados titulares, sabes quen paga e a quen serven! Faltan medios de comunicación solventes, de todas a ideoloxías e pensares. Faltan medios de comunicación que non se sometan nin se deixen manipular, que servan ao pobo, á xente do común. Á xente do comun, do mesmo común que o sentido común. Necesitamos medios de comunicación que contrasten as ideas, que sexan críticos con todo posicionamento bárbaro e totalitario. Faltan medios que non se autocensuren, nin censuren as opinións diferentes. Somos así, somos humanos e –polo tanto– plurais e diverxentes, contraditorios e sensibles. Ese é o noso maior tesouro. Podemos chegar a

entendernos, dando razón do que cremos e defendemos. Apostamos por esa democracia, por esa liberdade das ideas, por esa república dos sonhos que non renuncia aos seus ideais nos que a palabra fundamente o encontro. Un encontro que teña a xenerosidade e o talento para dar coa razón, e harmonizala coa flexibilidade necesaria de entendernos e convivir. Temos que recuperar o que somos. Necesario é que en Galicia, ou Galiza, nos poñamos de acordo en chamala polo mesmo nome. Nos poñamos de acordo en falar e pensar no noso idioma, en posesión íntegra, e non con aproximacións traducidas e de urxencia, coa mesma base ortográfica de necesitada “confluencia” na que non xordan os protagonismos estúpidos que nos deteñen desde hai tanto tempo sen chegar á cordialidade de sumarnos no mesmo proxecto. Temos que volver a esa mesa redonda da palabra nosa, do Pobo e Terra que somos. Sentirnos Matria, onde resolvamos os problemas de nós como comunidade vital e existencial, pensando en nós e nos

nosos problemas, na solución dos mesmos desde nós, sen dependencias interesadas. Temos que recuperar a memoria que nos chame, para saber de onde vimos e poder observar horizontes comúns de sobrevivencia naquel “sentido común”. Eu aposto por ese logro sublime, o de acadar múltiples ideas e confrontalas. Facer camiño desde a pluralidade mesma, así, desde medios humildes como son A Peneira ou as Novas do Eixo Atlántico que xa leva un ano de existencia e que pide paso, no medio da morralla, para facer uso digno desde a humildade coa proclama de permitir que conflúan -neste papel- en forma de mensaxe, as nosas diverxencias. E brindo por tan nobre proxecto para que resista moito tempo e non perda a cordura dos afectos!



Baldomero Iglesias Dobarrío

Mero

Por Rafael José Adalid Rodríguez

A auga como elemento patrimonial

Do gran abano que atinxe ás dúas vertentes que compoñen o patrimonio cultural, o inmaterial e o material, a auga ocupa un lugar destacado nestes grupos dado o elevado número de legados culturais que xiran entorno a ela. Ben é sabido que mediante a toponimia se resalta a importancia da auga ou esta mesmo en determinadas localizacións: Baños de Molgas, Caldas de Reis, Limia, Marín, Ribeira, Santa Mariña de Augas Santas... Conservándose infraestruturas procedentes doutras civilizacións que seguen en pé e incluso en pleno uso por parte da sociedade actual. Preservando así fontes, pontes, termas...

Non só da cultura material conservamos vestixios,


senón tamén da área inmaterial como dentro da transmisión oral, tendo dentro desta, entre outros apartados, os contos orais, lendas e os mitos. Historias que nos contaban os nosos antepasados cos seus personaxes moitas veces particularizados, onde poboacións foron asolagadas ou como se presentaban nestas as lavandeiras, mouras, sereas, xacios e outros individuos que gardan relación estreita coa auga, formando por tanto, parte desta tradición oral. A súa importancia radicaba na sociedade dende as crenzas populares, pasando polo misticismo e a súa presenza nos diferentes ritos e actos festivos, ata formar incluso como parte esencial dos coñecementos que a sociedade posuía sobre a natureza; presentes algúns destes aínda hoxe en día. Dende as xeracións anteriores á nosa que habitaban na nosa terra, preséntase-nos a auga como posuínte de propiedades e poderes,

só hoxe alcanzados dende a medicina, mantendo relacións coa maxia e o sobrenatural, tamén coa riqueza, podendo conseguir grazas a ela cousas impensables. Sen esquecer o poder especial que mantén dentro do seu carácter relixioso, así no catolicismo emprégase para bautizar, loitar contra persoas endemoñadas... Chama especialmente a atención a historia que rodea ás augas, ás fontes e ó termalismo. Deste último tivo gran “culpa” a expansión do Imperio Romano, que propiciou a construción de termas ó longo de todos os territorios dominados por Roma e por tanto en numerosas cidades ou vilas, das que aínda se preservan restos arqueolóxicos, tan antigos como as termas atopadas na cidade de Pompeia datadas no S. II a.C. No referente ás termas, o que resalta principalmente é a dualidade de uso que comparten o pasado e o presente das civilizacións, na cal se seguen mantendo

costumes en conxunto que apenas mudaron. Así na antiga Roma e na actualidade, os habitantes acudían e acoden en forma de ocio dentro do seu tempo libre, para conseguir a ansiada relaxación, tranquilidade, calma e o disfrute persoal desta. Como acontece actualmente, os romanos xa crían nas propiedades mineromedicinais das augas, para conseguir a curación ou como terapia de diversos males. Sen escapar lonxe da casa, un exemplo atopámolo no concello de Bande (Ourense), no que as termas e o campamento romano de Aquis Querquennis situado ó carón do embalse das Conchas, mantén a tradición sobre esta auga ó contar que posúe certas propiedades para combater o reumatismo e as enfermidades da pel. Sabido é como nas saunas ó aumentar a temperatura corporal elimínanse bacterias do corpo, pero estas augas quentes tamén favo-

recen a circulación sanguínea, así como a cura de feridas e mellora de certas enfermidades da pel entre outros moitos beneficios. Certamente estas augas gardan relación coa mellora

do benestar persoal, pero hai que ter en conta que non todo o mundo pode bañarse nelas, polo que sería aconsellable que as persoas que posúan unha tensión baixa, tomen certos medicamentos ou as mulleres que estean en estado de boa esperanza contacten co seu médico.



Opinión

Por Xosé González Martínez

Presidente Foro E. Peinador

Enrique Peinador Lines xa ten biografía. Escribíuna o historiador Ricardo Gurriarán logo dunha laboriosísima investigación. Pouco se tiña escrito sobre unha personalidade tan relevante da economía e política galega do primeiro terzo do século pasado. Reconstruír a súa memoria foi un dos obxectivos do Foro E. Peinador. De Enrique Peinador Lines coñecemos as súas acertadas xestións empresariais ao fronte do Balneario de Mondariz das que dan conta dúas documentadas teses doutorais. Estes estudos académicos infórmanos da importancia das súas instalacións e a completísima oferta para unha clientela selecta e esixente procedente de aquén alén das nosas fronteiras. Sabemos tamén que na embotelladora de Mondariz embotellábanse dez mil envases de auga mineral diarios con destino a moitos países latinoamericanos e europeos, lugares de procedencia de moitos dos hóspedes das instalacións balnearias. Enrique Peinador tivo un papel sobranceiro na construción das Irmandades da Fala e en todas as iniciativas culturais e políticas dese período tan importante para Galicia. Foron tantas que, en certa ocasión, cando llas relatei a un coñecido empresario pouco afecto á causa galega, díxome que tal personaxe era unha invención miña. Claro que existiu!, e nós, -díxenlle- ímos reconstruír a súa biografía inxustamente agochada por causas inxustificables.

Como dirixente do Consello Executivo do Partido Galeguista viaxou a Madrid para entrevistarse con Portela Valladares, que entón era Ministro de Gobernación, para interceder por Castelao e Bóveda que foran sancionados con cadansúa pena de desterro polo goberno de Lerroux. Nesa mesma viaxe a

Enrique Peinador, a reconstrución dunha biografía

Madrid, acompañado por Alexandre Bóveda, mantivo unha xuntanza na casa de Azaña para falar do Estatuto de Autonomía e establecer un pacto para a súa materialización



plebiscitaria cos dirixentes de Izquierda Republicana. En 1935, como delegado do Partido Galeguista, visita no cárcere Modelo de Madrid ao President da Generalitat, Lluís Companys, para amosarlle a súa solidariedade e a do Partido Galeguista. Participou na constitución de Galeuzca, unha organización que garantía o compromiso do apoio mútuo no servizo dos ideais comúns, que se materializou por mor dun conflito de com-

petencias entre o goberno central e a Generalitat. Importante tamén foi a súa participación no Pacto/Manifesto de Barrantes celebrado o 25 de setembro de 1930, que

foi a resposta para neutralizar o outro celebrado en Lestrobe.

Na orde cultural salientamos os seus apoios á Real Academia Galega, Seminario de Estudos Galegos e á revista "Nós", que deste xeito puido ter continuidade en xullo do ano 1925 despois de dous anos de interrupción por falta de medios económicos, como o acredita Vicente Risco nunha carta agora recuperada. A el débese o primeiro museo

etnográfico de Galicia localizado na finca de Pías; a edición de libros en galego e as chamadas

"festas galegas" que se celebraban para deleite dos hóspedes, nun intento pedagóxico de universalizar a nosa cultura e lingua.

Por iniciativa súa, Mondariz tivo varias agrupacións musicais -coros, grupos de gaitas e banda de música- e un grupo de declamación, que representaban obras de teatro en lingua galega; todas elas integradas por traballadores do Balneario. Na súa imprenta editáronse libros e as dúas publicacións periódicas, "Mondariz" e "La Temporada", nas que se mesturaban as colaboracións científicas coa divulgación do patrimonio cultural da comarca e de Galicia.

Orixinais foron os seus convenios coa Facultade de Medicina da USC para crear áreas de investigación hidrolóxica ou o proxecto da chamada Casa de América en Mondariz, que servise de centro de comunicación constante coa emigración de latinoamérica. El e seu pai foron os deseñadores da vertebración da gran área metropolitana de Vigo coa creación da empresa de tranvía que unía Vigo con Mondariz.

O Foro E. Peinador dedícalle este ano o Día da Galeguidade Empresarial, que inclúe a edición da devandita biografía e a colocación dunha estatua súa, obra do escultor José Molares, que será instalada nas inmediacións da Escola de Empresarias de Vigo, ubicación natural para que os alumnos do centro estuden e imiten o seu exemplo de bo xestor empresarial e galeguista.



Telf: 986 64 08 34



Ahora Nueva Gama de Productos Selectos:

- Rocas de Chocolate
- Variadito de Pasteles
- Tarta de Frambuesa
- Sublime de Cacao
- Tarta de té

Todas ellas personalizables con tu foto o dibujos infantiles. A partir de 2 Kg

CONFITERIA
Regino
RUA PRINCIPAL DE SANTIAGO, 18
TLF: 986640834
Pontearas (Pontevedra)

Terras de Turonio

Por Anxo Serafin Porto Ucha e Raquel Vázquez Ramil

Sen datos moi precisos e de distintas fontes en forma de epopeia, no ámbito da cultura céltica, o lar orixinal da tribo dos túrodes sitúase no NO bábaro. Despois boa parte da tribo asentouse ao sul do río Loira, con centro en Tours. Probábelmente, arredor dos inicios do s. IV a.C. trasladáronse a Hispania, polas terras da Bética. Indo cara o extremo NO peninsular, chegaron ao Lima, o río do Esquecemento, para logo ficar dispersos. Estamos, pois, na «feraz seara» da proto-historia da Galiza.

Bebendo nas fontes históricas de Estrabón (s. I a.C.), de Ptolomeo (s. II d.C.), de Mela, Plinio, Posidónio, Idacio, P. Flórez e outros, ademais da localización dos Túrodes Ártabroi na confederación do norte da antiga Kalláikia (Gallaecia), na comarca de Ordes, dentro da confederación que Higino Martins Estêvez en As tribos calaicas (2008) denomina do sul ou Grovios, atopábase a tribo dos Túrodes (ou Túrones) Growioi. Martins integra nos límites da ancestral Kalláikia as Oinaikos Asturon, Artabron e Growion, tamén coñecida como Bracarense.

Canto a referencias históricas, no Concilio de Lugo (569) alúdese a Turonia como á terra do bispo de Tui. Recaredo, o rei visigodo, acuñou moeda en Turonio coa lenda «Vitoria» despois da conquista do reino suevo polos visigodos no 585. O rei Ordoño II de León doou en 915 ao bispo de Lugo Recaredo o poboado de Bembivere (actual Bembrive, parroquia de Vigo), na Turonia. Tamén San Rosendo menciona a Turonia ao fundar o Mosteiro de San Salvador de Celanova no ano 942. O rei Alfonso VII de León e Castela, alcumado

«Emperador», e a súa dona Berenguela, doaron ao bispo de Tui, don Pelayo Menéndez, o castelo de Santa Helena de Turonia en 1142. Xa no século XIII Alfonso IX de León e Alfonso VIII de Castela recoñocen no Tratado de Cebreros que a dona Teresa, casada co rei de León, lle pertencían os catro castelos de Toroño: Sobroso, Tebra, Santa Helena e Entenza; que logo serán dados en dote a dona Dulce, filla de Alfonso IX e dona Teresa.

Para o seu estudo á luz de dados lingüísticos, no país de Turoniun, Martins Estêvez divide a extensión do territorio en tres triángulos. O primeiro abrangue a comarca do Baixo Miño, «con acréscimo da terra ao sul do río Miñor». Son os concellos da Guarda, O Rosal, Oia, Tomiño, Baiona, o sul de Gondomar e Tui. O segundo abrangue as terras ao norte de río Miñor e do Aloia. Comprende Nigrán, o norte de Gondomar, Vigo, Redondela, Soutomaior, Mos, Porriño e Salceda de Caselas, a comarca de Vigo. O terceiro triángulo tiña o Condado, A Paradanta e o Ribeiro, ao norte do Miño, cos concellos de Salvaterra de Miño, Ponteareas, Mondariz (hoxe, dous), As Neves, Covelo, A Cañiza, Arbo e Crecente, e os ourensáns de Avión, Leiro, Carballeda de Avia, Beade e oeste de Ribadavia, con parte de Pazos de Borbén, Fornelos de Montes, Pontecaldelas e A Lama. O territorio sería entón maior que a provincia de Tui no antigo réxime, collendo o sul da comarca de Pontevedra e o mais da do Ribeiro.

No Baixo Miño sitúanse, entre outros, o castellum Tyde, o monte San Julián ou Aloia, Santa Trega, o castelo de Torónio, nas terras de Burgueira en Oia, o monte



Erizana (Monte do Boi, en Baiona) e o cabo Silheiro. Na comarca de Vigo, os ríos Zamáns e Louro, os montes do Castro, o Castelo e Galleiro. Salceda e Entenza terían posteriormente gran relevancia medieval, co mosteiro de dona Aragonte ou o mesmo castelo de Mirabel, na confluencia de Atios e Budiño, lugares tamén monásticos. No Condado, Paradanta e o Ribeiro, a lexendaria Turonia (castro de Troña, en Pías), a Búrbida do posterior Itinerario Antonino deica Pazos de Borbén, os ríos Teia e Termes, Sanomedio, o tamén posterior santuario da Franqueira, onde

converxen A Cañiza, as Neves, Salvaterra, Mondariz e o Covelo, e os ríos Xabriña, Ceia e Deva. Xa, no Ribeiro, lindando coa tribo dos Artodoi, a zona de Avión, Carballeda de Avia, Melón, que sería despois un centro monástico importante, e Ribadavia, todo elo con soutos, carballos e avelandás, onde a toponimia celta fala da natureza.

No que foi Turonio quedan topónimos relacionados co antigo asentamento, como Troña, onde se asenta un imponente poboado castrexo, na parroquia de Pías (Ponteareas), ou Torroña, no concello de Oia.

En baño,
laguardia & moreira

laguardia & moreira

www.laguardia-moreira.com www.multimat.es -902 18 20 00- atcliente@laguardia-moreira.com

La Coruña - Vigo - Villagarcía - La Guardia - Multimat Ourense

Teatro para a xente*

Por: Carlos Meixome

Cando un era mozo, hai disto moitos anos, participabamos nunha asociación cultural das que inzaron polo país nos primeiros anos setenta do pasado século; unha das actividades primordiais era o teatro, afeccionado, daquela todo o teatro en galego era afeccionado. A compañía de rapazolos e rapazolas armaban con absoluta vontade e escasos medios algunha que outra peza para representar na vila, en mundial estrea, e despois, en exitosa xira, percorrer as parroquias do arredor e ata algúns dos concellos veciños. Eran obras de escenificación simple e sobre todo blancoamorianas.

Por certo, entre a admiración e a boa educación, pedíramos audiencia ante don Eduardo para que nos concedese autorización para representar un dos seus contos escénicos: “A tía Lambida”; permiso que evidentemente nos concedeu agradecéndonos, con afectuoso entusiasmo, a nosa visita. Ao longo da conversa, no vestíbulo dun hotel ourensán, don Eduardo afirmara, frase da que sempre acordei: “o meu teatro é para a xente, escribino para que fose representado polas vilas e aldeas...”. Esta concepción dun teatro popular, expresado nunha lingua popular, deixoua explícita Blanco Amor na “xustificación” do seu *Teatro para a xente*¹ publicado en 1974, un ano despois das súas *Farsas para títeres*², cando escribe:

“Esta “xentes” existe; forma a máis grande maioría do noso pobo, i é a que procura, e atopa, na outra língoa, ou na deformación paródica da súa -o castrapo- os estímulos e cumprimentos do seu apetite de lecer e de divertimento que non lle ofrece, nos seus usos “cultos” unha língoa galega que non é a súa: aquela en que tan requintadamente falamos i escribimos uns intelectuais pra os outros ou pra uns lectores minoritarios...” (p.9)

Este “populismo” de Blanco Amor estaba ben afastado das:


“(...) desmesuras e chocalloas do falso enxebismo postxoselinistas e da súa extrema deformación profesional no “xambolismo” que acada tamén o tratamento de “lo gallego” no teatro e no cine, pintoresco e colonialista, aínda que sexa por

mans de directores “intelectuais”. (p. 10-11)

Para os que se poidan perder nas referencias eduardianas, o “postxoselinismo” fai referencia a Joselín (José Rodríguez de Vi-

les” ao remate das enchentes oficiais”. (p.10-11)

Blanco Amor sabía ben do que falaba. Os “avatares políticos” do Joselín aos que se refire son os dun contraditorio virachaquetas:



cente, 1895-1958), un personaxe (galego de aldea, bo e de poucas letras, pero con moita sabedoría) enormemente popular tanto no país como na gran capital galega, o Bos Aires da primeira metade do século XX, que andaba a contar chistes cun esaxerado “sotaque” e unha presenza chocalleira e paleta. Aínda así Blanco Amor engade unha “exculpación” do contador:

“Non lle boto enriba todas as culpas desta nova modalidade “folklórica” dos narradores de socedidos ou contos como espectáculo parateatral, ao que foi meu bon amigo Xosé R. de Vicente, “Xoselín”, galego culto, gran cabaleiro, amante e defensor da súa terra por enriba dos seus avatares políticos sinón a aqueles que sin verdadeira gracia popular fixeron da súa natural finura de observación de tipos populares e da lingoaxe dos peiraos baioneses, un brosmo “patois” badoco pra adivirtir aos “executivos” en vista con estas espresións “racia-

membro inicial das Irmandades da Fala, risquiano; alcalde de Baiona na ditadura de Primo de Rivera; afiliado ao Partido Galeguista; galeguista en B. Aires e franquista condecorado en España. Tamén, Blanco Amor, coñecía ben a vila baionesa que visitaba con frecuencia nos anos finais da década dos vinte do pasado século e nos esperanzadores da República, a segunda. Reco-llemos de *Ardentía*³:

“Levado polo seu amigo Camilo Nartallo, Blanco Amor embarca nese buque de Baiona⁴ para andar á sardiña durante seis días⁵ ás ordes do patrón Xoaquín P. Nartallo, O Puto, na compañía de dous chós, *Tiño e Pepiño*, e rodeado de tripulantes de potentes alcumes: Manchiñas, *Bachinanga*, *O Perón*, *O Glorioso*, *O Americano*, *O Marimónides*, *O Labios*, *O Cachuzo*, *O Maricallas*...

E tamén:

“En marzo de 1933, o autor de Os biosbardos emprende unha nova travesía oceánica, con des-

tino a Vigo, a bordo do mesmo “Highland Princess” (...). Vén para ver morrer a nai, para polemizar co Partido Galeguista, para coñecer e intimar con García Lorca, para prendarse da figura política de Manuel Azaña... e tamén para revisitar a Baiona do “Norita” (...)

Pola súa banda o “xambolismo”, fenómeno tipicamente franquista, fai referencia ao humorista e actor **Tomás Ares Pena** (A Coruña, 1908 - Madrid, 1977) coñecido popularmente como Xan das Bolas no seu papel de galego “paleta”.

Así pois na busca dese punto de equilibrio, por certo nada doado de atopar, entre “tradicción” e “modernidade”, badeando entre o “intelectualismo” e o “folklorismo”, pretendía aguantar o leme Blanco Amor para navegar na procura de:

“á (...) conciencia como tal pobo galego, que esta é, no fondo de todo, a custión.” (p.9)

O certo foi que aquel grupo de mozos e mozas, do que eu só participaba lateralmente, puxeron en escena, que eu lembre, primeiro “A tía Lambida” e despois o “Cantar dos Cantares ou Galicia 1948” co beneplácito de don Eduardo, concedido pouco antes do seu falecemento, decembro de 1979, polo que debeu ser na altura de 1976 ou quizais no remate de 1975.

Fortes ventos sopraron nas velas daquela iniciativa. Loxicamente a Mostra que organizaba, dende 1973, Abrente en Ribadavia; tamén, para algúns que andabamos por Compostela, ver, enceto de 1975, a Roberto Vidal Bolaño convertido nun hercúleo Juan el Pantera (Xan O Panteira na adaptación) que o Teatro Antroido presentara na III Mostra de Ribadavia e logo percorrera vilas e aldeas; pero houbera outro pequeno, ou non tanto, detalle que insuflara ánimos a aquela rapazada.

Coa ousadía da mocidade empezárase ben por riba, representando, nin máis nin menos, que *Os vellos non deben namorarse*. Non lembro ben se se representaba completa a obra de Castela, coido que non. O caso é que ao remate dunha das representacións achegouse ata onda os ac-

tores un home, xa maior, fraco, máis ben alto, ben traxado e peiteado, que transmitiu sentidos parabéns ao elenco actoral e aos moitos e moitas que andabamos ao redor, desmontando o simple, pesado, primitivo attrezzo e convidábanos ao que o visitásemos nun hotel ourensán. Quen nos transmitía tan emotivas congratulacións e parabéns era nin máis nin menos que o “Tacholas”⁶. Poucos de nós, ao mellor ninguén, sabíamos quen era, pero que un señor maior se achegase a felicitarnos e ademais ben engravatado e falando un galego excesivamente culto causounos sorpresa e admiración. No día citado aló fomos, a outro vestíbulo, doutro hotel, no que o que para nós xa se convertera no celebre Tacholas, procuráramos información abundosa, díxonos con xesto serio e enchido de emoción que o fixeramos chorar pois trouxerámoslle ao maxín aquel 14 de agosto de 1941 cando participara na estrea da obra de Castela, no Teatro Mayo de Bos Aires, na que interpretara a morte no primeiro lance e a don Ramonciño no segundo. Convidounos aos cafés, departiu amablemente con nós, sempre cun xesto serio. Logo despediuse e mirámolo acercarse á caixa do ascensor sen volveirse en ningún momento.

Aquel xesto do Tacholas empurrara o ánimo do grupiño de teatro afeccionado e da asociación cultural da que formaba parte para seguir activos durante os seguintes anos. Dende entón a realidade da cultura galega e, en particular do teatro, mudou en substancia.

O colosal Xan o Panteira pele-xou duramente para converter o seu Antroido na primeira compañía de teatro galego profesional, co “Laudamuco, señor de ningures”, estreada no Colexio La Salle de Santiago o 18 de maio de 1978. Logo viñeron o Centro Dramático Galego (1984), a TVG (1985)... e centos de persoas interpretando, iluminando, deseñando vestiario, coidando do son, da fotografía... sen embargo aquilo que era para Blanco Amor “no fondo a cuestión”, é dicir, “a conciencia como tal pobo galego”, segue a esmorecer. Non sei se atinamos!

* Publicado no blog 27 de novembro de 2015.

1 Blanco Amor: Teatro para a xente. Ed. Galaxia, Vigo, 1974. A capa e as abundantes ilustracións, como era habitual en Galaxia, son de Xohán Ledo e recolle os textos: O cantar dos cantares, ou Galicia 1948, Fas e Nefas, ou o castelo enmeigado número 5.000 e pico; A carauta; Os baralláns e os tres contos escénicos: A medosa Blandina, A lebre das ánimas e A tía Lambida.

2 Blanco Amor: Farsas para títeres. Edicións do Castro, Sada,

1973. As ilustracións son de Luís Seoane. As farsas son: Romance de Micomicón e Adhelala; Amor e crimes de Juan el Pantera; Falsa morte e certa morte de Estoraque o Indiano; o libro completase con dous autos Anxélica no ombral do ceo e A verdade vestida.

3 Colectivo Etnográfico Mascato: Ardentía. Revista Galega de Cultura Marítima e Fluvial, nº 3. Edición da Federación Galega da Cultura Marítima e Fluvial. Cambados, xuño 2006. ISSN 1699-3128.

4 Refírese ao Norita.

5 Xaneiro de 1929.

6 Fernando Luís Iglesias Sánchez “Tacholas” (Ourense, 1909-Bos Aires, 1991). Estudou nos Maristas, foi membro da Coral de Ruada e emigrou, con vinte anos, á Arxentina onde estaban xa o seu pai e irmáns. Integrouse na vida cultural das sociedades galegas e foise abrindo camiño como actor na radio, dese momento vénlle o alcuño. Comprometido coa causa republicana, en 1941

Hai ben anos que o, na altura, concelleiro de cultura de Gondomar, José Luís Mosquera Veleiro, puxo en marcha unha mostra de teatro na vila miñorá. Durante anos os mellores grupos profesionais téñense achegado ata o auditorio Lois Tobío para poñer en escena as súas obras. Mesmo nalgún momento, que non lembro con exactitude, supoño que en 2003, un ano despois da morte de Roberto, ao Mosquera ocorreu-lle poñerlle o seu nome á Mostra do outono que dende aquela pasou a denominarse Vidal Bolaño. Nun lateral da sala, fronte por fronte cun óleo de Tobío realizado por Claudio Maseiro, colgou unha foto de Roberto co seu pucho na testa e o pito na man. Alí foi onde o vin por última vez, xa moi doente, poñéndolle corpo e voz a Tuavii de Tiavea, xefe dunha tribo samoana que lle explica aos seus súbditos as escasas virtudes da vida e costumes dos papalagui⁷, isto é dos homes brancos.

Un día o Celso Parada comentoume: "Tedes un caso ben curioso en Gondomar, un concelleiro que é do pepé e sabe de teatro; e gústalle o teatro galego aínda que non fala galego" e despois gabou a súa programación teatral.

A Mostra séguese a celebrar na actualidade, aínda que, quizais pola rutina, pero sobre todo pola falta de cariño e dedicación de Mosquera, vai decaendo co paso do tempo. Ben merecía un novo impulso.

Quixera retornar ao título destas liñas, que tomei prestado de don Eduardo, para louvar unha nova iniciativa teatral, a "I Mostra de teatro afeccionado de Gondomar e Oia", que acaba de poñer en marcha a, recén creada, sección de teatro do Instituto de Estudos Miñoranos (IEM), que dirixe Luís Carballo. Causoume unha gran satisfacción asistir a algunhas das representacións programadas⁸. Máis alá da maior ou menor calidade das mesmas ou dos textos, evidentemente Fo e Arrabal non precisan avaliación, o que me interesa é salien-

tar tanto a asistencia de público, en moitas ocasións veciños e veciñas dos actores con dificultades para reprimir a gargallada amigable ao ver persoas coñecidas ou familiares enriba do escenario, como o espazo social de colaboración, de traballo en común, de esforzo colectivo altruísta, de xenerosidade, de confianza, de humildade... que translocen as horas de ensaio, de debate, mesmo de enfados para acadar o obxectivo de representar unha obra colectiva, de recuperar para a xente o teatro de expresión e representación popular e achegarse ao que no "fondo é a cuestión" como diría don Eduardo.

A realidade desta 1ª Mostra non sería tal sen as accións constantes, silenciosas, xenerosas e efectivas de Miguel Anxo Mouriño dende a dirección da sección de Lingua e Literatura do IEM. Foi el quen animou e convenceu a Luís Carballo para que primeiro armase un grupiño de Morgadães para representar peciñas breves de Victoriano Taibo con motivo da entrega do premio anual de poesía que leva o seu nome e, despois, a asumir a posta en marcha da sección de teatro de xeito tan atinado, pois non se pretendeu poñer en marcha un novo grupo teatral no IEM senón en aproveitar as sinerxías, coordinar as iniciativas existentes, darlles visibilidade aos grupos parroquiais e emprazalos a un reto anual. Como tampouco sería realidade sen a colaboración, como sempre, de Fino Lorenzo que realizou o deseño do cartel e dos programas de man. Eu quixen ver, no punto vermello que centra o cartel, o nariz de comediante que Vidal Bolaño incorporou como símbolo da súa profesión e que os compañeiros e compañeiras colocaron sobre o seu cadaleito.

Por certo, a conto de Taibo. A cara oposta do que estamos a falar. Un señor que seica preside, infortunadamente, a Entidade Local de Morgadães, o primeiro que fixo ao tomar posesión foi retirar a dotación coa que, durante sete anos, a Entidade veu afrontando o premio, prestixiando o

nome de Morgadães no ámbito cultural e fomentando a acción comunal da veciñanza arredor do acto de entrega: actuación da banda de gaitas "Balcón do Miñor"; representación do grupo "Bertorella"; participación dos alumnos e alumnas de Taibo... Afortunadamente o goberno municipal de Gondomar acudiu ao rescate e, para desgusto do non amentado que seica preside, asegurou a celebración do oitavo premio de poesía Victoriano Taibo, que agora non levará o en-

1952. O pai de Arrabal, militar de profesión, leal ao goberno da República, condenado a morte, despois conmutada, preso en varios cárceres, fuxiu dun deles en paxama e cunha enorme nevarada, nunca máis se soubo del.

No texto de Arrabal un matrimonio decide acudir á guerra para visitar o fillo, un soldado, e propoñerlle un xantar campestre na fronte de batalla; a chegada dun soldado inimigo dá pé a compartir as viandas de xeito amigable e comentar a guerra ata

coita os berros de dor, de medo, de rabia, de odio...

Dende hai anos veño expresándolle ás persoas amigas o meu temor ante a escalada de enfrontamentos armados que dende 2001 veñen assolando o Oriente Medio e que aos poucos estanse a estender polo planeta. O intervencionismo imperial dos EEUU, secundado polas potencias da Unión Europea e a anuencia dos réximes islámicos máis retrógrados, encabezados por Arabia Saudí, estendeu a guerra por Afganistán, Kuwait, Iraq, Libia, Exipto, Siria... e o rebote xa chegou a Madrid (11 de marzo de 2004), Londres (7 de xullo de 2005) e agora, so por citar os que ocuparon horas nos medios audiovisuais e consumiron toneladas de papel, a París. A intervención rusa en Siria, os xogos do réxime turco de Erdogan, a inestable situación exipcia... supoñen un chanzo máis na xeneralización dos enfrontamentos armados e son unha seria ameaza para a paz mundial. Sempre comento nos faladoiros que cando se encetou a guerra de España (1936) ninguén coidaba que despois viría a invasión de Polonia (1939) e a extensión do conflito armado na banda occidental do continente, ninguén pensaba que a Alemaña nazi ía ser quen de atacar a URSS (xullo, 1941) e ninguén, entre eles a cidadanía norteamericana, que a guerra se ía estender ao Pacífico (decembro, 1941), ata converterse en mundial.

Agudizoume esta percepción ver un grupo de veciños de Viladesuso, sobre o escenario do Lois Tobío, recuperar un texto de hai máis de medio século que infortunadamente segue a estar de máxima actualidade. Lembrei entón que deberíamos poñernos o nariz de bufón do que tanto gustaba Vidal Bolaño para berrar: ¡Non á guerra!



gadido de Entidade Local de Morgadães, e, agardemos, que o de anos futuros.

Sorprendeume o grupo de Viladesuso, ademais de pola dignidade da representación, polo texto escollido. O vello *Picnic no campo de batalla* escrito e rescrito por Fernando Arrabal, a partir de 1947, cando a súa nai pretendeu que ingresara na Academia Militar, e estreado en

decatarse de que ningún deles quere estar alí; daquela deciden regresar ás súas casas, pero morren no medio dun ataque, non se sabe ben de quen. É "o absurdo da guerra xorda", segundo o autor.

A xordeira que non escoita o ruído das bombas en Beirut, en Siria, en París; a xordeira que non escoita as rafagas dos kalasnikov e dos M16; a xordeira que non es-

funda, con Maruxa Boga, a Compañía de Comedias Galegas Boga-Tacholas e tivo diversos programas radiofónicos sobre Galicia. A partir de 1950 convértese nun dos actores máis populares do cine e do teatro arxentino.

7 Scheurmann, Erich: Os papalagui. Libro de ficción publicado en 1920. Edicións positivas, 2000. Traducción de Onofre Sabaté.

8 As obras programadas, postas en escena por primeira vez polos respectivos grupos, foron: "Non hai ladrón que por ben non veña" de Dario Fo, interpretada polo grupo "Bertorella" de Morgadães, dirixido por Luís Car-

ballo; "Os animais do paraíso" de José Luís Marques Lledó, a cargo de "Xente aquí e acolá" da parroquia de Mañufe; "Picnic" de Fernando Arrabal, representada polo grupo "O mellor de cada casa" de Viladesuso, dirixido por Rosa Otero; de novo o grupo de Mañufe "Xente aquí e acolá" representou "O asasino anda solto de José Cedena"; o grupo da parroquia de Borreiros "Xesta Vermella" representou "Doutor en cabeceira" de Antonio Fortes González e como remate o grupo "A Moura" de Chaín porá en escena a obra "Polos pelos" de Fátima Granja Paz.



A photograph of a man with a beard and brown hair, wearing a brown jacket, holding a young child in the air. The child is wearing a brown shirt, red pants, and brown shoes. They are in a forest with green trees and sunlight filtering through the leaves. The man is looking up at the child with a smile. The child is also smiling and looking towards the camera.

CONFIANZA
É SABER QUE
NON CHE
VAN FALLAR

GADIS

En Confianza

As Irmandades da Fala e o Tío Marcos da Portela, efemérides a lembrar

Por: Uxío Breogán Diéguez

O presente ano celebramos o centenario das Irmandades da Fala, creadas na Coruña na primavera do 1916. Agrupacións locais que reivindicarían a normalización e oficialización do idioma propio da Galiza na propia Terra, modelando o que darían en denominar ‘nacionalismo’ galego. Facíanlo conceptualizando á Galiza como ‘nación’, dado que a definición pola que Alemaña, Franza ou mesmo España eran indiscutibelmente nacións tamén era válida de ser aplicaba á nosa Terra (ao contarmos con lingua, cultura, territorio, historia..., de xeito ben definido, de noso). Figuras como os irmáns Vilar Ponte, Lugo Freire, Uxío Carré Aldao, Lois Porteiro Garea, Lois Peña Novo ou Castelao serían centrais nestes agrupamentos. Ás Irmandades da Fala hai que lles imputar sete “Asembleas Nazonalistas”, a primeira no 1918 e a última por volta do 1931, dando lugar esta á creación do Partido Galeguista, con Daniel R. Castelao e Alexandre Bóveda á súa cabeza. Tamén hai que lembrar como o primeiro concelleiro nacionalista sería o membro das Irmandades da Fala da Coruña Peña Novo (1920). Non sería posíbel entender (e contextualizar) o nacemento das Irmandades da Fala sen o esforzo galeguista inmediatamente previo a aquel, capitaneado por Manuel Murguía. Grande historiador galego, que tamén sería decisivo para organizar o soberanismo galego de finais do século XIX (coa patriótica ‘Asociación Rexionalista Galega’); que logo lle daría o relevo aos nacionalistas das ‘Irmandades’. Nesta liña, cómpre lembrar que para a súa socialización, o galeguismo desenvolvería un importante despregue mediático, tirando do prelo A Nosa Terra desde 1916 (logo da efémera e primeira etapa do 1907). E isto acontecía tendo como referencia o primeiro medio que se publicara plenamente

en galego décadas atrás -a partir do tempo de rexurdir das nosas letras-. Refirome, certamente, a O Tío Marcos d’A Portela, do que cumprimos o seu 140 aniversario.

O Tío Marcos d’A Portela

Emerxería en Ourense O Tío Marcos por volta do 1876, tendo como seña de identidade a súa decidida aposta polo idioma ‘enxebre e propio do país’. Subtitulábase aquel medio ‘Parrafeos c’o Pobo Gallego’, actuando como medio de denuncia dos abusos aos que ficaba submetido o noso país e, nomeadamente, as nosas e os nosos labregos; mulleres e homes cos que dialogaba e aos que daba cobertura nas súas reivindicacións. O ‘Tío Marcos’, como popularmente sería coñecido, adquiría así grande fama e implantación social, da man do seu artífice central, Valentín Lamas Carvajal (1849-1906). Prolífico articulista en diversos medios do seu tempo, sería o director do devandito semanario (que fora antes quincenal) e autor da maior parte dos seus textos, redixidos en clave netamente patriótica e popular. Autor tamén do tan celebrado Catecismo do Labrego (integralmente editado en galego e de enorme éxito), que vería a luz no 1889 asinado por ‘Frei Marcos da Portela’. A coincidencia nominal viña da man de ser esta publicación produto das ‘parrafadas’ do Tío Marcos d’A Portela (de feito sería neste no que vira antes a luz en sete entregas). O Catecismo saía do prelo cando o devandito semanario deixaría de se editar, en grande medida pola enfermidade que ao seu director lle faría perder a vista. Ora, Lamas Carvajal seguiría escribendo e alumeando proxectos, participando da creación da Real Academia Galega. Acompañando ao tempo da Solidariedade e das Irmandades da Fala, ‘O Tío Marcos’ renacía entre 1917 e 1919 como homenaxe ao seu fundador,

dando o relevo a seguir a A Nosa Terra. O Tío Marcos d’A Portela e A Nosa Terra, existente este último medio até hai ben poucos anos, fixeron parte do mellor do xornalismo galego. Realidade da que participa Novas do Eixo Atlántico, que cumpre o seu primeiro aniversario, comprometido ao igual que as Irmandades da Fala coa nosa patria. Celebramos este seu primeiro ano de vida, desexándolle longa vida!!



EMILIO
seguros



DECESOS · HOGAR · JUBILACIÓN · AHORRO · ACCIDENTES, ENFERMEDAD
VIDA · COMERCIO · PYMES · COMUNIDADES · R. CIVIL · AUTÓNOMOS · Etc...

telf. información: 609 544 351



GASOLEOS
TEA
S.L.

Distribución Oficial para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIAL E AUTOMOCIÓN
-SERVIZO A DOMICILIO-



Tif. e Fax: 986 61 43 12
Rosalía de Castro, 3 A GUARDA
Tif.: 986 66 13 90 - Fax: 986 66 13 89
Rúa Real, s/n PONTEAREAS



Influencias institucionistas en Bernardino Machado (1851-1944), Presidente de Primeira República Portuguesa

Por: Anxo Serafín Porto Ucha & Raquel Vázquez Ramil


Guillermo Rodríguez, director de Novas do Eixo Atlántico, invítanos a colaborar neste Suplemento Especial, co gallo do 1º Aniversario do noso Xornal. Suxírenos distintos temas, entre eles o das relacións académicas das universidades do norte de Portugal e as universidades galegas. Na especialidade e motivacións de ambos os dous polas cuestións his-

realizado en París, cando os dous eminentes homes iniciaron unha intensa amizade.

Facendo unha análise da correspondencia do *Fondo Giner de los Ríos*, depositado ata data recente na Real Academia da Historia de Madrid, de documentación bibliográfica, etc., é frecuente encontrar a Bernardino Machado xunto con outros personaxes da ILE. Así, cando Nicolás Salmerón, despo-

nez-Landi en *La Institución Libre de Enseñanza y su ambiente*. No ano anterior, en 1892, Cossío participara no Congreso Hispano-Portugués-Americano. As sesións celebráronse no Ateneo Literario de Madrid e a elas tamén asistiu Bernardino Machado, en cuxo honor tivo lugar un banquete no Restaurante Fornos, que presidiron Rafael María de Labra e o propio Machado e ao que tampouco faltaron Giner e Cossío. Bernardino Machado colaborou no *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza (BILE)* con varios artigos, tales como «Introducción a la Pedagogía», «A reforma da instrucción secundaria», «A socialización do ensino», «La pedagogía en la Universidad de Coimbra», «Notas d'un pae», «A Universidade e a Nación» e «La Academia y la Política».

Despois de participar na revolución de 1910, trala que se proclamou a República o 5 de outubro, Machado foi xefe do Goberno (1914) e logo Presidente da República portuguesa (agosto de 1915), para ser derribado por o golpe de estado de Sidónio Pais en decembro de 1917. Estes feitos coincidiron no tempo co falecemento en Madrid de Francisco Giner de los Ríos en febreiro de 1915, ao que Antonio Machado, o gran poeta español da Xeración de 1898 lle dedicaría aquela fermosa elegía: «Como se fue el maestro/la luz de esta mañana/me dijo: Van tres días/que mi hermano Francisco no trabaja/¿Murió?...Sólo sabemos/ que se nos fue por una senda clara/diciéndonos: Hacedme/un duelo de labores y esperanzas/...»;Yunques, sonad;



■ Bernardino Machado. Presidente da República Portuguesa 1925.



■ Bernardino Machado con Giner de los Ríos y Ricardo Rubio. Madrid, 1908.

tórico-educativas relacionadas coa *Institución Libre de Enseñanza* na Galiza, imos deternos nunha figura central do republicanismo portugués e de fonda aproximación ás xentes da ILE, Bernardino Machado Guimarães, «nascido no Brasil, de pai portugués e de mãe brasileira», tal como recolle o profesor Rogério Fernandes en *Bernardino Machado e os problemas da Instrução Pública*.

Certo que a ILE tivo con Portugal profundos lazos de amizade dende a súa creación en 1876. Francisco Giner de los Ríos foi a Portugal por primeira vez, case seguro, na primeira quincena de maio de 1879. En Lisboa vivía o seu pai, Francisco Giner de la Fuente, casado en segundas nupcias con Elena López-Vera Romero. Dende Lisboa Giner foi a Coimbra, onde existía a única Universidade do país, por entón. Bernardino Machado era profesor de Agricultura na Facultade de Filosofía dende 1877. Pero foi despois, con ocasión dun Congreso

suído da súa cátedra, tivo que emigrar a París, onde colaborou con Ruiz Zorrilla e participou na fundación do Partido Republicano Progresista, coincide naqueles anos de desterro cos portugueses Guerra Junqueiro, Trigueiros de Martel, Alves de Verja, Magalhães Lima, França Borges, Coutinho, Vasconcelos, Alfonso Costa e Bernardino Machado.

Lembremos que Manuel Bartolomé Cossío, o alumno predilecto de Francisco Giner de los Ríos, casou coa galega Carmen López-Cortón Viqueira. A familia era propietaria dunha quinta campestre en San Victorio, en San Fiz de Vixoi (Bergondo, A Coruña). O matrimonio celebrouse precisamente no templo do Bom Jesús de Braga, o 9 de agosto de 1893, grazas aos bos oficios da familia Machado. A muller de Cossío era católica e el non, coma moitos membros da ILE. Pedíuse dispensa a Roma, que non autorizou o matrimonio en España, tal como nos relata Antonio Jimé-

enmudeced campanas!/(...)).

En 1919 o antigo profesor Bernardino Machado era reintegrado á súa cátedra na Universidade de Coimbra. Foi convidado a formar goberno de novo en 1921, e, diante do Congreso da República, facía revalorización da muller e afirmaba que non bastaban escolas, senón que se precisaban bibliotecas e laboratorios.

Bernardino Machado asumía por última vez o cargo de Presidente da República en 1925. Logo viría o golpe de Estado de 1926 e o exilio. Portugal non espetaría do réxime implantado até un 25 de abril de 1974.

A vida persoal de Bernardino Machado foi tamén rica e salientábel. En 1882 casou con Elzira Dantas, filla do industrial Miguel Dantas Gonçalves Pereira, que sería deputado polo Partido Regenerador e Par do Reino. Elzira Dantas e Bernardino Machado tiveron dezanove fillos, pero a actividade dela non

quedou confinada nos muros da casa, senón que se proxectou na esfera pública. En 1916 foi elixida presidenta da Associação de Propaganda Feminista, e pouco despois fundou a Cruzada das Mulheres Portuguesas co fin de prestar axuda aos soldados mobilizados na Primeira Guerra Mundial. Acompañou ao seu marido nos exilios de 1916 e 1926, sendo sempre o seu máis firme apoio. En 1934 escribiu na Guarda o libríño *Contos para os Meus Netos*.

É significativo que, no seu exilio, Machado atopou acubillo na Galiza, algunha vez en Tui ou, máis permanentemente en Vigo, onde recibiu a visita de Fernando de los Ríos, sobriño de Giner que será Ministro de Instrución Pública no primeiro bienio da Segunda República española. En 1932 Machado instalouse na Guarda, e a partir de 1935 trasladouse á Coruña, onde sería considerado hóspede de honra, ficando posteriormente en Madrid. En 1936 a Guerra Civil española empúrrao cara a Francia. Regresou a Portugal en 1940, establecéndose no seu palacete de Mantelães (Paredes de Coura). Elzira Dantas faleceu en 1942 en Porto, e Bernardino Machado finou en 1944, sendo enterrado en Vila Nova de Famalicão, onde o Museo que leva o seu nome conserva o seu legado e promove actividades en torno á súa traxectoria e á historia recente de Portugal. O Museo Bernardino Machado merece a visita de cantos se interesan polo primeiro republicanismo portugués e pola figura de quen dixo: «A anarquía é esse ideal sublime para o qual tendem todas as sociedades modernas».



■ Bernardino Machado e a súa dona Elzira Dantas.

Compromiso maioritario das forzas políticas coa moción para o cumprimento da Carta Europea das Línguas e a derogación do decreto contra o galego

As forzas políticas asinantes da Declaración de Unidade a prol da normalización, agás o PP, presentarán a moción conxuntamente nas institucións.

Diversas forzas políticas con representación municipal e parlamentar mostraron hoxe o seu apoio a unha moción que pretende “facér visíbel en Galiza e no mundo que somos maioría quen queremos poder exercer con total liberdade o dereito a vivirmos na nosa lingua, e que o pobo galego tamén quere que o seu goberno cumpra cos acordos tomados colectivamente e ratificados a nivel internacional como Carta Europea das Línguas”. “O decreto está morto, ninguén o defende” sinalou Marcos Maceira, presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, en referencia ás posicións públicas das principais institucións culturais e educativas galegas, entre elas a Real Academia Galega, o Consello Escolar de Galiza, a maioría das ANPAS, os sindicatos, e agora por segunda vez o Consello de Europa, o que pon “gravemente en cuestión a fiabilidade internacional e o crédito político do goberno galego e en consecuencia de todas e todos nós”. Por isto, para a Mesa, “é urxente visibilizar que estamos unidas as organizacións políticas e as entidades sociais procurando que o noso goberno cumpra cos compromisos colectivos e internacionais sobre a lingua” e que “garanta plenamente a posibilidade de vivirmos en galego como mellor política de promoción do idioma”.

“A parálise do goberno galego en relación ao galego é o motor do seu retroceso, por iso cómpre actuar para

avanzar, con unidade en torno a aspectos básicos como o cumprimento do PXNLG e a Carta Europea, tal como se acordou na Declaración de Unidade asinada en xullo, e colocando a lingua como o que é: a principal obra colectiva, sinal de identidade e cohesión social do pobo galego, que precisa de ser cuestión de política nacional por riba das lexitimas diferenzas ideolóxicas”, aspecto no que coincidiron todas as forzas políticas presentes.

En representación dos partidos que presentaran a moción nos concellos onde teñen representación acudiron: Xavier Xil Xardón (Resp. Lingua de Anova-IN), Ana Pontón Mondelo (Parlamentaria do Bloque Nacionalista Ga-



lego), Fernando Alonso (secretario xeral de Coalición Galega), Consuelo Martínez (Parlamentaria de Cerna), Manoel Vello (Executiva de Compromiso por Galicia),

Xaime Requeixo (Executiva de Convergencia 21), Xabier Ron (Parlamentario, membro executiva de Esquerda Unida), Xesús Manuel Suárez (Presidente do Partido Galeguista), María Concepción Burgo (Parlamentaria do PSdG-PSOE), e enviaron a súa adhesión Terra Galega e Alternativa dos Veciños.

A moción insta á Xunta de Galiza a:

- Cumprir con todas as recomendacións do Consello de Ministros e do Comité de Expertos do Consello de Europa, e exixir do Estado español a aplicación real dos seus compromisos en relación coa Carta, tal e como indica o Consello de Ministros.

- Dar os pasos necesarios para cumprir co sinalado na alínea 640 do informe que afirma que o decreto 79/2010 de plurilingüismo contradí o establecido na Carta, e o punto 5º da resolución do Consello de Ministros, onde sinala que a introdución dunha terceira lingua no ensino non pode afectar negativamente á propia.

- Elaborar de maneira ampla e consensuada un novo decreto para o uso do galego no ensino, que atenda aos principios de normalización lingüística, e acorde co sinalado na Carta Europea.

- Que mentres non se elabora o novo decreto, modifique o actual derogando os artigos que poñen límites ao uso do galego nas aulas, como as porcentaxes máximas de materias a impartir en galego nos centros e a prohibición de impartir na nosa lingua as materias científico-técnicas ou matemáticas.

- Garantir unha oferta ampla de liñas de ensino infantil en galego en todas as vilas e cidades.

Galicia comeza o ano perdendo 1312 autónomos só no mes de xaneiro

-Lisardo Domínguez, voceiro de AUGA, Autónomos de Galicia, alertou da perda de 42 autónomos ao día, “en todo o mes, perdemos 526 en A Coruña, 410 en Pontevedra, 221 en Ourense e 155 en Lugo” -Estes resultados demostran que as medidas de apoio aos autónomos do último goberno tiveron nula efectividade, “foron meros parches electoralistas, ¿onde está a reactivación económica?”

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2016. O Ministerio de Emprego e Seguridade Social fixo públicos no día de hoxe os datos de afiliación ao Réxime Especial de Traballadores Autónomos correspondentes ao último día do mes de xaneiro. Segundo os mesmos, o voceiro de AUGA, Autónomos de Galicia, Lisardo Domínguez, confirmou a cifra alarmante que se viña augurando “no primeiro mes do ano perdemos en Galicia un total de 1.312 autónomos, unha media de 42 traballadores por conta propia menos ao día”.

Se ben é certo que xaneiro é un mes de caída tradicional de autónomos tamén é certo que a perda é maior ca en anos anteriores “cerramos o 2015 cun total de 217.058 autónomos e a último día do mes de xaneiro contamos con 215.746. O que significa que a desaceleración no crecemento do traballo autónomo evidente durante todo o ano 2015, intensi-

ficouse máis aínda no comezo deste 2016”.

A nivel provincial, dende AUGA destacaron que a perda de traballadores autónomos se rexistra en todas e cada unha das provincias galegas, “A Coruña conta a día de hoxe con 87.358 autónomos ao restar un total de 526, Pontevedra perdeu 410 e queda con 66.828, Ourense perdeu 221 e acada un total de 25.534 e Lugo resta 155 ata chegar aos 36.026”.

Por outra banda, cabe subliñar que a perda de máis dun millar de autónomos en Galicia se distribuíu proporcionalmente entre os xéneros, “dos 1.312 autónomos perdidos, 812 foron homes e 500 mulleres”.

Neste xaneiro negro para o colectivo, os sectores máis afectados foron, “a construción (-309), o comercio (-286) e a hostalaría (-238). Os únicos sectores que lograron pequenas cifras positivas foron, as actividades financeiras e seguros (+25), as actividades sanitarias e servizos sociais (+5) e as actividades inmobiliarias (+4)”.

¿Onde está a recuperación?

Con todo isto, Lisardo Domínguez, alertou de que “o ano comeza cunha moi mala noticia para o noso colectivo. O tempo venenos a dar a razón unha vez máis e a demostrar que as medidas de apoio aos autónomos e ao fomento do

autoemprego, das que tanto se vanagloriou o último goberno, tiveron nula efectividade na nosa comunidade e foron meros parches electoralistas. ¿Onde está a reactivación económica? ¿onde está a suposta recuperación que iniciamos?”. Considera fundamental que as condicións para os novos autónomos e os que xa están consolidados melloren neste 2016 dunha vez por todas e esixen que se forme o goberno que se forme “tomen medidas urxentes que solucionen de maneira definitiva os nosos principais problemas. A maioría dos autónomos xa establecidos encontrámonos con moitos atrancos para chegar a fin de mes e moitos negocios abertos durante estes últimos anos, están tendo graves dificultades para a súa consolidación ou incluso xa están cerrando”.

Ante esta situación, Domínguez non ve indicios de recuperación por ningures senón todo o contrario e cre fundamental para a mellora desta situación que se tome como prioritario “a implantación da cota progresiva en función dos nosos ingresos, maiores facilidades e mellores condicións de financiación, a rebaixa e flexibilización definitiva da presión fiscal á que nos vemos sometidos día tras día, a persecución legal contra a morosidade e a modificación da Lei de Segunda Oportunidade”.



Os viños de Señorío de Rubiós xa contan co selo de garantía de Galicia Calidade

A directora xeral de Comercio, Sol Vázquez, entregou o certificado de uso da marca de garantía Galicia Calidade, dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria, á adegas Señorío de Rubiós, sita no concello de As Neves (Pontevedra), nun acto no que participaron tamén o delegado da Xunta en Pontevedra, José Manuel Cores Tourís, e o xerente de Galicia Calidade, Alfonso Cabaleiro,

Os viños desta compañía, certificados pola Denominación de Orixe Rías Baixas, poderán incluír no seu etiquetado este distintivo de calidade da Xunta. Coa incorporación desta nova compañía Galicia Calidade conta na actualidade con 12 adegas das cinco denominacións de orixe.

Na actualidade, están certificadas por Galicia Calidade Adegas Eidos, Adegas Tolloiro, Adegas Valdés, Vilarvín, e agora Señorío de Rubiós, na D.O. Rías Baixas; Quinta del Buble e Gargalo, de Monterrei; Bodegas Nairoa, de Ribeiro; Bodegas Ruchel e A Coroa, de Valdeorras; e Regina Viarum e Vía Romana, de Ribeira Sacra. O certificado de uso, con validez para os vindeiros tres anos, permitirá aos viños de Señorío de Rubiós in-



cluír o distintivo nas etiquetas, como tamén nas diferentes accións de promoción que estimen oportuno.

Aposta pola calidade

Señorío de Rubiós é unha adegas da sub-

os viticultores ao longo dos anos e que mellor expresan as características destas viñas.

Dende a súa constitución no ano 2003, a adegas traballou para recuperar e potenciar os viños tradicionais da localidade, como o condado branco (coas variedades treixadura, albariño, loureiro, godello e torrontés), o sousón ou o pedral, que se elabora só nesta adegas. Unha aposta que lle permitiu gañar numerosos premios en diferentes concursos nacionais e internacionais.

Señorío de Rubiós conta neste 2015 cunha produción que supera o medio millón de litros, entre os seus viños tintos, brancos e espumosos. Na actualidade a adegas traballa na súa internacionalización, cunhas vendas que superan o 20% do total en países como Estados Unidos, Reino Unido, Suíza, Bélxica, México, Polonia, Australia ou Xapón.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria ten en marcha a Estratexia de Reforzo de Galicia Calidade, unha marca recoñecida e valorada polos consumidores que conta con máis de 300 produtos certificados, de 52 empresas diferentes, cunha forte presenza do sector alimentario.

taberna **O noso Eido**

Especialidades en:
Angulas e Lampreas, Peixes do Río,
Chocos a Prancha, Bacalao e Kikos a Brasa

RESERVAS { ANA 651 040 534
COKE 637 401 025

Telf: 986 658 313
Rúa da Fraga, 5 - SALVATERRA DE MIÑO

Talleres Guiller Motor

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)
Tel./Fax 986 66 15 41

Venta de vehículos usados

SPG
TALLERES

Nº Reg. Sanitario E-36-000038

Optica mahen

Senén Canido 4 - PONTEAREAS

Ópticos desde 1939

a calidade ten unha marca



galicia
calidade



Un paseo polo tempo

Por: Roberto Carlos Mirás

¿QUE VIÑERON FACE-LOS OS ROMANOS A GALICIA? PERMÍTASEME CONTOLO DUN XEITO DESENFADADO” Xosé Chao Rego Contan de Shopenhauer que un día deíxouse convencer para participar nunha excursión á cordilleira do Taunus. Daquela ocorreu que un páxaro non se comportou todo o ben que deberá deixando caer unha repugnante salpicadura, nada menos que sobre o chaleco branco e radiante dun dos compañeiros de viaxe. “Ve vostede” dixo, Shopenhauer burlándose, levo razón coa miña teoría de que vivimos no peor dos mundos imaxinables”. “Ao contrario” contestou o que vía en tan vergoñento apuro, a min paréceme que o mundo é todavía soportable. “Imaxínese que foran as vacas as que poderan voar” Esta anécdota imaxinable ou non dun Shopenhauer nas cercanías de Frankfurt onde o noso filósofo viviu dende 1833 até a súa morte en 1869 sírvelle a Volker Spierling no seu libro, “Arthur Shopenhauer” (Herder) para falar dun filósofo pesimista e así iniciar unha conversa. Axúdanos tamén, quizaves a aproximarnos a unha realidade na que actualmente estamos vivindo. Dende hai algúns anos son moitos os autores que como Shopenhauer a Traverso das súas obras e neste caso concreto, autores galegos que dan a coñecer ós seus lectores a nosa Gran Cultura. Na súa Antoloxía do conto popular galego” (Galaxia) os profesores Henrique Harguindey e a profesora Maruxa Barrio a traverso de varios contos populares nos achegan a esos relatos/ contos e ideas que quizaves polo paso do tempo todos temos esquecido dende “o gaiteiro morto” até “Señor cura, comeuno o gato”

“O ROUBO DO CORTIZO”

Nunha ocasión, xuntáronse o oso, o lobo e a raposa para iren roubar a un cortizo de abellas.

Así que o levaron, miraron o mel que tiña e viron que non chegaba para os tres. Entón, acordaron que o debía comer o máis vello de todos, e foron daquela dicindo o tempo que tiñan.

Dixo o lobo:

-Eu nacín cando aquel penedo.

- Eu xa era moza entón- dixo a raposa. O oso comprendeu que el non podía dicir que era máis vello cós penedos e entón dixo:

Eu nacín no ano do ourizo, polo tanto...

¡quieto o cortizo!

E colleuno entre os brazos e marchou con el á sombra dun rebozo e alí papou o mel do cortizo e a nós non deu porque non quixo

Relatos que por un certo parecido nos fan acordarnos unha vez máis de “Memorias dun Neno galego” do recentemente falecido Xosé Neira Vilas. Sabemos que Galicia foi visitada en tres ocasións polos os romanos e según a obra de Paul Teyssier “Os romanos desembarcan na Península Ibérica no Ano 218 a.C. A súa chegada constitúe un dos episodios da segunda Guerra Púnica. Todos os pobos da Península, con excepción dos vascos,

adoptan o latín como lingua e mais tarde todos abrazan o cristianismo” GALLAECIA

Foi o nome co que os romanos identificaron o territorio situado no extremo noroccidental da Península Ibérica habitado polos pobos indoeuropeos (término que abarca moitos campos dentro



da Historia, Socioloxía o Lingüística) de lingua céltica denominados galaicos ao Oeste e astures o Este. Anos máis tarde a culminación da conquista romana coa nova división administrativa de Diocleciano (emperador romano)

A comenzos do século V Gallaecia foi tomada polos suevos e os alanos (bárbaros que viñán de fora) a pesar da resistencia dos seus habitantes. En poucos anos e resumindo moito a Historia o reino suevo quedaría restrinxido a Galicia actual, o Norte de Portugal e o extremo Occidental de León, en tanto que os resto do territorio quedou baixo dominio visigodo. En verbas do teólogo Xosé Chao Rego (Prisciliano. Profeta contra o poder) “É coma toda romanización, tamén chega o Cristianismo a Hispania, teríamos agora que saber en qué momento faise presente en Galicia” Nembargantes houbo lazos que nos unen a Portugal dende non se sabe... E un deses lazos é a lingua, aínda que atopamos diversidade de opinións. LINGUA PORTUGUESA E LINGUA GALEGA O galaico portugués era a lingua romance durante a Idade Media en toda a Franxa Noroccidental da Península Ibérica dende o Mar Cantábrico até o río Douro. Desta evolución proceden os actuais idiomas galego e portugués que son apoiados por persoas e estudiosos que os consideran unha soa lingua a pesares das súas diferencias diatópicas. Fundamentalmente filólogos galegos e nacionalistas galegos demandan a unidade de ambas linguas (lingua galega e

portuguesa) Nembargantes das diferencias entre ambas linguas atopámonos coas diferencias culturais entre ambos países. Concretamente o portugués ao Sur do Douro e durante a Idade Media adoptou moitas palabras árabes. Teñen unhas diferencias diversas e atopámonas tanto a nivel fonético como morfosintá-

tico, amén de ortográfico e léxico. Unha boa parte é a castelinización que xurdiu co galego ao longo dos séculos. O galego foi marxinado como lingua culta ao longo de dous séculos denominados Séculos Escuros (período no que se considera a lingua galega non apta para a Ciencia e a Cultura) Actualmente, como non podía ser doutra maneira, hai distintas opinións tanto galegas como portuguesas que consideran que falamos de variedades da mesma lingua mentres que outros considéranas linguas distintas.

ESCRIBIR: ¿EN GALEGO O EN CASTELÁN?

Recordar a escritores da nosa cultura, dende Castelao, Álvaro Cunqueiro a autores actuais como Xosé Antonio Perozo ou Xabier Alcalá que non naceron en Galicia, pero escriben en galego- nos fai acordarnos unha vez máis da Poesía e da Literatura. Hai uns anos Miguel Anxo Fernán Vello e Francisco Pillado Maior daban a coñecer unhas conversas: “Conversas en Compostela con Carballo Calero” (1986) E logo tempo despois “A Nación Incesante conversas con Xosé Manuel Beiras” (Sotelo-Blanco) que daría lugar a unha segunda parte. Dende Manolo Rivas que naceu na Coruña e que pola súa obra Que me queres, amor? obtivo o Premio Nacional de Narrativa aínda que xa fora premiada en Galicia a súa versión en galego, até Marina Mayoral, natural de Mondoñedo (Lugo), gran investigadora e crítica literaria, autora de obras escritas en galego e tamén publicou en castelán “Dar la Vida y el Alma” Ou Fina Casalderrey que conseguiu o Premio de Literatura Infantil e Xuvenil en 1966 comenzando a escribir cando tiña corenta anos. Vemos que temos un gran legado. Descoñecemos a orixe do nome de Breogán. Pénsase que o propio Rei o elixiu como alcume para distinguirse xa que en dialectos como o irlandés significa o que ten o nome único. O seu mito e a súa historia acompañounos nesta viaxe. E non falamos dunha Galicia única, si de un mapa con moitas historias e termos que son testemuñas da mesma. Durante o século XIX o mito de Breogán foi difundido por románticos galegos que chegaron incluso a identificar a Torre de Breogán coa Torre de Hércules da Coruña xunto a cal se erexiu unha estatua de Breogán. É representado como o pai mitolóxico do pobo galego. Pero deixemos como diría o profesor Óscar Pujol (La sabiduría del bosque. Antología de las principales Upanisads Trotta) “que sexa a Deusa mesma do linguaxe: ese río sonoro, rebosante de significado, qué é a base de toda elocuencia e o fulgor de toda inspiración”



Galicia unha sociedade industrial?

Por: Isidoro Gracia

Durante todo o século XX GALICIA nunca puido ser considerada unha Sociedade Industrial, nin polo volume de emprego, nin polo valor engadido, nin baseándose en ningún outro parámetro, ata a súa cultura social, a 15 anos cumpridos do século XXI, dificilmente tería encaixe nesa definición, a pesar de que a participación do Valor Engadido Bruto Industrial no VEB galego alcanzou, segundo as estimacións do INE(2011) mais do 28% si sumamos todo o VEB do sector secundario, aínda que aos poucos perde peso fronte ao terciario que chegaba ao 64%.

O Estatuto de Autonomía de 1981 chega en pleno proceso de reconversión, polas economías occidentais, dalgúns dos sectores que estaban, e están, nos cimentos imprescindibles para inserir calquera territorio nesa chamada Sociedade Industrial, e inevitablemente impacta sobre a industria española e o aínda precario sector industrial galego.

Antes de 1981 as iniciativas públicas e privadas foran insuficientes para xerar un sector industrial, coa masa crítica imprescindible para inducir o fenómeno de arrastre cara ao crecemento, propio do papel que a teoría económica adxudica ao sector industrial. Esas iniciativas sempre estiveron ligadas aos recursos agrarios, forestais e gandeiros, aos procedentes do mar (naval e conservas) e aos hidráulicos no sector da enerxía (aínda cando As Pontes de García Rodríguez e Meirama sexan as instalacións que maior cantidade de enerxía eléctrica producen e se sitúan sobre os xa esgotados, recursos de combustibles fósiles existentes en territorio galego). No sector da minería son as pedras ornamentais as que serven de cemento a unha industria, que tardou un século en engadir valor suficiente sobre o terreo para ser considerado algo máis que un mero sector extractivo, que enviaba

materia primas a industrias de elaboración estranxeiras.

Quizais unha excepción á explotación dos recursos autóctonos é o sector de automoción que, de xeito difícil de explicar en base aos parámetros de localización estándar da época (proximidade aos mercados, cultura industrial da zona, facilidade de acceso das subministracións) pero con posibles vantaxes pola existencia dunha Zona Franca e de importantes incentivos públicos, comeza a desenvolverse na década dos 60 e, hoxe, é un sector clásico, consolidado, relativamente diversificado e cun alto grao de integración sectorial. Antes do Estatuto, e aínda agora, unha boa parte das iniciativas industriais proveñen do exterior de Galicia, en ausencia dun capital rexional ou dunha clase empresarial galega, se así se prefire, polo que, salvo notables excepcións, non existen unhas relacións inter-industriais internas que garantan unha certa autonomía na toma de decisións. É na iniciativa pública onde hai que situar os intentos máis importantes de promover un sector industrial con masa suficiente. Os incentivos da Gran Área de Expansión Industrial de Galicia intentan atraer aos tres polos definidos (Vigo, A Coruña, Vilagarcía de Arousa) proxectos e investimentos, mais é un intento tardío, con efectos limitados. Son decisións gobernamentais as que intentan consolidar os grandes estableiros de Ferrol (hoxe en grave regresión) as que nacionalizan unhas empresas en crises como Barreras (idem) e Álvarez en Vigo ou empresas de alimentación como Mafriesa (pechadas); e son decisións políticas as que implantan industrias con altos inputs enerxéticos noutros territorios galegos, manténdooas con tarifas políticas, aínda hoxe en día. Outro tema é o nivel de acerto ou éxito desas iniciativas. Como xa se apuntaba ao comezo, Estatuto

e reconversión chegan case simultaneamente, e hoxe pódese afirmar que sen os seus efectos Galicia, que xa entrou o século XXI ten un presente industrial (en

avanzado, centros tecnolóxicos, o futuro sostible das industrias convencionais, etc., grazas, outra vez, a iniciativas que teñen maioritariamente a súa orixe en



boa medida aínda por consolidar e potenciar) e unha certa capacidade na toma das súas propias decisións (nun marco de globalización da economía), sería unha Galicia menos industrial e máis dependente de decisións alleas. A reconversión e os seus efectos (discutida por algúns, mal entendida por moitos), e as medidas de reindustrialización que a acompañaron foron motor, do que parece un novo proceso de industrialización con no demasiado éxito. Neste momento dicir que en Galicia fálase, e sobre todo actúase sobre enerxías alternativas (malia os erros da Xunta), deseño

fontes exteriores, faise, nun mundo de soberanía compartida en todos os terreos, co unha capacidade de decisión propias en niveis que nunca, ata agora, estiveron en mans dos galegos, gozando da solidariedade e cooperación do resto de España e coa axuda inestimable do resto de Europa, marco no que a Autonomía supuxo un útil proveitoso, aínda cando non todo o eficaz posible debido en boa parte ás decisións e usos das maiorías de goberno existentes na Xunta durante a maior parte do período autonómico, absolutas e conservadoras.




IBM ABOGADOS

VIGO C/ Colón, 18 - 4ºB 36201 Tlf.: 986 421 457 Fax: 986 421 479 vigo@ibmabogados.com	MADRID Avda. de La Castellana, 228 - 5º Izq. 28046 Tlf.: 913 159 828 Fax: 913 159 828 madrid@ibmabogados.com	PORTO Avda. Boavista, 280 - 5º E/C 4050-113 Tlf.: 00 351 226067465 Fax: 00 351 226000166 porto@ibmabogados.com	PONTEAREAS Avda. de La Constitución, 16-1º 36860 Tlf.: 986 640 164 Fax: 986 660 971 ponteareas@ibmabogados.com
---	--	--	--

WWW.IBMABOGADOS.COM

Brevísima historia de Galicia

Por: Ramón Coira Luaces

O idioma é a vida (Manuel María)

SOBRE A NOSA PREHISTORIA

De hai 120.000, no Paleolítico inferior, xa hai restos de bifaces e fendedores de pedra nas Gándaras de Budiño. Arredor do 10.000 a.de C. houbo un gran cambio climático que trouxo máis calor e humidade... A cultura megalítica desenvólvese desde o 5.000 ao 2500 a. de C., durante o neolítico. As mámoas ou dolmén son os restos máis frecuentes: eran enterramentos funerarios dos primeiros agricultores e gandeiros. Inicialmente eran tumbas colectivas e, despois, pasaron a ser enterramentos dos xefes. As entradas orixinais estaban orientadas ao Levante, o que parece indicar que crían nun renacer dos espíritos dos defuntos, e que tamén nos suxiren un culto solar. Máis tarde, durante a Idade de Bronce aparecen os petroglifos ou gravados en pedra con figuras esquemáticas de cervos, cabalos, serpes, círculos concéntricos, labirintos, cazoletas e armas de guerra: espadas, escudos e alabardas. Según últimas teorías podería tratarse de figuras ideadas por chamáns, despois de tomar certos alucinógenos e de entrar en contacto co mundo dos espíritos. Ata aquí chegaron naves fenicias en busca do estano, imprescindible para facer bronce misturándoo co cobre. Parece ser que os castrexos viaxaron ás Illas británicas (probablemente en busca do estano) como indica a lenda de Breogán (quen desde unha torre de Brigantia ve Irlanda e cuxo fillo vai e morre alí, sendo vingado polos netos de Breogán, que conquistan e fican no país) e certos estudos de ADN feitos pola universidade de Oxford, que apuntan a orixe galaica dos habitantes das illas.

A cultura castrexa albíscase no s. IX a. de C. e continúa baixo dominio romano ata o século II. Chámase cultura castrexa porque os castros ou aldeas fortificadas son os seus restos arqueolóxicos máis representativos. Estaban construídos no alto dos outeiros e gozaban de murallas. Cultivan

cereais, trigo, millo miúdo, leguminosas. Tiñan vacas, cabalos, ovellas, cabras, porcos e pitas. Pero tamén cazaban, pescaban e mariscaban. E tamén hai restos de cans. Desenvolveron unha rica cerámica e unha artesanía da pedra, do bronce, ferro e



ouro, na que destacan as súas exquisitas xoias: torques, diademas, brazaletes,... e os motivos que tamén deixaron plasmados nas pedras. Eran politeístas e tiñan divindades da guerra como Bandua e Cosus, dos ríos (Nabia), dos camiños e das encrucilladas. Facían sacrificios de animais e pode que tamén humanos. Según as fontes clásicas, o seu modo de vida era sinxelo e a súa sociedade bastante igualitaria; aínda que tamén hai constancia da existencia duns "príncipes" ou persoas cun rango político destacado. As mulleres herdaban a propiedade da terra e nalgúns casos tamén tomaban as armas. Sobre si eran celtas ou non hai unha controversia, na que non imos entrar, pero si comentarei que no idioma e na estrutura social parece haber rasgos de orixe celta; se ben os arqueólogos falan dunha continuidade coa Idade do Bronce... Esta contradición quizáis a explica Julia Farley cando apunta que o celtismo é algo cultural e non xenético.

SOBRE A HISTORIA ANTIGA DE GALICIA

Os primeiros contactos documentados dos castrexos cos romanos foron cando aqueles

se enrolaron como mercenarios para combater contra Roma nas guerras púnicas, do lado de Viriato -o caudillo lusitano... Dicia deles Estrabón: "Son hábiles en emboscadas e exploracións sendo áxiles e capaces de saír do perigo". Décimo Xunio Bruto di-

via, Vicus,...) e cidades como Lucus, Bracara e Asturica. Ao Noroeste peninsular chamáronlle os romanos "Gallaecia" e déronlle categoría de provincia. A poboación era xeralmente libre e o número de escravos escaso. A súa sociedade organizábase en clans (tiñan un devanceiro común), centurias e populus, sendo os seus membros solidarios entre si. No cúspide social castrexo estaba unha aristocracia guerreira e os príncipes, que foron consentidos por Roma. A extracción do ouro foi obxecto dunha atención prioritaria por parte do Estado romano. Plantáronse vides e floreceu o comercio. Infraestruturas como a Torre de Hércules, as murallas de Lugo, diversas pontes e calzadas,... son os restos arqueolóxicos máis relevantes, xunto cos mosaicos. Introdúcese o culto ao Emperador e aos deuses romanos e, a partir do século III, implántase o cristianismo. No s. IV exténdese o priscilianismo, interpretación local da nova relixión que foi declarada herética, aínda que perviviu ata o século VI. Prisciliano foi xulgado, torturado e decapitado por orde do Emperador Clemente Máximo (en complicidade co papa Dámaso), xunto con catro dos seus seguidores. Os seus restos foron traídos polos seus simpatizantes de volta a Gallaecia, onde foron venerados como mártires. Eran vexetarianos, defendían o ascetismo, criticando o excesivo materialismo da Igrexa, aceptaban os escravos como iguais entre os crentes e ás mulleres no sacerdocio, non prohibían o matrimonio entre o clero, participaban nas tradicións populares e rituais contra a seca ou para propiciar boas colleitas,...

O REINO DE GALICIA NA IDADE MEDIA

No 410 chegan á Gallaecia os suevos, que pactan co Emperador. Eran entre 10.000 e 30.000 e, tras un período de perturbacións, conviviron pacificamente coa poboación galaicoromana. Hermerico foi o primeiro rei. Os suevos fanse tamén cató-



licos e o reino galaico suevo alcanza o seu esplendor con Teodomiro e Miro (559-583). Colaborou con eles como asesor San Martiño de Dumio, chegado do Imperio Bizantino. O Reino e a Igrexa organízanse en concilios de bispos que se celebran periodicamente e nos que se rexeita o priscilianismo. No 585 foi invadido o Reino por Leovixildo, que o anexionou ao dos visigodos; se ben conservando Galecia bastante autonomía. Destaca tamén San Fructuoso como organizador do monacato galego.

Tras a invasión islámica do 711 a Galecia do Norte do Miño non foi incorporada a Córdoba e permaneceu libre, acudindo a ela moitos refuxiados do Sur hispánico. A sociedade que se forma é feudal. No cuspide social está o rei, logo os señores feudais -que lle xuran lealdade- e, por debaixo, unha poboación de servos e libres, que traballaban a terra: non tiñan a propiedade da mesma, que estaba en mans dos señores civís ou eclesiásticos, e eran os seus vasallos. Formouse un reino antiárabe e o rei residía en Oviedo. No s. IX descubriuse un sepulcro, que deron en dicir que era o do Apóstolo Santiago, que lexitimaba o reino e que se convertería nun relevante centro de peregrinacións. Con Alfonso III recupérase o poder nas cidades ao Sur do Miño. Con Ordoño II a capital instálase en León. O reino padece as razias musulmanas e as incursións vikingas; porén os reis eran coñecidos tanto en Europa como na Hispania islámica como reis galaicos. O período de esplendor acádase entre os séculos XI e XIII. En palabras de Anselmo López Carreira, florece a agricultura, iniciase unha gran explotación pesqueira, medra o comercio, consolídanse e organízanse as cidades, remátase a catedral de Santiago e outras. Exténdese o monacato cisterciense e, posteriormente, aparecen as ordes mendicantes. Desenvólvese tamén o labor dos trovadores, que crean a poesía lírica medieval galego-portuguesa. Na primeira metade do s. XII consúmase a independencia de Portugal. A decadencia vén no s. XIV: malas colleitas, “Peste Negra”, aumenta a conflitividade social e política... Hai sectores da nobreza que se adican ao bandleirismo e os concellos organizan á poboación urbana e rural en “Irmandades”. É a revolución dos irmandiños (1466-69), durante a que se derrubaron numerosos castelos (e que foi precedida polas revoltas locais dirixidas por Roi Xordo contra os Andrade en 1431). Porén triunfa o contraataque señorial de Pedro Madruga e os irmandiños son derro-

tados. E remato este capítulo con esta reflexión: a deturpación da nosa historia só se pode remediar co esforzo de todas e de todos.

GALICIA NA IDADE MODERNA

Triunfante Isabel a Católica fronte a Xoana, á que apoiaba a maior parte da nobreza galega, as tropas dos Reis Católicos atacaron e dominaron Galiza. No 1483 Pardo de Cela, que se resistía ao poder real, é decapitado en Mondoñedo; e Pedro

Souto maior morre a traizón en Portugal. Os monarcas crean en 1480 a Audiencia de Galicia, presidida por un Gobernador xeral, con poderes para legislar, xulgar e executar. Os escribáns e notarios teñen que contar coa aprobación da Chancellería de Valladolid e escriben en castelán. Os

bispos, abades e moitos monxes son de fóra de Galicia, contrubuíndo ao proceso castelanizador. As escolas son obrigadas a usar a gramática castelán. A Inquisición instálase en 1574, extendendo a cultura do temor a do sangue. Con Carlos I a alta nobreza galega foise trasladando á Corte e implicándose nas empresas militares do Imperio.

Nesta época mellora a economía con máis produción agraria e artesanal e con un aumento do comercio. O campesiñado ten as terras en foro. Medra tamén o volume do comercio atlántico co Novo Mundo. Galiza, que perdera o voto en Cortes no 1425, recuperouno en 1623 pagando para a construción dunha escuadra para a defensa das costas galegas, mais axiña foi destruída nas guerras e as costas galegas ficaron desprotexidas ante os ataques dos piratas e inimigos. Galiza, isolada, ruralízase economicamente. Exténdese o cultivo

do millo e da pataca, traídos de América, mellorando considerablemente a dieta humana e gandeira. A poboación aumenta e a finais de século XVII Galiza alcanza o millón de habitantes.

A principios do s. XVIII hai un cambio dinástico e chega ao trono a dinastía borbónica. É a época do “Despotismo ilustrado” (todo para o pobo pero sen o pobo). As institucións son as mesmas, pero os ministros dos Borbóns amosan máis interese e eficacia. Medra tamén a emigración tem-

poral ás segas de Castela. Aparece a industria da pesca e da salazón, aumenta a arte e a sán a téxtil, as ferreirías, a canteiría e o traballo do coiro. En Sargadelos créase unha fábrica de fundición de armas e cerámica. Con Carlos III acábase co monopolio de Sevilla-Cádiz e os

portos galegos poden comerciar libremente coas colonias. Destaca tamén o labor cultural de ilustrados como Feixóo (que combate os prexuízos contra a ciencia e a experimentación e defende a educación das mulleres e a protección do campesiñado) e Sarmiento, que defende o país e o ensino en lingua galega. En xeral, os ilustrados reivindicaron a Galiza como reino de cultura e lingua propias.

GALICIA NA IDADE CONTEMPORÁNEA

Galiza foi o primeiro reino da Península que expulsou os invasores franceses, que a ocuparan por orde de Napoleón Bonaparte a principios do s. XIX. Durante todo o século, haberá unha loita entre absolutistas e liberais e, dentro destes, entre moderados e progresistas. Aparece no reino o centralismo político e o uniformismo cultural. Produciuse tamén o proceso desamortizador de bens da Igrexa, porén rara

vez os labregos chegaron a mercar estas propiedades de terra, pasando -xeralmente- a pagarlles os foros aos novos propietarios. O poder central contaba cos caciques locais que controlaban as eleccións. Hai corrupción, depresión económica e moita emigración, xeralmente a América. O ferrocarril chegou con retraso e carencias importantes. Mellorouse o ensino, máis só en castelán. En 1846 prodúcese unha sublevación contra a monarquía española, denunciando que Galicia era tratada coma unha colonia, e os seus líderes militares foron fusilados (os mártires de Carral) e os civís desterrados a Portugal. En 1863 Rosalía de Castro publica “Cantares Gallegos”, iniciándose así o Rexurdimento, no que destacan autores como Curros Enríquez e Eduardo Pondal, así como o labor pregaleguista -entre outros- de Murguía, casado con Rosalía de Castro. En 1923 Alfonso XIII autorizou a Ditadura de Primo de Rivera, que limitou as liberdades e obstruíu a galeguización emprendida polas “Irmandades da Fala”, fundadas por Antón Vilar Ponte en 1916. Xurdiu tamén o agrarismo, un gran movemento agrario que buscaba a redención dos foros por parte do campesiñado, o que se empezou a conseguir en 1926, previo pago de indemnizacións ao foreiro. As eleccións municipais de 1931 déronlle a vitoria aos republicanos, e o Rei marcha ao exilio, instaurándose a II República (1931-1936). Foron cinco anos de avance democrático, de galeguización e de creatividade cultural. En 1931 fundouse o Partido Galeguista, cuxo dirixente máis destacado foi Castelao. No mes de xuño de 1936 aprobouse maioritariamente polo pobo galego o Estatuto de Autonomía de Galicia, que non entraría en vigor por mor da sublevación militar fascista do mes de xullo; dando comezo á Guerra Civil (1936-1939). O Portugal de Salazar, o réxime de Hitler en Alemaña e a Italia de Musolini apoiaron con armas e tropas aos sublevados, que acadaron a vitoria sobre os republicanos, que foron apoiados só pola URSS. Instaurase así un réxime de terror e represión, a chamada Ditadura do xeneral Franco. Franco morreu en 1975 e iniciouse a Transición, que deu lugar á Constitución de 1978 e á monarquía de Juan Carlos I, elixido sucesor por Franco. Foi un período moi inestable, por mor do terrorismo e da permanente ameaza golpista por parte dos sectores franquistas do exército. Porén Galicia acadou un certo autogoberno.



Cafe Bar
MIMOS

La  **Primitiva**

Tel: 986.665.433 - 686.010.825 Praza do Mercado, 7 ARBO



ESPECTÁCULOS

MANOLO NOGUEIRA

SUBE SI PODES
TELF.: 609 31 31 12

Isolacionistas

Por: Nemesio Barxa

Militantemente isolacionistas sem preocuparlhes o futuro da lingua nem seu proprio futuro como literatos ou criadores, preocupados sô polo seu pessoal interese no presente.

A lingua galega é um idioma que pertence ao âmbito cultural e lingüístico da lusofonia. Não vou repetir dados de nascimento, extensão da fala e evoluir históricos, sô sua ubicação num sistema lingüístico determinado e a sua degradação por imposições políticas e de intereses económicos.

A partir do reinado dos que a historia espanhola chama com orgulho "Reis Católicos", mas que em realidade foram racistas e xenóforos, a lingua propria de Galiza foi afastada dos documentos públicos e praticamente erradicado seu uso da vida social. O galego, que florescia ao sul do Minho, conservou-se ao norte casi exclusivamente no rural (daquela havia muito rural) e transmitiuse a través dos séculos como idioma marginal, sem escrita, fora da vida social das cidades, abandonado por uma fidalguia traidora ao seu povo e uma burguesia que mirava para Castela. Assim chegamos ao século XIX (seriamos injustos se na noite de pedra do idioma não lembramos ao Pai Sarmiento) com o Ressurdimiento e a irrupção literaria de diversos vultos que recuperam o idioma na escrita, idioma com arcaísmo ortográfico, que difire parcialmente na ortografia com o que segue a evoluir e florecer ao Sul do Minho, muito erosionado na sua convivencia com o dominante "castellano" ainda para os escritores em lingua galega.

Era bastante responsabilidade para nossos devanceiros recuperar litera-

riamente o galego restaurando ademais uma ortografia extranha para os que eram escolarizados em castelam e para os poucos que liam algum jornal escrito, exclusivamente, em castelhano; e assim



se adoptou a ortografia castelhana e se prescindiu das letras "j" e "g", esta última no seu som forte, para evitar confusões com o som das mesmas do idioma dominante, substituídas pelo "x".

A Ditadura, que proibiu o uso do galego, coidouse muito de que não existiram canles de relação cultural entre o galego e o galego português falado ao Sul do Minho, temendo trasfondos políticos. Chegada a democracia (?) afluorou a realidade de não ser idiomas diferentes senom o mesmo idioma o que se fala ao Norte e ao Sul do Minho, e no Brasil, Angola, Moçambique..., com só mínimas diferencias morfológicas e ortográficas.

Necesariamente temos que recuperar uma ortografia que, por lógica, será a ortografia padrão. Mas também aqui a politica interfere e tanto a Castela coloni-

zadora (que inocula á Espanha intolérante) como os patufos colonizados inventam um idioma e uma ortografia, sobre a base do galego deturpado e disperso nas diversas bisbarras da Galiza,

para consumo proprio, afastandose do potente tronco literario e cultural da lusofonia, ficando humanisticamente isolados, negando que o actual português é o galego que evoluiu com normalidade. E imponhem esse idioma estragado com uma legislação adequada para que seja exclusivo seu uso no âmbito oficial e ao mesmo tempo excluem de subsidios ou publicidade oficial aos que escrevam na norma padrão, a norma do português; eu mesmo não podó apresentar escritos aos Julgado na norma padrão porque consideram que é um idioma estrangeiro, nem ainda saírmes das normas ortográficas do idioma corrompido, que eles chamam "normativizado"; tampouco me acceptam colaborações na norma padrão jornais e revistas porque se veriam privados de ajudas e subsidios, só alguns como as

Novas do Eixo Atlântico, Sermos Galiza ou Novas de Galiza.

Os literatos que escrevem suas obras no deturpado "nomativizado" obtêm ajudas e liberan-se da competencia dos escritores portugueses, escrevem para entre eles, com excepções muito salientaveis como Méndez Ferrín ou Manolo Rivas (que som amplamente traducidos a varios idiomas, entre eles o português) e outros que arriscadamente se passaram á escrita padrão como Teresa Moure ou Vitor Vaqueiro, assumindo em defesa do idioma todos os inconvenientes que supõe a contracorrente e carecer de ajudas, subsidios, premios e incluso infraestructura para imprimir ou promocionar seus livros. Mas estes vam ocupar um lugar por direito proprio no mundo da lusofonia em parceria e competencia com os grandes literatos do mesmo tronco cultural, directamente e sem tradução.

Os poderes constituídos (cultural e político) controlam ferreamente o cada vez menos emprego (num idioma menguante) da "normativa", premiando aos que a utilizam e sancionando aos que não a acceptamos. Disfrutem som seu "ñ". alheio á nossa escrita, prescindam da "j", desaproveitem o "g", despreciem o "ç" ou os dígrafos que, em definitiva, pouco mais é o que defende seu isolacionismo, tratando de reduzir um idioma que, no caso de que a furia lingüística do PPG e seu presidente não o liquide antes, discurre polo gume de converterse num dialecto do espanhol, que terá muito pouco espazo de consumo para os literatos que ainda o sigam a utilizar. Quinta do Limoeiro, fevereiro do 2.016

Festival de Vilar de Mouros em risco

Por: Isabel Varela

Aquele que é considerado o mais mítico entre todos os festivais de música do país, o Festival de Vilar de Mouros, corre risco da edição de 2016 ficar sem efeito. A razão foi anunciada por Luís Montês, director da empresa 'Música no Coração' ao afirmar que « está dependente de patrocínios». Este director foi ainda mais longe nas suas afirmações e salientou que « se conseguirmos garantir patrocínios, realizaremos o festival. Caso contrário não avançamos. O festival poderá acontecer à mesma, se a Câmara Municipal assumir a organização». Até ao fecho desta edição não conseguimos apurar quais as consequências com esta provável não realização do Festival de Vilar de Mouros. Segundo sabe-



mos foi assinado no ano passado um protocolo com o objectivo da realização deste evento. No entanto, contactado pela LUSA, Miguel Alves recusou-se a prestar declarações. Consequências para a Música no

Coração? Ou para a Câmara Municipal de Caminha? O certo é que a autarquia caminhense já tinha adiantado a organização do Festival para este ano por um consórcio liderado pela promotora Música no

Coração, e que incluía ainda as empresas Probability Makers e Metropolitana. Mais: o município caminhense chegou mesmo a adiantar a data do festival para 25, 26 e 27 de Agosto. Agora sabemos que tal pode estar em risco, e somente resta esperar pelo final deste mês para a total confirmação ou não, pois Luís Montês também adiantou que a promotora « continua a procurar patrocinadores, e que está a aguardar até ao final do mês respostas a algumas propostas». Recordemos que já no ano de 2007, e a um mês da sua realização, o Festival de Vilar de Mouros foi cancelado por dificuldades de entendimento entre os vários parceiros envolvidos na organização e foi retomado

em 2014, a cargo da Associação dos Amigos dos Autistas (AMA). Esta instituição de solidariedade também, avançou com o retomar do evento em 2015 e tal não se verificaria por ter sido cancelado pela Câmara Municipal de Caminha. Na altura, a justificação dada por Miguel Alves, presidente do município caminhense foi de « impreparação e incapacidade" da organização, a cargo da AMA, de acordo com o protocolo assinado. A verdade é que todos estes rocambolescos episódios não fazem jus ao grande «pai» do Festival de Vilar de Mouros, dr. António Barge, o impulsor e criador do mítico Festival por onde passou, entre outros, Elton John, U2 e Manfred Man.



UNHA NOVA DEPUTACIÓN

María do Ceo presenta “De Portugal a Galicia” o seu recente traballo discográfico



■ María do Ceo vive en Ourense desde os sete anos.

“De Portugal a Galicia Fado”, é a presentación do novo disco de María do Ceo, o número doce da súa carreira, no que a música da cantante vai desde Porto, a súa terra natal, ata Galicia que está percorrendo estes días presentando o seu traballo. É o fado miúdo, que nace en Galicia e remata en Porto. María do Ceo é unha cantante de fado e compositora portuguesa afincada en Galicia. Actualmente está considerada unha fadista tradicional, polo que nalgúns medios de comunicación xa a consideran a sucesora de Amália Rodrigues, tanto no estilo, como na interpretación. A posta en escena é parecida, María

do Ceo canta sempre de negro con dous ou tres instrumentos tradicionais, guitarra, viola, guitarra portuguesa e un acordeón para a música popular. Desde 1997, ano en que saíu o seu primeiro traballo discográfico, o público puido saborear algúns clásicos inmortalizados por Amália Rodrigues, Alves Coelho fillo ou Alberto James, sen esquecer grandes letras baseadas en obras de poetas galegos unindo musicalmente a Galicia e Portugal. A cantante lanzou dez álbums de estudo e participou en varias colaboracións musicais incluído un musical. Cunha carreira internacional sólida, foi recoñecida e con-

decorada como embaixadora da cultura galega no mundo tendo sempre o fado como inspiración primordial.

De Porto a Ourense

María do Ceo naceu en Porto (Portugal). O seu pai foi quen a introduciu no mundo do fado, era o que chaman en Portugal un fadista amator, cantaba en casas de fados ata altas horas da noite á saída do traballo. Aos sete anos a súa familia emigrou a Ourense e desde entón reside en dita cidade. O vivir sempre en Galicia e non relacionarse co mundo do fado de Lisboa fixo que a súa forma de cantar sexa distinta. Soubo adoptar do galego a súa doxura e do portugués a súa melancolía facendo desa mestura unha combinación única. Ela recoñece que non puido aprender nin copiar de ningún. Os discos de fado que escoitaba eran de Amália Rodrigues traídos de Portugal polos seus pais cando viaxaban a visitar á familia. Comezou o seu carreira profesional en 1988 e foi en 1995 cando fundou o grupo galaico-portugués “Alfama” e empezou con gran éxito as actuacións como solista do devandito grupo. En xaneiro de 1996 gravou un programa de TVE e participou nun concerto benéfico de UNICEF e no Festival intercéltico de Lorient. A cantante recoñece que os comezos foron moi duros xa que algúns pseudo representantes dedicáronse a enriquecerse á súa costa

deixando de lado as necesidades artísticas, pero que aínda así, logrou saír adiante aprendendo da experiencia.

Produción
Co título “Cartas de Amor” saíu, en 1997, o seu primeiro traballo discográfico en CD e cassette, que foi presentado en prensa, radio e televisións rexionais e nacionais. Realizou unha xira de concertos en Frankfurter presentando o disco ese mesmo ano. Ao seguinte cantou ao Premio Nobel de Literatura, José Saramago en Santiago de Compostela. En xaneiro de 1999 presentou o seu segundo disco, “Vellas lembranzas”, no que María do Ceo fusiona a cultura musical galega e lusa en dez cancións, tanto propias como versións. En 2001 foi convidada a participar na primeira homenaxe póstuma a Amália Rodrigues, a persoa que máis influíu na súa forma de cantar, no Coliseo de Lisboa. Ese mesmo ano participou tamén nunha homenaxe a Carlos Cano no teatro Falla de Cádiz e realizou unha xira por Italia: Nuoro e Sassari. En 2004 participou na gravación de dous proxectos ben diferentes: un CD de romances coa Real Banda de Gaitas de Ourense como obsequio para os Príncipes de Asturias e un CD para a fundación PAIDEIA “Ese neno diferente”. Tamén participou nun concerto contra a violencia de xénero en Almería, na entrega de premios galegos do ano no Auditorio de Galicia e cantou o Ave María de Franz

Schubert ao Papa Xoán Paulo II (xunto á Real Banda de Gaitas de Ourense) en Roma. En 2006 participou como actriz principal nunha curtametraxe, titulado “Reencontro”. En 2008 participou xunto á bailarina María Nadal no musical titulado “Alen do Mar” baseado na emigración e as cancións que acompañaron aos emigrantes. Dous anos máis tarde compuxo a banda sonora para a película “Anos despois” que ese ano clausurou o festival de cinema de Ourense e o himno do Festival das Artes Escénicas de Ríos (Ourense). En 2011 compuxo o himno do Couto

ser unha boa intérprete de fado, porque realmente ela é: “corpo de muller e alma de fado”. Din os críticos, que María do Ceo, achéganos o fado como ata agora ningún fixera antes. Pero María do Ceo, non só canta fado, tamén canta bolero cun dramatismo que nos lembra á gran Chavela Vargas. Unindo as súas múltiples influencias ao sentir portugués e á doxura natural do idioma galego, dotada de calidades vocais excepcionais, envolve de inmediato ao público nun ambiente máxico coa musicalidade arrepiante que lle brota da alma. Cunha sólida carreira internacional foi



■ Grupo musical de María do Ceo.

Mixto, enclave territorial ancorado entre España e Portugal. María do Ceo cantou en: España, Portugal, Alemaña, Francia, Suíza, Italia, Alxeria, Exipto, Uruguai e Arxentina.

Alma de fado

María do Ceo, cando canta transmite melancolía, doxura, paixón, tenrura, todos os ingredientes para

recoñecida e condecorada como embaixadora da cultura galega no mundo e ten sempre o fado como inspiración primordial. Asistir aos concertos de María do Ceo, significa mergullarse emocionalmente nun ambiente musical eclíptico pero familiar, de enorme beleza, onde entendemos de inmediato a identidade cultural luso-galaica.

Saludos que me catoscosos, no conto de tempos TEMPOS!

Proxas actividades
INSCRÍBETE NO TELÉFONO 654 075 751
VENRES 31 DE MAIO, AS 6 DA TARDE

CONTACONTOS
XORNADAS BILINGÜES (inglés-galego)

ENTRADA GRATUITA

REFORZO ESCOLAR · IDIOMAS · TÉCNICAS DE ESTUDIO
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA · TALLERES INFANTÍS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS
Com uma agenda cultural diversificada, de tema regional e nacional, o autarca olha com bons olhos para os investimentos a ser feitos sobretudo na Galiza, que poderão centralizar o Alto Minho e colocar a vila arcuense na rota do desenvolvimento. “Arcos de Valdevez está a menos de uma hora da área metropolitana de Vigo, do Porto e a cerca de trinta minutos da fronteira, quer com Tui, quer com Braga e é possível fazê-lo com comodidade”, assegura.

No entanto, a ligação à fronteira

da Madalena continua a ser uma das grandes preocupações da autarquia, que vê a recuperação dessa via transfronteiriça um reforço das relações “naturais” que o Alto Minho tem com a região galega. “O Norte de Portugal e a Galiza tem mais afinidade entre si do que temos com Lisboa ou Madrid, e há aqui um conjunto de vias de ligação que são importantes”.

O município arcuense reivindica a melhoria da estrada que liga a localidade à fronteira da Madalena, que segue daí até Ourense, a cerca de uma hora de distância. João Manuel Esteves indica que a melhoria desta via constava do plano de proximidade do anterior Governo como uma das estradas a executar. “Esperamos que esse plano vá em frente e este Governo consiga concretizá-lo”, atira.

Para o autarca, a alta velocidade ferroviária que chegará à Galiza já em 2017, é um factor determinante para o “reposicionamento completo da nossa região” em termos de competitividade empresarial e turística do Alto Minho.



Sistelo será a primeira Paisagem Cultural classificada do país

A classificação de Sistelo como Paisagem Cultural poderá acontecer ainda durante o ano de 2016. A autarquia prevê apresentar a proposta definitiva ao Conselho Nacional de Cultura no prazo de sete meses e espera conseguir ainda este ano aquela que será a primeira classificação de Paisagem Cultural em Portugal.

A área a classificar, cerca de cem hectares de território que englobam os Lugares da Igreja, Padrão e Porto Cova será, segundo o Presidente da Câmara de Arcos de Valdevez, “uma marca forte do

concelho e da região”.

Com uma particularidade que “tem de ser vista”, o autarca arcuense reconhece que este é o momento oportuno para preservar uma paisagem humanizada que, “pela utilização menos intensiva da agricultura”, precisará de apoios para a sua manutenção. A autarquia diz já ter feito o alerta, junto da Direcção Regional de Agricultura e Pescas do Norte, para uma candidatura a apoios que englobam a valorização de paisagens agrícolas, e que incidirá na recuperação de muros,

preservação de habitações, e indução do turismo naquela localidade. Um processo que incluirá os privados, que terão a ganhar com os apoios previstos para a manutenção de raças autóctones, medidas agro-ambientais e majorações para territórios de baixa densidade.

“A Junta de Freguesia de Sistelo está a ser muito solicitada para promover passeios na zona dos socos, muito por força desta chamada de atenção no início do processo de classificação”, indica João Manuel Esteves.

O autarca revela que a mediatização deste processo já despertou o interesse de outros municípios

para a classificação de paisagens, essencialmente no Minho, onde este factor é preponderante.




LVI *Festa da* **LAMPREA**

22, 23, 24 de abril | 2016

| Arbo



FESTA DE GALICIA DE INTERESE TURÍSTICO



GuildhallSchool of Musicand Drama em Londres admite aluna de Tui que estuda na Escola Profiissional de Musica de Viana do Castelo

Eva Monroy, aluna da Escola Profiissional de Música de Viana do Castelo do 3º ano do Curso Instrumentista de Cordas e Tecla, da classe de violino da profª. Ana Catarina Pinto, depois de exigente prova, foi admitida na conceituada Guild hall School of Musicand Drama em Londres, Inglaterra

Por Manso Preto



Mais uma vez, a Escola Profiissional foi representada de uma forma exemplar pelos seus jovens músicos, mostrando o elevado nível do ensino da música praticado por esta instituição dirigida por Carla Barbosa. Eva Monroy, aluna do 3º ano do curso Instrumentista de Cordas e Tecla da Escola Profiissional de Música de Viana do Castelo, da

classe de violino da professora Ana Catarina Pinto, acaba de ser admitida na GuildhallSchool of Music& Drama, em Londres, uma das melhores escolas de artes do mundo, onde só entram grandes talentos. Da GuildhallSchool of Music& Drama já saíram, entre muitos outros, músicos hoje internacionalmente conhecidos como as violoncelistas Jaqueline du Pré e Ella Rundle ou a violi-

nista Hikan Mitsukawa. Para o cinema saíram atores como Len- nie Janes, Daniel Craif, que se conheceu na pele de James Bond, ou ainda Orlando Bloom e Ewan Mcgregor. Eva Quiroga nasceu em Tui, a 3 de Julho de 1998, e iniciou os seus estudos musicais com 8 anos de idade na Escola de Música de Tui – Pontevedra. Em 2011, foi admitida com mérito no Conservatório Profiissional de Música de Tui, onde deu conti- nuidade aos seus estudos, termi- nando o Curso Básico de Música em 2013, na classe do professor Algirdas Pocius. Realizou tam- bém formação em Dança Clássica de 2007 a 2012, e em Dança Contemporânea de 2010 a 2013. No ano letivo de 2013/2014, in- gressou na Escola Profiissional de Música de Viana do Castelo (EPMVC), na classe da professora Ana Catarina Pinto. Em 2014, é admitida na Orquestra de Jovens APROARTE e na Bisyoc Intercul- tural YouthOrchertral Exchange, em Shropshire, Inglaterra. No mesmo ano, obteve o 1º prémio no X Concurso Nacional de Vio-

lino de Fátima/Ourém, na cate- goria E, e obteve também o Prê- mio Infantil no Concurso “Prêmios Honoríficos David Rus- sel”, em Vigo. Em 2015, é admi- tida na JOP – Jovem Orquestra Portuguesa, e obteve também uma Mensão Honrosa na cate- goria B, do VII Prémio Nacional Elisa de Sousa Pedroso, em Vila Real. Em Orquestra, teve a opor- tunidade de trabalhar com os maestros Ernest Schelle, Julián Lombana, Roberto Pérez, Octá- vio Mas-Arocas, Javier Viceiro, Peter Askim, Luís Carvalho, Pedro Carneiro e Jordi Francés. Realizou também um master classe de violino com a profes- sora ZofiaKuberska-Woycicka e master classes de música de câ- mara com os professores Richard Woycicka, Olga Prats e Alejandro Oliva. Desde 2011, faz também parte do grupo de música po- pular galega “Can de Palleiro”. Atual- mente, é aluna do 3º ano do Curso de Instrumentista de Cordas, na Escola

Profiissional de Música de Viana do Castelo, na classe da profes- sora Ana Catarina Pinto. Integra a Orquestra Arte Sinfónica – or- questra da EPMVC, onde tam- bém exerce funções de concertino.



Gracias

50
Pompas Fúnebres
del Condado
desde 1964

TANATORIO

Arbo

Ponteareas



■ Prato de Ouro para restaurante O Pazo de Canedo.

cargo de grupos folclóricos das cámaras municipais de Esposende e Viana do Castelo e do Foliño de Entroido de A Veiga.

Galicia

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo que inaugurou o salón gastronómico apostou “pola calidade e a diversificación para consolidar a marca Galicia como

ou os 37 Soles Repsol que acumulan 25 restaurantes galegos. Fixemos unha aposta decidida pola calidade e a diversificación e somos a primeira comunidade autónoma con establecementos Q”. Francisco Conde, conselleiro de Economía e Industria da Xunta de Galicia dixo que: “Xantar pon en valor a calidade dos nosos profesionais, as posibilidades culinarias



■ Foi moi destacada a presenza portuguesa en Xantar.

involucrar aos diferentes axentes económicos e sociais”. A conselleira de Medio Rural da Xunta de Galicia, Ángeles Vázquez, mostrou o apoio do goberno a esta cita que “representa unha magnífica oportunidade para dar a coñecer a nivel nacional e internacional o mellor dos produtos da nosa terra, elaborados e cociñados con mimo polos mellores profesionais da cociña galega”.

Confrarías

Participaron en Xantar máis de 40 confrarías Gastronómicas e Enófi-

de España ofreceu durante cinco días o mellor da gastronomía de España, México e Portugal a través dunha vintena de menús entre os 12 e os 30 euros e durante os que os 170 expositores presentaron os seus produtos e servizos vencellados coa gastronomía, o viño e a hostalería.

Asador Jose

O Concello de Riós estivo representado en Xantar por un restaurante dos máis peculiares en España: o “Asador Jose”, onde a cociña tradicional da provincia ofrécese con exóticos produtos gastronómicos de todo o planeta. A súa carta ostenta o récord Guinness, ao ser a máis grande do mundo: 760 pratos, 140 sobremesas, 80 gin tonic. En 2014 inauguraron unha carta galego-lusitana que inclúe receitas

tradicionais elaboradas por cociñeiros portugueses de recoñecido prestixio. Os pratos están preparados con arte contemporánea, o que significa que teñen gran éxito. En canto á comida exótica incorporaron carnes como a de serpe pitón de Vietnam, a tartaruga de Ecuador e a xirafa de África, e pronto disporán de co wagyu de Chile, a quenlla do Atlántico, o kudú de Sudáfrica, o wapití de Canadá, a chepa de cebú de Brasil e os insectos tailandeses. O propietario José Manuel Barrio confirma que hai que ir innovando día a día, e arriscarse cuns produtos que en moitos locais obtéñense de modo ilegal. “Nós temos todo en regra; os nosos produtos teñen un certificado que especifican a procedencia. Só así conseguimos que a xente se atreva a probar, repita e mesmo veña de distintos puntos de todo o país exclusivamente ao noso asador”.



■ O Asador Jose estivo cheo no xantar e nas ceas.

destino único e chegar así aos 5 millóns de visitantes este ano”. O presidente fixo un repaso polos bos datos que rexistra o sector da enogastronomía en Galicia xa que “así o testemuñan as trece estrelas Michelin que distinguen trece establecementos da nosa Comunidade


e nutricionais que achegan os produtos galegos agrarios e do mar, e o atractivo turístico de Galicia contribuindo ó obxectivo de superar en 2016 os 5 millóns de visitantes”. Conde resaltou “o importante papel Xantar xoga na dinamización económica de Galicia, xa que consegue

las procedentes de distintas partes de España, Portugal e Francia que converteron un ano máis a este encontro no segundo máis participativo do mundo en canto a entidades representadas.

O acto central estivo adicado, ademais de confrarías, á Deputación de A Coruña, ó Concello de Parada de Sil, a Entidade de Turismo Porto e Norte e á Cámara Municipal de Vila Real. Destacaron as actividades organizadas polos distintos concellos da provincia de A Coruña que, amparados pola Deputación, realizaron exhibicións dos seus produtos máis tradicionais como o “Bolo e o Pote” de Mazaricos ou os peixes e mariscos de Arousa Norte. Celebrouse o III Encontro de Bloggers Gastronómicos no que participan unha quincena de blogueiros de Galicia e Portugal. Xantar, posicionado como o único salón internacional de turismo gastronómico



■ Feijóo probou os “sabores de Ourense”.



Galicia

Redacción de OURENSE

Terra de Caldelas liderou a creación de emprego en Ourense

Montederramo, entre os sete concellos ourensáns máis xeradores de emprego

Os salón de plenos do Concello de Castro Caldelas acolleu a presentación das conclusións comarcais do sétimo Observatorio Económico da Deputación de Ourense, nun acto no que se deron cita alcaldes, concelleiros, técnicos de emprego, axentes empresariais e sociais, e representantes de distintas asociacións e agrupacións locais. Na súa intervención, o xerente do Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (Inorde), José Manuel Rodríguez, aportou como primeira nova que Terra de Caldelas é a comarca ourensá que ven liderando a creación neta de emprego desde comezos de 2015, ao fixar unha velocidade de recuperación laboral do 2,4%, o triplo que a media provincial (0,8%). De feito, é a única zona da provincia que mesmo supera a taxa media galega de crecemento das afiliacións, situada actualmente no 2,05%. O rexistro de Caldelas é equiparable –en proporción– ao de Pontevedra (2,6%), a provincia galega que lidera agora mesmo a rexeneración de emprego, e incluso cobra vantaxe sobre A Coruña (2,1%), a outra provincia máis xeradora de postos de traballo. José Manuel Rodríguez avanzou que, coa tendencia actual de crecemento das afiliacións á Seguridade Social, Terra de Caldelas estaría na senda de recuperar a moi corto prazo, con probabilidade ao longo de 2017, o nivel do millar de afiliados: “A crise económica fixo invisible este rexistro desde setembro de 2012, data da última vez na que o mercado de traballo desta comarca contaba con máis dun milleiro de cotizantes, pero agora dábanse as circunstancias para superar de novo esa



■ Sara Inés Vega Núñez, alcaldesa de Castro Caldelas, con José Manuel Rodríguez, xerente do Inorde

barreira”, precisou o xerente do Inorde.

Castro Caldelas, cabeceira motor

No caso concreto do municipio de Castro Caldelas, o repunte do 2,7% nas afiliacións logrado no último ano convérteo na cabeceira comarcal con mellor comportamento do emprego en taxa interanual, por diante de Ribadavia (2,2% de recuperación) e de Carballiño (2%). E outro concello da propia comarca, Montederramo, ocupa praza entre os sete maiores xeradores de emprego da provincia, compartindo privilexio con Lobeira (11,9% de incre-

mento nas afiliacións en 2015), Vilardevós (7,8%), Vilar de Barrio (6,7%), Cualedro (6,6%), Cenlle (5,9%) e Rubiá (5,7%). No tocante a outro indicador de referencia, o do paro rexistrado, cabe salientar unha diminución do 7,3% en taxa interanual, co que mellora en 0,3 puntos porcentuais a media provincial (-6,97%, con datos a 31 de xaneiro de 2016). O número de inscritos como demandantes de emprego baixou drásticamente nos concellos de Montederramo (-20,7%) e A Teixeira (-11,8%), e de xeito máis moderado en Parada de Sil (-6,7%). Mentres, na cabeceira comarcal, Castro Caldelas, a evo-

lución interanual presenta un mínimo incremento do 2,6%, como consecuencia de ter pasado de 77 a 79 o número de parados entre xaneiro de 2015 e o mesmo mes de 2016.

160 parados

Terra de Caldelas achega pouco máis de 160 parados, é dicir, ó 0,63% do total da provincia, cando a súa ponderación en termos de poboación é significativamente maior, xa que está no 1%. No terreo das pensións, esta comarca é unha das cinco da provincia que logra establecer o importe medio mensual por enriba

dos 700 euros. Segundo recolle o Observatorio Económico Ourense, a incorporación de novos pensionistas con cotizacións moderadas ao longo da súa vida laboral, grazas á influencia do sector enerxético e ao efecto da emigración, con pulo sobre as cotizacións no sector industrial, tradúcese en que Caldelas sexa unha das catro zonas da provincia con maior auxilio no poder adquisitivo dos pensionistas, situación que comparte cos perceptores residentes en tres das comarcas con maior desenvolvemento empresarial, industrial ou comercial: Valdeorras, Ourense e Allariz - Maceda.



A Xunta reparará as humidades da igrexa de Santa Comba de Bande



■ O conselleiro no interior da igrexa.

A Xunta licitará as obras para a reparación das humidades da igrexa de Santa Comba de Bande. Nunha visita ao templo o titular do departamento autonómico de Cultura, Román Rodríguez, explicou que o investimento previsto será de máis de 70.000 euros, e que ten como fin frear o deterioro do considerado o templo cristiá máis antigo de Galicia e declarado Ben de Interese Cultural. A actuación consistirá na substitución da antiga drenaxe perimetral por unha nova, cun rexuntado das cimentacións con morteiro de cal, repaso das cubertas e execución de novos aleiros que eviten a entrada de auga pola cabeza dos muros e garantan a ventilación do espazo entre a cuberta e as

bóvedas, e no repaso do rexuntado das fábricas de sillería das fachadas con morteiro tradicional de cal. Ademais, colocaranse novas fiestras con ventilación permanente e restauraranse as portas existentes. A Consellería fixo en 2015 unhas catas no drenaxe existente comprobándose o deficiente estado do rexuntado das fábricas soterradas, o que podería estar a provocar filtracións de auga pola cimentación. Polo tanto, o obxectivo da intervención é resolver os problemas relacionados co exceso de humidade no edificio que é a principal causa do seu deterioro, especialmente un curso de auga de escorrenta dos predios contiguos, e cuxo paso polo adro se evacuará.

Arquitectura hispanovisigoda

A igrexa de San Trocado ou Santa Comba de Bande é probablemente o edificio visigótico máis completo da nosa comunidade e un dos mellores exemplos de arquitectura hispanovisigoda da Península Ibérica. A construción orixinal está datada a finais do século VII sufrindo diferentes transformacións ata o século IX para adaptarse ás diversas necesidades funcionais como puideron ser a de albergue ou mosteiro. O edificio actual de planta de cruz grega, cunha ábsida rectangular ao leste e un pórtico de entrada cuadrangular ao oeste tivo, como outros edificios visigodos, unha planta rectangular en cuxo centro quedaba inscrita a cruz grega, ro-

deada de estancias cuadrangulares, que desapareceron co tempo. Actualmente, daquelas cámaras cuadrangulares só quedan vestixios no espazo dedicado a sancristía, nas cimentacións soterradas no adro e nalgúns esquiniais do edificio actual. As naves converxen nun cruceiro cuberto por ciborio de bóveda de aresta de ladrillo apoiada en catro arcos de ferradura. Os brazos do cruceiro cóbrense con bóvedas de canón peraltado con certa tendencia á ferradura. O

ou principios do X. A capela da ábsida está decorada con pinturas murais do século XVI, que probablemente se estendían polo resto do interior do edificio.

Aquis Querquennis

O conselleiro visitou tamén o Centro de Interpretación do conxunto arqueolóxico Aquis Querquennis, un dos principais atractivos turísticos da zona, con arredor de 7.500 visitantes ao ano. Román Rodríguez destacou



■ Vista xeral dende o noroeste.

arco de ingreso ao presbiterio descansa sobre catro columnas de mármore, con bases e catro capiteis, dos que un é tardorromano reaproveitado, outro visigodo da primeira época do edificio e os outros dous de finais do século IX

a colaboración entre diversos organismos (Xunta de Galicia, Concello, Deputación e outras entidades que conforman a Fundación Aquae Querquennae-Vía Nova) en prol da recuperación e conservación destes restos.

José María Lago, novo alcalde da Gudiña

José María Lago, do PP, é o novo alcalde da Gudiña por unanimidade. Apoiaron a súa investidura os seis edís do seu grupo (o BNG non votou), nunha sesión plenaria breve no que previamente tomara posesión o novo concelleiro, Eduardo Villarino. Foi un pleno sen discursos nin felicitacións. Só o trámite formal, como explicou Lago ao remate da sesión. “Quixemos acortar todo o posible, porque non era unha situación agradable”, en referencia a que a súa elección se debeu á morte do seu pai, anterior alcalde, ocorrida fai apenas un mes cando participaba nunha reunión con outros edís no hospital de Verín. Un infarto fulminante acababa coa vida do veterano rexedor, Guillermo Lago. “O pleno foi emotivo, pero moi corto; emotivo porque o meu pai está presente sem-



■ No pleno tomou posesión un concelleiro e o novo alcalde.

pre, en cada momento nas nosas vidas, na miña e na de meu irmá, e tamén na da xente”, resaltaba o novo alcalde que apuntaba a que a súa familia non fora á sesión porque aínda o falecemento do patriarca está recente. “Non houbo familia porque non é o momento, non é unha herdanza nin unha toma de posesión agradable”, apuntaba. Por iso, tampouco houbo a celebración que, en maior ou menor medida, todos os alcaldes fan cando reciben o bastón de mando. “Acabouse o acto e vinme para onda a miña nai”, explicaba o novo alcalde. José María Lago xa estaba realizando as funcións de rexedor ao recaer nel o posto por ser tamén o primeiro tenente de alcalde. Dixo que entrara en política influido polo seu pai e manifestou que “agora quero seguir cos seus proxectos”.

Galicia

Redacción de OURENSE

O presidente da Xunta visitou o Colexio Curros Enríquez de Celanova

O presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, referiuse aos contratos programa como a confirmación de que a aposta pola educación de calidade “xa non ten volta atrás”. Durante unha visita ao CEIP Curros Enríquez de Celanova, Feijóo garantiu o compromiso do Goberno galego de seguir mellorando a educación a través de ferramentas como esta iniciativa, cuxo obxectivo é “afondar nunha nova forma de aprender, de ensinar e de implicarse”. “Estamos a falar duns contratos programa que integran cursos, contidos, profesores, materias e persoas. É dicir, que integran un equipo formado polo profesorado, o alumnado e as fa-



■ O presidente galego e o alcalde de Celanova cos alumnos no CEIP.

mílias, coa finalidade de que todos os alumnos do centro traballen nun proxecto común, poñendo en valor todas as materias que se imparten e integrando a toda a comunidade educativa”, explicou, logo de incidir en que o obxectivo máximo é que o alumno sexa o centro do sistema educativo. O titular do Goberno galego referiuse ao CEIP Curros Enríquez como un exemplo na aplicación desta iniciativa, e lembrou que na actualidade 82.000 alumnos de toda Galicia se están a beneficiar dos contratos programa; “sete veces máis que cando o puxemos en marcha hai cinco anos, e hoxe un de cada tres centros do ensino público xa participa nesta iniciativa”.

Celanova reforzará o firme en avenidas



■ A conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Ethel Vázquez, en Celanova.

A titular de Infraestruturas da Xunta, Ethel Vázquez, presentoulle ao alcalde de Celanova, José Luís Ferro, as actuacións que o Goberno galego ten previsto realizar na avenida López Blanco (OU-531) e na de San Rosendo (OU-540), que

contarán cun investimento de máis de 226.000 euros. Estes traballos consistirán no reforzo de firme ao longo de 1,4 quilómetros que permitirán poñer ao servizo de veciños e condutores, travesías máis cómodas e seguras para os seus desprazamentos.

Abastecemento e saneamento en Celanova

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio investirá máis de 300.000 euros en financiar as obras de abastecemento e saneamento en Feal e Casetas de Ansemil, en Celanova. Así llo transmitiu a titular deste departamento autonómico, Beatriz Mato, ao alcalde da localidade, José Luís Ferro, durante unha

xuntanza de traballo en Santiago na que abordaron diversos temas de interese para a localidade. O proxecto está actualmente redactado e atópase en fase de supervisión por Augas de Galicia. Nel, inclúese ao redor de 3 quilómetros de tubaxe de abastecemento e saneamento para dar servizo a unha poboación de 100 habitantes.



RESTAURANTE
O BO XANTAR

MENÚ VARIADO

Tfno. 988 680 245.
Rúa Emilia Pardo Bazán, 14. CELANOVA (Ourense).

OIL PINTUCO

Recollida de aceites.
Graxas vexetais.
Limpeza de filtros.

680 956 669
675 860 424

Correo: oilpintuco@gmail.com
VILARNAZ, 34 (Coles) OURENSE

CASA CHISPA
Viñoteca
O teu lugar de encontro

Avda. Portugal, 43. Tfno 988 61 59 36. OURENSE

Son 26 as empresas interesadas en reparar a Ponte do Milenio



Un total de 26 empresas presentaron as súas ofertas para levar a cabo as obras de reparación da Ponte do Milenio, en Ourense, que contará cun investimento de preto de 585.000 euros. A Xunta e o Concello de Ourense asinaron o convenio de colaboración para

acondicionar esta infraestrutura e formalizar a súa entrega á Administración local, o que permite acabar coa situación de indefinición existente sobre a titularidade da ponte. As obras a realizar pola Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) consistirán no selado de fendas, limpeza de

corrosión e protección anticorrosiva dos elementos de aceiro do viaduto e revestimento dos pilonos cunha pintura acrílica que impida a penetración de auga. Ademais, executarase a impermeabilización completa da cara superior do taboleiro, para eliminar humidades e filtracións ao

seu interior, incluso substituíndo a capa de rodadura. Así mesmo, retirárase a vexetación e liques e canalizarase a auga cara aos sistemas de drenaxe próximos. Tamén se eliminarán as pintadas, aplicando un verniz nas zonas accesibles. Ademais, reparárase o sistema de iluminación arranxando e repoiñendo todas aquelas luminarias deficientes e farase unha revisión completa do sistema eléctrico. Estas accións poñerán de novo a punto e devolverán toda a funcionalidade a unha infraestrutura que é estratéxica, desde o punto de vista da mobilidade; cun gran atractivo turístico, por canto ofrece unha visión panorámica da cidade; e emblemática xa que, logo de anos, a ponte tense convertido nun elemento representativo da cidade.

Características

A Ponte do Milenio foi realizada pola Xunta de Galicia entre os anos 1999 e 2001 e, tras máis de 14 anos en servizo, non presenta danos estruturais, pero cómpre realizar unha serie de actuacións para contribuír ao seu bo mantemento e a unha mellor conservación. Construíuse para pechar ao tráfico rodado a ponte romá-

nica, que soportaba un volume de tráfico que poñía en perigo a súa conservación. A súa función principal é servir de cruzamento do río Miño para comunicar ambas as marxes da cidade de Ourense, e é unha infraestrutura estratéxica para a cidade. A principios de 2015, a AXI contratou unha inspección do estado de conservación da ponte e o informe elaborado recomenda realizar unha serie de actuacións para preservar, manter ou recuperar o nivel de servizo dalgunhas das súas partes, de cara a ampliar a vida útil da estrutura. A Ponte do Milenio sobre o río Miño é unha infraestrutura atirantada de 275 metros de lonxitude que se distribúen en catro vaos. Forma parte dunha estrutura viaria que conecta no seu extremo norte coa estrada nacional N-525 e no seu extremo sur coa rúa Pardo de Cela, de titularidade municipal. A singularidade da estrutura radica na pasarela peonil de formas curvas que rodea a parte superior dos pilonos e descende sobre o río Miño uns 6 metros por debaixo da rasante. Este é un grande atractivo turístico por ofrecer unha visión panorámica da cidade de Ourense.

OBITUARIO

Luís Rodríguez Míguez

Luís Rodríguez Míguez (Santiago, 1932. Ourense, 2016) presumía de ser santiagués, compostelán e xacobeo. Entrevísteiño por primeira vez para La Región cando chegou como xefe provincial de Sanidade (do Ministerio) en 1972. Ademais de ser autor de varios libros foi destacado colaborador de xornais e da Revista xeral da Ribeira Sacra. Fai dez anos regaloume un libro para que lese únicamente un capítulo cada día, antes de durmir. O doutor Míguez non era unha enciclopedia, senón toda unha biblioteca humana. Resultaba moi satisfactorio escoitalo nas súas disertacións de temas profundos e profesionais pero tamén nas súas charlas xocosas e críticas. Sendo un home serio (no sentido de formal) foi agradavelmente simpático, ameno, tenro e entretido. Cada intervención súa era sempre unha clase de Facultade e os que tivemos o privilexio de coñecelo aprendemos moito nestes encontros, aínda que fosen tomando un café. Pero podemos seguir beneficiándonos do seu sapiencia grazas á súa tremenda xenerosidade.

Doutor, grazas pola túa amizade e bos consellos.
Jesús Losada.

PD/ Aproveito este obituario, do noso correspondente en Ourense para engadir que asino todas e cada unha das cousas que sobre o Dtor. Míguez aquí se din, engadindo a súa disposición para colaborar coas cousas que el sempre defendeu, sobre todo: a medicina hidrolóxica, da que era un auténtico experto.

Foi el quen dirixiu unas conferencias que sobre este tema se celebraron no Hotel de Mondariz-Balneario, organizadas polo clube de Opinión "Alén Miño" que tiveron a honra de presidir.

Descanse en paz, doutor; e grazas pola súa amizade e colaboración.
Guillermo Rodríguez
Director de Novas do Eixo Atlántico



Novas da Raia

SALVATERRA

Un orensán gaña a 10QFastRace entre Salvaterra e As Neves ao realizar o percorrido en 30 minutos



Alejandro Fernández Rivera, un sénior ourensán del equipo Adas do Barco, foi o flamante campión absoluto da 10QFastRace entre os municipios de As Neves e Salvaterra de Miño ao relizar o percorrido en 30:05. En el pódium, estiveron también el independiente Hassan Lekilli (30:05) y, en tercer lugar, Akka Es-saadaoui en un tiempo de 30:55.

Cun día solleiro o parque salvaterrense de A Canuda encheuse de deportistas e familiares que baixo un ceo limpo, cun sol radiante, agardaron a chegada dos corredores da proba máis rápida de Galicia de 10 quilómetros, a 10QFastRace. No mesmo parque celebrouse as carreiras de velocidades dos máis novos. E cómpre non esquecer a andaina que se

desenvolveu en paralelo a proba atlética.

A primeira tenente de alcalde, Marta Valcárcel, e o concelleiro de Deportes, Ernesto Groba participaron na entrega de trofeos aos deportistas clasificados. O trasego no pódium foi seguido por numerosos deportistas, amigos e familiares que disfrutaron dun día primaveral por adiantado.

Os nenos de Salvaterra familiarizándose coa poesía de Rosalía de Castro

A procura dun poema foi a actividade que nenos e nenas de Salvaterra desenvolveron na Casa da Cultura con motivo do Día de Rosalía.

Previamente, agocháronse, en distantes partes do auditorio, versos do poema 'Negra Sombra'. Os cativos, xogando con distintas pistas que ofrecían os monitores – Xavi e Alba – foron quen de atopar os versos soltos para logo recompoñer o coñecido poema rosaliano 'Negra Sombra'. Houbo algunhas

dúbidas a hora de poñer en orde os versos. Unha vez conseguido, dous rapaces recitaron o poema. Para rematar, Merchi cantoulles dúas cancións coa letra de poemas de Rosalía, 'Negra Sombra' e 'Adeus ríos, adeus fontes'.

Deste xeito remataron coñecendo máis sobre a universal poeta galega Rosalía de Castro.

‘Á procura dun poema’ foi organizada pola concellería de Cultura de Salvaterra de Miño que dirixe Marta Valcárcel.



MONÇÃO

Exposición “Cutouts”, do artista Pintomeira, na Casa Museu de Monção/um

A exposición de pintura “Cutouts” do artista Pintomeira está patente ao público entre 5 de marzo e 5 de abril, na sala de exposicións temporárias da Casa Museu de Monção/Universidade do Minho. A inauguración está marcada para as 18h00 deste sábado. Pode ser visitada de terça a sexta das 10h00 às 12h30 e das 14h00 às 17h00. Aos sábados entre as 14h00 e as 18h00.

Nesta exposición, Pintomeira presenta uma nova série de trabalhos intitulada “Cutouts”. A técnica consiste em pintar sobre tela não montada, recortar, em diversas partes, o trabalho figurativo produzido e, posterior-

mente, ordenar os diversos elementos recortados numa composição harmoniosa. Finalmente, os elementos desta composição são colados sobre outra tela montada em grade de madeira. Ao longo de um trajeto artístico com meio século de criatividade, Pintomeira apresentou mais de uma centena de exposições individuais em Portugal e no estrangeiro, tendo participado em várias exposições coletivas, bienais e feiras de arte. Está representado em várias coleções institucionais, coleções públicas e privadas em diversos estados da União Europeia, Estados Unidos da América e Israel.



TUI



Desafio BTT entre Portugal e Espanha

Vº Eurocidade BTT

Valença Tui

A Eurocidade Valença e Tui desafia os amantes das bikes para o Vº Eurocidade BTT, domingo, 6 de março, uma prova internacional, referência da modalidade na Península Ibérica.

As inscrições estão abertas até 1 de março na página www.biciosos.es ou através do e-mail: marcha@biciosos.es.

Percursos pelas duas cidades, com passagem pela Fortaleza de Valença, centro histórico de Tui e as celebres subidas ao Monte Aloia e ao Monte do Faro vão proporcionar circuitos únicos. No Monte do Faro um circuito sempre com vistas para o vale do rio Minho, no Monte Aloia as vistas que marcam para o mar e as ilhas Cies.

Dois circuitos vão testar a resistência dos participantes, um com 45 km aberto a todas

as bikes e com um desnível acumulado de 1005 metros e outro com 69 km's para os melhores tempos com um desnível acumulado de 1775 metros.

A organização é da Eurocidade Valença Tui e conta com a colaboração da Peña Ciclista Biciosos Rias Baixas, dos Bombeiros Voluntários de Valença e Cruz Vermelha de Valença.


Para os acompanhantes dos participantes na prova estão programados percursos pedestres por Valença e Tui gratuitos.

Cayetano Lledó apresentou o seu espectáculo "Máxico Circus Cabaret" no Teatro Municipal de Tui

O Teatro Municipal de Tui acolheu um espectáculo de maxia teatralizada titulado "Máxico Circus Cabaret" cargo de Cayetano Lledó. O público poido disfrutar dunha fusión entre maxia e teatro para toda a familia.

Cayetano Lledo, presidente da Asociación de Magos Profesionais de Galicia, é produtor e distribuidor de teatro, ilusionista e actor de improvisación. A comedia e a máxica cómica centran as súas obras nas que mestura estilos teatrais con elementos de circo.

En "Máxico Circus Cabaret", o espectáculo que este achegou a Tui, conta a historia dun patrón de circo, no que xa non traballa ninguén, que para que continúe o espectáculo ten que parodiar a diversos personaxes coma Grocho Marx, a muller Barbuda, un mago chinés... Ao longo da función sucédense elementos de maxia, clown, comedia, teatro de improvisación, pantomima, hipnose, manipulación de obxectos e cartas, malabarismo... Todo nun espectáculo dirixido a público familiar.



Novas da Raia

VALENÇA

Valença Promoveu-se na Galiza como Destino Gastronómico de Excelência

Valença promoveu-se como destino gastronómico de excelência no Xantar-Salão Internacional de Turismo Gastronómico de Espanha, em Orense, no último fim de semana.

Captar novos públicos de proximidade, para visitarem a cidade, a partir do turismo gastronómico foi o grande objetivo da ação promocional.

Os produtos gastronómicos, a restauração, os festivais gastronómicos, a doçaria e os vinhos estiveram em destaque no pacote promocional que Valença levou a este certame.

A 17ª edição deste festival contou com 166 expositores, distribuídos por 12.000 metros quadrados oriundos de 10 países. O turismo gastronómico é, para Valença, um dos sectores que mais se tem projetado, nos últimos anos, em Valença e apresenta-se como fundamental para a

captação de novos turistas e reforçar a atratividade da cidade.

Sessenta e quatro unidades de restauração, distribuídas pelo concelho, apresentam uma ampla oferta gastronómica, onde o bacalhau é o prato de eleição, reconhecido por toda a Península Ibérica.

Vinte unidades hoteleiras proporcionam estadias, para os mais diversos gostos, desde a Pousada de São Teotónio até às casas de turismo rural.

Uma calendário cultural de atividades, onde a cultura e o património se entrelaçam numa oferta singular e genuinamente local dão a Valença uma referência regional.

A presença no Xantar associa-se à recente presença na FITUR – Feira Internacional de Turismo de Madrid e em breve à Bolsa de Turismo de Lisboa.



VALENÇA,

UNA EXPERIÊNCIA GASTRONÓMICA

BACALHAU À S. TEOTÓNIO
19 A 21 DE FEVEREIRO

SABORES DA LAMPREIA
11 A 13 DE MARÇO

SABORES DA ALDEIA
29 DE ABRIL A 1 DE MAIO

www.visitvalenca.com

Lampreia em Valença em Fevereiro e Março



As iguarias da lampreia do rio Minho, considerada a melhor do mundo, saboreiam-se nos restaurantes de Valença, nos meses de fevereiro e março, na iniciativa "Lampreia do Rio Minho - Um Prato de Excelência".

24 restaurantes aderiram à iniciativa e apresentam, sobretudo, ao fim de semana, menus degustativos em que a lampreia é rainha, à mesa, nestes dois meses.

Pescada, como há séculos, pelos pescadores de São Pedro da Torre e Cristelo Covo, nas redadas, no rio Minho, é nestes dois meses que ela se apresenta divina.

Os segredos da arte e da tradição de a confeccionar, em Valença, são seculares e passaram de geração para geração, hoje apurados nas unidades de restauração locais.

Visitar a restauração valenciana, esta temporada, é a oportunidade para saborear a lampreia, sobretudo, à bordalesa, mas, também descobrir outras formas de a apresentar como recheada, em arroz de lampreia, fumada/grelhada ou assada no forno.

Ponto alto destes dois meses da lampreia, em Valença, será o Festival Gastronómico "Sabores da Lampreia", a maior mostra gastronómica da região dedicada à lampreia que decorrerá entre 11 e 13 de março, na comunidade piscatória valenciana de São Pedro da Torre.

A lampreia em Valença desperta os sentidos dos mais apurados bons garfos. Saboreá-la é uma experiência gustativa que proporciona uma viagem pelos sabores mais genuínos desta região raiana.

A GUARDA

Cita para renovar o DNI en abril, maio e xuño, na Guarda

O Concello informa que o martes, un de marzo, abre o prazo para que os veciños e veciñas da vila collan cita para a renovación do DNI nos meses de abril maio e xuño.

As citas poden pedirse tanto de forma presencial no Concello, ou chamando ao telf. 986 61 00 00.

Os días fixados para a renovación son: abril o luns 18 e martes 19; xoves día 21 data para recollelo. En maio: mércores 18 e xoves 19; recoller documento o día 23. En xuño: mércores 15 e xoves 16; recoller o luns 20.

En cada mes se darán un total de 140 citas, 70 por cada día.



MONÇÃO

Chuva não demoveu foliões na noite de carnaval



A chuva que “caiu” sobre Monção na segunda-feira à noite não demoveu os foliões de participarem na noite de carnaval. A Praça Deu-la-Deu “vestiu-se” a rigor para assistir à passagem de grupos de mascarados e aos espetáculos teatrais e humorísticos apresentados por Zé Carlos Sabepato e Manela Toura Kfedes.

A par dos guarda-chuvas, que abriam e fechavam de acordo com a intensidade da chuva, o espetáculo proporcionou transmissões em direto de França e Estados Unidos da América com os correspondentes Cuco e Carula e sátiras a programas televisivos com textos adaptados à realidade local. Carnaval é carnaval, nin-

guém levou a mal.

Pelo palco instalado na sala de visitas de Monção, também passou a menina da meteorologia e dois pivôs conhecidos do grande público com informações de última nota. Todos ficamos a saber que, devido ao puritismo de alguns setores da sociedade, o Cordeiro à Moda de Monção,

conhecido por “Foda” à Monção, passará a designar-se “queca à Monção”.

Para contestar a instalação de um campo de aviação comercial nos terrenos do Ninho Park. Grandes e pequenos vindos da freguesia de Pinheiros manifestaram a sua posição contrária ao investimento, defendendo as bacas do pápa e abóios ao longe.

O célebre Fernando Remendos com o inconfundível “Preço Esperto” também assentou arraias na praça. Levou o que melhor temos para apurar os sentidos e

fez uma grande amizade com o pessoal de Cortes. Malta porreira, disse. Sobre o Armindo de Pau Feito, acrescentou.

A organização esteve a cargo da Associação Comercial e Industrial dos Concelhos de Monção e Melgaço em parceria com a Câmara Municipal de Monção. No ano passado, realizou-se um concurso de karaoke com muita gente a acompanhar o ritmo. Este ano, com menos gente devido ao tempo adverso, recriou-se um canal de televisão focado em temas locais.



Namoro sem violência



A Câmara Municipal de Monção e o Gabinete de Apoio à Família de Viana do Castelo assinalam o Dia dos Namorados, realizado ontem, 14 de fevereiro, com dois encontros sobre namoro sem violência destinados a alunos da EPRAMI e Agrupamento de Escolas de Monção, ensino secundário e profissional.

O primeiro encontro realizou-se hoje e o segundo decorre na próxima quarta-feira. O objetivo geral dos encontros, que se realizam pelo terceiro ano consecutivo, incide na consciencialização dos jovens para as manifestações, gravidade e impacto da violência nas relações de namoro.

Nas sessões, são afluídas todas as questões relacionadas com a temática da violência no namoro, consequências decorrentes desse comportamento em relação ao parceiro e apresentado um estudo de investigação promovido pela

UMAR- União de Mulheres Alternativa e Resposta.

Divulgado na passada sexta-feira pela primeira vez, o estudo, que aborda violência psicológica, física e sexual, reforça a necessidade de uma intervenção mais integrada e sistemática desta problemática e defende que uma maior prevenção nesta faixa etária, 12 a 18 anos, contribuirá para a criação de uma sociedade com uma cultura de não-violência.

O estudo da UMAR foi desenvolvido com 2500 jovens do Porto, Braga e Coimbra, sendo constituído por 51% de jovens do sexo feminino e 46 de sexo masculino. 3% dos jovens, com idades entre 12 e 18 anos, não responderam. Em linhas gerais, apurou-se que dos jovens que já tinham tido alguma relação de namoro (59% da amostra total), 8,5% consideram-se vítimas de violência psicológica, 5% de violência física e 4,5% de violência sexual.

A GUARDA

“Marcha por Rosalía” na que participaron nenos e nenas de todos os colexios guardeses

Esta actividade tivo que ser aprazada por motivos meteorolóxicos. Os rapaces lerán un poema e cantarán xuntos na Praza do Reló.

A “Marcha por Rosalía” organizada polo Concello da Guarda en colaboración cos centros escolares da vila celébrase mañá martes, un de marzo,.

Nesta actividade, os nenos e nenas participantes saíran dende o seu centro escolar ás 11,30 horas, portando un distintivo conmemorativo e se concentrarán todos na Praza do Reló.

Alí, conxuntamente, lerán un manifesto para pór en valor a figura de Rosalía de Castro. Ademais os nenos e nenas cantarán a canción do poema “Adios ríos, adios fontes” e, por último, se lerá un poema da nosa escritora máis representativa.

O obxectivo desta marcha é que os nenos e nenas traballen arredor da figura de Rosalía de Castro.



O Concello da Guarda quere convidar aos veciños e veciñas da localidade a gozar desta actividade.

Outras actividades

A programación para pór en valor a figura de Rosalía de Castro tamén contaba coa pintada dun muro que contou coa colaboración dos alumnos e alumnas de Educación Secundaria.

Ademais o sábado celebrouse un acto no Centro Cultural no que Manuel Cadilla Rey recitou algúns dos poemas de Rosalía de Castro e grupos como “Carainas”, “Ghaiteiros do Carreiro” e “Tremelique”, da Agrupación Cultural Guardesa foron os encargados de pór a música. O evento foi presentado por Betty Rey.

Novas da Raia

A GUARDA / CAMINHA

Caminha-A Guarda camiñan a Santiago

Aberto o prazo para participar nas andainas correspondentes a etapas do Camiño Portugués da Costa ofertadas polo Concello da Guarda e a Cámara Municipal de Caminha.

Aquelas persoas interesadas en participar poden facer efectiva a súa inscrición a través da dirección turismo@aguarda.es, na Oficina de Turismo do Concello da Guarda ou no teléfono 986 61 45 46. O prazo estará aberto ata o venres 26.

Esta actividade trátase da primeira das actividades organizadas conxuntamente pola Cámara de Caminha e o Concello da Guarda no marco da candidatura do Esteiro do Miño a Paisaxe Cultural da Unesco.

As etapas do Camiño da Costa non presentan dificultades orográficas de especial relevancia. Para completar sen maiores complicacións as distancias de entre 20 e 30 km é máis que aconsellable exercitarse previamente para adaptarse a estas etapas máis longas.

Os participantes deben ser responsables en todo momento de camiñar por onde corresponda segundo o tramo: por beirarrúas, pola esquerda se os tramos son compartidos coa circulación de vehículos, por zonas peonís en zonas de carril bici, cruzando por paso de peóns, en definitiva respectando en todo momento o código de circulación.

Aconséllase bastón, calzado cómodo, roupa axeitada, mochila co avituallamento imprescindible (bebida, bocadillos). Fixaremos en cada etapa os lugares máis axeitados para agruparse e realizar unha parada máis longa para comer. Todos debemos respectar o máximo os horarios marcados porque a actividade é conxunta e cada un de nós depende dos demais. Por iso que debemos de adecuarnos cada un de nós ó conxunto do grupo.

Aqueles que desexen recibir a Compostela ou a acreditación de ter realizado o Camiño deberá de selar a Credencial de Pe-

regrino nalgúns dos lugares por onde pase (Na saída, final de etapa e algún punto intermedio é suficiente).

1ª etapa

05 de marzo: Ancora (Caminha-Portugal) – Mougás (Oia) 28 km.

Saída da Guarda: Explorada do CEIP A Sangriña ás 8.00 h.

Iremos ata Vila Praia de Ancora onde nos xuntaremos cos participantes de Caminha cara as 9 da mañá. Reagrupámonos en Caminha para cruzar todos xuntos no ferri, e continuar pola Guarda, O Rosal e Oia ata rematar en Mougás na zona onde se atopa o albergue.

2ª etapa

12 de marzo: Mougás - Vigo 28 km

Saída ás 9 da Sangriña, onde esperaremos a que cheguen os participantes de Caminha. Desde Mougás comezamos a camiñar cara Baiona, Nigrán polo núcleo da Ramallosa, Panxón e rematamos esta etapa na igrexa románica de Coruxo de Vigo.

3ª etapa

02 de abril: Vigo - Redondela: 23 km

Saída da Sangriña ás 8.30h. Iremos cara

Goián onde nos xuntamos cos participantes procedentes de Caminha. Iremos en

bus ata Castrelos onde comenzaremos a camiñar logo de visitar a fermosa igrexa románica. Seguimos pola senda do Lagares, cruzamos Vigo por Sárdoma, Senda da Auga, Chapela e a etapa conclúe no centro de Redondela localidade na que conflúe o Camiño Portugués da Costa e o do interior que parte de Tui.

4ª etapa

16 de abril: Redondela -

Pontevedra 21 km

Saída da Sangriña ás 8.30h. Iremos cara Goián onde nos xuntamos cos participantes procedentes de Caminha. Abandonamos pouco a pouco a ría de Vigo polo concello de Soutomaior. Cruzamos o río Verdugo pola Ponte de Sampaio e dirixímonos por varias poboacións do concello de Vilaboa e por Tomeza entramos na cidade de Pontevedra onde nos agarda o santuario da Virxe da Peregrina.

5ª etapa

23 de abril: Pontevedra - Caldas de Reis: 22 km

Saída da Sangriña ás 8.30h. Iremos cara

Goián onde nos xuntamos cos participantes procedentes de Caminha. Cruzamos Pontevedra pola ponte do Burgo cara pequenos pobos de Barro e As Portas ata cruzar o Ulla xa en Caldas de Reis onde finaliza esta etapa.

6ª etapa

07 de maio: Caldas de Reis - Padrón: 18 km

Saída da Sangriña ás 8.30h. Iremos cara Goián onde nos xuntamos cos participantes procedentes de Caminha.

Iremos cara o Concello de Valga para despedir a provincia de Pontevedra cruzando o río Ulla por Pontecesures e entrando por Padrón xa na provincia da Coruña.

7ª etapa

14 de maio: Padrón - Santiago de Compostela: 25 km

Saída da Sangriña ás 8.30h. Iremos cara Goián onde nos xuntamos cos participantes procedentes de Caminha. Polos municipios de Padrón, Teo e Ames chegamos o final da viaxe, cruzando a histórica Porta Faxeira, animada rúa do franco e por fin a Catedral de Santiago.

RESUMO ETAPAS

05 de marzo: Ancora (Caminha_Portugal) – Mougás (Oia) 28 km.

12 de marzo: Mougás (Oia) - Vigo 28 km

2 de abril: Vigo - Redondela: 23 km

16 de abril: Redondela - Pontevedra 21 km

23 de abril: Pontevedra - Caldas de Reis: 22 km

7 de maio: Caldas de Reis - Padrón: 18 km

14 de maio: Padrón - Santiago de Compostela: 25 km

Máis info e inscrición en turismo@aguarda.es ou no tel. 986614546

O prazo de inscrición pecha o venres 26 de febreiro



Última Barferencia de Inverno baixo o nome "15 pesetas por frete"

Celebrouse a última charla do ciclo "Barferencias de Inverno" organizadas polo Concello da Guarda coa colaboración da Asociación ANABAM.

Esta conferencia levou por nome "15 pesetas por frete"; falou sobre a reportaxe que se está a gravar na zona de Camposancos sobre o contrabando de diferentes produtos coma café ou azucre entre esta vila e o norte de Portugal. Para falar sobre este tema e sobre a gra-

vación contou coa presenza de Fani Alonso Tamayo.

Nesta charla, coma nas anteriores nas que se falou por exemplo da Talasonimia da Costa da Guarda, da Salina do Seixal o das escavacións no poboado de Mergelina, no Monte Santa Trega, houbo gran expectación. O obxectivo destes encontros foi presentar, e tamén achegar, aos veciños e veciñas da Guarda, parte dos secretos da historia da vila e tamén das súas xentes.

BARFERENCIAS DE INVERNO 2016

Venres 15 de Xaneiro ás 20.30 h
Bar Teófilo
"De Luis Vello a Alonso Tójar, vixeiros polos escudos de Galicia."
Roberto Manuel Meléndez

Xoves 28 de Xaneiro ás 20.30 h
Bar Benavente
"Talasonimia da costa da Guarda."
Roberto Rodríguez Álvarez

Venres 26 de Febreiro ás 20.30 h
Bar Aquilino
"15 pesetas por frete."
Fani Alonso Tamayo

ORGANIZAN

CERVEIRA

Cerveira, uma vila muito turística



Entre janeiro e dezembro de 2015, Vila Nova de Cerveira recebeu mais de 47 mil visitantes na nova Loja Interativa. A oferta de um turismo multifacetado tem despertado o interesse do turista nacional, mas também de vários pontos do mundo. Autarquia quer consolidar a dinamização do forte potencial turístico existente.

Os dados foram revelados durante a comemoração do 1º aniversário da Loja Interativa de Turismo (LIT). O ano de 2015 registou um total de 47.909 visitantes, um número muito estimulante para um concelho com cerca de nove mil habitantes. De acordo com o presidente da Câmara Mu-

nicipal, Fernando Nogueira, “estes dados constituem um incentivo para que todos os agentes turísticos continuem a trabalhar para melhorar a sua oferta. A autarquia vai continuar a fortalecer a sua notoriedade e capacidade de atrair visitantes, “para que cada vez mais turistas nos escolham como o seu destino de férias ou mini-férias”.

A beleza do património natural e a riqueza do património histórico, acrescidas de uma gastronomia extraordinária, de notáveis unidades hoteleiras, de inúmeras valências desportivas e de lazer e de uma oferta desportivo-cultural de excelência têm contribuído para a maior atratividade deste território.

Município felicita Tintex por distinção internacional

A Tintex, especialista em acabamento de malhas, instalada em Vila Nova de Cerveira, estreou-se a vencer na Ispo Munich na categoria “outerlayer”.



O Ispo Textrends Forum é uma iniciativa da Ispo Munique que distingue os produtos mais inovadores em diferentes categorias. Com oito amostras a concurso, a Tintex venceu a categoria “OuterLayer”, com um laminado com funcionalização Hydry a merecer o título de “Best Product”.

